# Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de abril de 2017

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e oito de abril de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.ª Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.ª Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez , don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 32 DE MARZO DE 2017.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de marzo de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 31 de marzo de 2017 é aprobada por unanimidade.

**2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RRHH DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2017.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de abril de 2017**

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG**: moitas grazas Sr. presidente. Bo día a todas e a todos. En congruencia co que vimos expresando en anteriores debates ao respecto deste asunto, imos votar en contra. De todos os xeitos temos unha cuestión (sería unha pregunta) se foi negociado este Plan na Mesa Xeral de Negociación coas centrais sindicais; e no caso de que non fora así a nosa observación sería si non sería máis prudente negocialo. Nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana**: hola. Nosotros aquí nos vamos a abstener porque creemos que un tema de este de recursos humanos, para nosotros solo podría pasar por un ERE. Un ERE donde se redujera el 50% de la plantilla de este organismo totalmente caduco, inútil, que no tiene sentido de existencia y donde sobra la mitad de la plantilla. Así que si alguna vez, esperemos que sea en el 2019, nosotros tenemos posibilidades de mando en esta institución promocionaremos un héroe, hay que ser un héroe para hacerlo, promocionaremos un ERE para reducir el 50% de esta plantilla; si es que existen las diputaciones, que esperemos dejen de existir tarde o temprano, porque no tienen sentido alguno más que para que chupen los de siempre.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas, moi bo día. Nós simplemente para indicar que o sentido do voto vai a ser o mesmo que foi na aprobación provisional, é dicir, vai a ser un voto en contra e polas mesmas razóns xa expostas no seu momento e que non vou reproducir agora outra vez. Moitas grazas.

**D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular**: moitas grazas, bos días a todas e a todos. Como consta no expediente, estamos ante unha aprobación definitiva do Plan de Recursos Humanos desta institución, un Plan que xa veu a Pleno e aprobouse inicialmente o pasado 25 de novembro. Houbo trinta días de exposición ao público nos que calquera grupo político puido expresar a súa opinión, presentar a súa alegación e neste prazo houbo unha alegación que se tivo en conta; alegación que foi aprobada e negociada na Mesa Xeral de Negociación o pasado 5 de abril, e que posteriormente este Plan tamén foi ditaminado favorablemente na comisión de transparencia o día 19 de abril. Moitas grazas a todos

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Resolver as alegacións formuladas contra a aprobación do Plan de Ordenación de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017:

a) Estimar a reclamación no sentido seguinte:

- Suprímese a categoría profesional de auxiliar servizos do centro de recollida de animais abandonados.

- Intégrase ao persoal da dita categoría na de auxiliar servizos, con efectos da entrada en vigor do Plan de Ordenación.

2º) Aprobar definitivamente o Plan de Ordenación de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, conforme co documento aprobado inicialmente no Pleno de 25 de novembro de 2016, coas modificacións recollidas no apartado anterior, ordenando a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial, e a súa remisión á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3º.- PROGRAMA ESPECIAL DE COOPERACIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DE OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE OURENSE (2017-2018).**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG**: grazas Sr. presidente. Este é un exemplo paradigmático do que significa a política partidaria. O que hoxe se vende como a quintaesencia da colaboración institucional, utilizouse noutros intres para torpedear ou ningunear proxectos cando noutras institucións gobernaban organizacións de distinta cor. A máxima é: *colaborar cando gobernan os meus, e pór paus nas rodas cando o fan os adversarios*. E disto temos múltiples exemplos que ilustran o que estamos a dicir. Coincidindo co goberno de coalición na Xunta (PSOE-BNG) a Deputación creou UrbaOurense para, entre outras cousas, pontear a Xestur; saíuse do accionariado de Meisa aínda que despois de anos

voltou entrar nel; co festival de cinema pasou tres cuartos do mesmo; tamén pasou coa praza de abastos, financiando un proxecto alternativo do grupo de goberno alimentando a oposición de parte dos praceiros ao mesmo, etc.. Por outra banda, o BNG xa falou no seu día ao respecto deste Plan que se trataba única e exclusivamente dun Plan electoralista onde o obxectivo dos partidos que o apoiaron no Concello eran coincidentes, aínda que os intereses distintos. Un, o PSOE, por puro interese electoral, aprobando un paquete de investimentos ás poucas semanas das eleccións consensuado unicamente cunha parte – a próxima, do tecido asociativo da cidade - e outro, o Partido Popular, para contentar á outra parte do tecido asociativo e por presión do lobby da construción. Por iso, daquela, no Concello non aprobamos esta proposta de plan de obras porque sabiamos que era un brinde ao sol, resultando inexecutable nos prazos –como se está a ver - e respondía a unha pura e simple compra de vontades e que ademais se facía a través dunha fórmula perversa como un expediente de modificación de créditos. Por certo, convén aclarar, neste caso ao portavoz do Grupo Popular, que no Pleno que se debateu a anterior proposta – Pleno no que nos tivemos que ausentar os grupos da oposición por non poder tratar aquela moción na que se pedía a reprobación do presidente ao ser investigado polos presuntos delitos de suborno e tráfico de influencias - manifestou que os Grupos da oposición votaran en contra en comisión do apoio ao Plan de Obras; non hai nada máis contundente neste caso para contradicir e desmentir esa falacia que remitirnos ao acta da comisión que di textualmente: *non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular, o voto en contra do Grupo Socialista e a abstención - reserva de voto - de Democracia Orensana e do BNG, a Comisión ditamina favorablemente a adopción por parte do Pleno do seguinte acordo...* Como se pode apreciar señor Plácido, aproveitando que naquel momento non había ningún representante da oposición, faltou vostede á verdade. Novamente, e xa é a segunda ocasión, a Deputación pretende a través deste Plan especial desbloquear 25 proxectos do Plan de investimentos, da cidade cuxo importe ascende a un pouco máis de 10 millóns de euros, cunha achega por parte desta institución de cerca de 100 mil euros cun máximo de 4.000 euros por obra. Esta fórmula – o cofinanciamento - permite que as obras que non se poderían executar neste ano poidan ampliarse ao 2018. Dende o BNG non pomos en dúbida a necesidade das obras para a cidade, do mesmo xeito que somos plenamente conscientes das múltiples necesidades que teñen os concellos que, malia o esforzo económico emprendido dende hai anos e como consecuencia da Lei de estabilidade orzamentaria que no

seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto, impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit. Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a esixencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas públicas municipais ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gastos noutros servizos públicos, sen dúbida, menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade. Remato, nós compartimos o para que pero non compartimos o por que. Compartimos o para que porque entendemos que é positivo que se fagan obras na cidade; non compartimos o por que  porque a inexecución das obras non vén derivada dunha delicada situación económica do Concello – algo que si podería ser entendible - senón da incapacidade na que o grupo de goberno da cidade está inmerso dende o inicio do actual mandato. É a parálise na que a inacción do goberno ten sumida á capital. Por iso entendemos que quen é incapaz de xestionar e de facer os deberes, non debe privilexiarse fronte a aqueles outros que teñen que facer auténticos esforzos para facelos; de aí o sentido do noso voto, que vai a ser o que mantivésemos no caso anterior, no sentido de absternos neste punto. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana**: ola, bos días a todos. Efectivamente este conxunto de obras, a necesidade de que teñan que ser cofinanciadas pola Deputación, é consecuencia dunha falta de dilixencia e dunha falta de previsión e dunha falta de capacidade xestora do grupo no goberno no Concello de Ourense; tamén é verdade que a meirande parte destas obras son necesarias. Tanto o meu compañeiro coma eu, como somos concelleiros no Concello de Ourense loxicamente, nesa condición de concelleiros, temos que facer o máximo posible polos veciños do concello; pero na nosa condición de deputados provinciais tamén temos que mirar un pouco polos concellos da provincia e por eliminar os agravios comparativos que puideran establecerse a raíz desta axuda interesada, dende o punto de vista político, porque como xa dixo o do Bloque, e ademais é bastante notable, dubidamos moito de que se gobernase outro partido no concello esta axuda burocrática ou tecnocrática tivera lugar. Loxicamente dubidámolo e parécenos que podería haber agravios comparativos, noutro momento, con outros concellos da provincia gobernados, ao mellor, por outros partidos que nun momento tiveran o mesmo problema ao mellor tamén derivado dunha falta de dilixencia, dunha falta digamos de eficacia na xestión, e que

seguramente non se lles axudaría polos motivos que diximos. Algunhas desas obras mesmo foron pedidas por nós, entón non podemos votar en contra disto, ímonos abster aínda que somos concelleiros do Concello de Ourense e estas obras sabemos da súa necesidade; tamén sabemos da falta de capacidade xestora do goberno municipal do Concello de Ourense que fixo necesaria esta *triquiñuela* burocrática de ter que cofinanciar de xeito simbólico con outra institución para poder ampliar o prazo de execución das obras. Creo que temos clara a nosa postura, absterémonos neste punto. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas. Entre os fins das deputacións están os de garantir os principios de solidariedade e equilibrios intermunicipais e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Para levar a cabo estes fins a lexislación atribúelles unha serie de competencias ás Deputacións, competencias que falan de cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios – sobre todo aos de menor capacidade económica e de xestión - e así o vai relatando unha serie de competencias recollidas na Lei de bases de réxime local, e noutra lexislación, tendo en conta as necesidades dos concellos con menos habitantes e menos capacidades. Dito isto como introdución, é obvio que entre os noventa e dous concellos da provincia de Ourense, non se atopa o de Ourense como o de menores capacidades económicas e de xestión; máis ben é todo o contrario. O concello de Ourense está a unha distancia sideral do resto dos concellos da provincia, empezando xa porque ten un réxime de financiamento diferente que o beneficia en detrimento do resto de concellos, que pode acceder directamente a determinados fondos europeos, que ten un trato privilexiado co resto de administracións, que se nota na cantidade de diñeiro que percibe vía convenios. A veciñanza de Ourense ten, pois, acceso a unha serie de servizos que para si quixeran os habitantes dos demais concellos da provincia. Por si fose pouco isto, esta Deputación - que debería axudar aos concellos máis necesitados, con menor capacidade de xestión e económica - ten un trato especial e discriminatorio co concello de Ourense; ademais de meter a Ourense no Plan provincial de obras e servizos agora vaise facer un Plan especial que case duplica o que perciben o resto de concellos no Plan de obras e servizos citado. Non lles parece que xa é suficientemente discriminatorio que a Deputación sosteña infraestruturas culturais –véxase o Teatro Principal – ou deportivas – o Paco Paz- que benefician sobre todo ao concello de Ourense? Por non falar, xa, da cantidade de diñeiro que en tributos a

Deputación lle paga ao concello de Ourense entre impostos de bens inmobles e impostos de vehículos de tracción mecánica. Non estamos en contra de que o Concello de Ourense execute as obras contempladas no programa especial que se trae para este convenio, do que si estamos en contra é do financiamento que achega a Deputación a este Plan, por consideralo moi inxusto e discriminatorio co resto dos concellos da provincia e, ao fin e ao cabo, dos seus cidadáns. Moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas señor presidente. Moi bos días a todos, deputados e deputadas, e á xente do público e aquelas que nos están vendo vía web. O 5 de abril reuniuse o Comité de Cooperación permanente da Deputación – Concello de Ourense, presidido polo presidente deste Deputación. Lembremos que este é un órgano único en España e non temos coñecemento de ningún destas características e con reunións periódicas. É sabido o papel que as deputacións teñen encomendado: asumir e garantir a eficiencia da xestión pública local, ademais de apoiar aos concellos que así llo solicitan. Como xa dixo o alcalde de Ourense, a Deputación é o auténtico vértice do desenvolvemento local, a nosa función é, sen dúbida, a de servir á cidadanía e co Programa Especial de Cooperación, que hoxe aquí propomos para a súa aprobación, cumprimos exactamente o noso cometido. Apoiar ao Concello de Ourense no cofinanciamento das obras incluídas neste Programa, fai que dende a Deputación sexamos quen de facilitar a inversión de máis de 10 millóns de euros en 25 obras no concello de Ourense; todas elas solicitadas polas asociacións veciñais da cidade. Este é o segundo programa de cooperación e temos que dicir que o primeiro, no bienio 2015-2016, foi un éxito e como exemplo podemos falar da rúa Concejo, que é unha arteria principal da cidade que utilizamos case todos aqueles que non vivimos na propia cidade. Agora, con moitos máis proxectos, sometemos a aprobación estas 25 obras para o bienio 2017 - 2018. A Deputación ten que estar apoiando á cidade, ten que apoiar este Plan de obras porque, de non ser así, non se podería executar. Que quede claro, non se podería executar. A Deputación é quen debe desbloquear unha situación non producida nin polo alcalde de Ourense, nin pola propia Deputación. Acordos de cofinanciamento deste tipo téñense feito nas outras deputacións e isto quere dicir que vostedes teñen un discurso – isto vai polo señor Rodríguez Suárez - teñen un discurso se gobernan e outro si están na oposición; evidentemente na cidade xa non din nada, xa non poden *nin arre nin xo*. Voulles a lembrar as obras integradas neste Plan e vou a intentar ser breve:

acondicionamento viario Ceboliño-Urbanización Monterrei, Urbanización rúa Antolín Losada Torvisco e prolongación rúa Bieito Amado (Rairo), rehabilitación de firmes en Covadonga, Júpiter e outras, Urbanización rúa Milladoiro, acondicionamento de rúa Vasco Díaz Tanco, rúa da Rabaza, rúa Salto do Can e rúa Carballo, rúa Casagrande e rúa da Fonte e rúa da Mirta, rúa da Rábeda as Curuxeiras, urbanización da zona de aparcamento tras polideportivo de Oira, acondicionamento e rúa Santa Mariña (como ven moitas son no perímetro rural da propia cidade de Ourense); acondicionamento do vial que une Pradobó e O Pereiro, acondicionamento da rúa Vía Vella, renovación do pavimento, firme e saneamento na rúa Ribeira de Canedo; urbanización da rúa Boavista e rúa do Sol (Eiroás); instalación de elevador na Cruz Alta; instalación de elevador na rúa Avilés de Taramancos; acondicionamento de espazos urbanos na cidade de Ourense; sostén de noiro na rúa Sánchez de Arteaga e rúa Arnoia; acondicionamento traseiras de Roi Paez; instalación depuradora fosa séptica no núcleo de Calvelos (Santa Cruz de Arrabaldo); retirada de fosa séptica da praza das Fontes e acometida coa rede xeral de Rairo; eliminación do punto de vertido no regato do Chis, rúa da Marquesa (Rairo) e proyecto de rehabilitación do parque da Alameda do Cruceiro. Por todo isto, non lles agradezo a ninguén que voten a favor, pero polo menos que si se absteñan, porque polo menos deixan facer. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG**: grazas Sr. presidente. Simplemente comentar ao fío da obra que nos propoñía o portavoz do Grupo Popular como exemplo do anterior Plan, que é a rúa Concejo, efectivamente é unha obra do que é un exemplo paradigmático do que é unha obra ben executada, ben planificada, ben pensada, etc, etc...e que eu creo que nos da a razón. Unha obra que tivo que ser modificada porque unha vez que estaba en funcionamento impedía o paso dos autobuses e o paso das ambulancias do centro de saúde que está alí na propia rúa; pois efectivamente, un exemplo paradigmático de como se xestionan e como se executan as obras no Concello. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas. Nós non estamos en contra das obras e, desde logo, co noso voto en contra vai saír adiante porque teñen vostedes maioría folgada para elo. Pero o que queremos deixar claro é que si o Concello de Ourense se atopa con dificultades para aprobar o seu orzamento, terán que solucionalo os representantes dos cidadáns no Concello de Ourense, a Deputación o que non pode é converterse no Concello de Ourense *bis*, non é ese o seu cometido nin a súa función, nin

debería ser esa a súa prioridade mentes vemos como hai moitas necesidades no resto da provincia e vemos como unha provincia se desangra. Polo que fala das outras deputacións, eu entendo que as mencione e que se pretenda comparar con elas, pero eu solo vou facer dúas consideracións ao respecto, porque poden vir más adiante máis comparacións con outras deputacións; se nos comparamos, comparémonos no bo, iso a primeira, e a segunda, tampouco me vou a ocupar moito das outras deputacións porque eu son representante nesta e esta é a miña preocupación, e non as outras. Moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas señor presidente. Tremendo argumento me acaba de dicir señor Rodríguez Suárez, que as raias se pintaron mal ou non collían os coches. Tremendo, claro por iso esta mal feito no? Válgame Dios!. Un plan electoralista, explíquello vostede a todos os que a usamos; así lles vai, incluído á cidade na que vostedes nin sequera teñen representación. Os veciños da cidade teñen dereito a que, polo menos cos medios necesarios, lle desbloqueemos este proxectos que son bastante necesarios. Moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 3

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Cooperación ás obras e servizos do Concello de Ourense (2017-2018), co seguinte contido:**

**1º) Obxecto.**

Constitúe o obxecto do presente Plan Especial de Cooperación ás Obras e Servizos do concello de Ourense (2017-2018) articular a cooperación e asistencia económica deste Deputación ás obras, todas elas de competencia municipal, promovidas polo concello que de seguido se detallan:

| N.º | OBRA | ORZAMENTO |
|---|---|---|
| 1 | Acondicionamento do viario dende Ceboliño á Urbanización Monterrey | 156.426,43 € |
| 2 | Urbanización Rúa Antolín Losada Trovisco e prolongación Rúa Bieito Amado - Rairo | 727.716,60 € |
| 3 | Rehabilitación de firmes e beirarrúas en varias rúas: de Covadonga, Júpiter e outras. | 855.222,50 € |
| 4 | Urbanización rúa Miradoiro, e primeiro tramo camiño da Lebre | 280.000,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| 5 | Acondicionamento rúa Vasco Díaz Tanco | 453.843,26 € |
| 6 | Acondicionamento rúa da Rabaza | 254.001,08 € |
| 7 | Acondicionamento de rúa Salto do Can e rúa Carballo | 1.069.805,60 € |
| 8 | Acondicionamento de viarios rúa Casa Grande, rúa da Fonte e rúa da Mirta | 347.271,65 € |
| 9 | Construción de beirarrúa e arranxo do viario rúa da Rábeda – As Curuxeiras | 248.792,00 € |
| 10 | Urbanización da zona de aparcamento tras polideportivo de Oira | 233.242,50 € |
| 11 | Acondicionamento rúa (Baixada á Igrexa) e camiño das Fontes – Santa Mariña | 147.720,25 € |
| 12 | Ampliación e acondicionamento do viario que une Pradobó e O Pereiro | 672.711,25 € |
| 13 | Acondicionamento da rúa Vía Vella | 299.483,37 € |
| 14 | Renovación do pavimento firme e rede de sumidoiros na rúa Ribeira de Canedo | 285.000,00 € |
| 15 | Humanización de rúa Boa Vista e rúa do Sol – Eiroás | 757.727,14 € |
| 16 | Instalación elevador na Cruz Alta | 932.000,00 € |
| 17 | Instalación de elevador na rúa Avilés de Taramancos (Á altura da ponte de Ervedelo) | 150.000,00 € |
| 18 | Acondicionamento de espazos urbanos na cidade de Ourense, rúa Vázquez Núñez | 392.000,00 € |
| 19 | Sostén de noiro na rúa Sánchez de Arteaga e rúa Arnoia | 273.000,00 € |
| 20 | Acondicionamento traseiras Roi Páez | 200.000,00 € |
| 21 | Mellora de accesibilidade en rúa Arias Páez e zona de influencia | 200.000,00 € |
| 22 | Instalación depuradora/fosa séptica no núcleo de Calvelos-Santa Cruz de Arrabaldo | 131.400,00 € |
| 23 | Retirada de fosa séptica da praza das Fontes e acometida coa rede xeral de Rairo | 317.550,00 € |
| 24 | Eliminación de punto de vertido no regato do Chis – Rúa da Marquesa - Rairo | 186.150,00 € |
| 25 | Proxecto de rehabilitación do parque Alameda do Cruceiro. Mellora e adaptación do parque infantil da Alameda do Cruceiro. | 701.887,14 € |

**2º) Cadro de financiamento.**

**1.** O Plan cofinanciarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense. A achega da Deputación Provincial para o total do Plan será de 100.000,00 € (4.000,00 € para cada unha das indicadas), imputándose á aplicación orzamentaria 166.11/650.01 do orzamento xeral.
**2.** No caso de remanentes como consecuencia de posibles baixas na adxudicación do/s contrato/s respecto do/s tipo/s de licitación, os referidos importes detraeranse da achega municipal ao presente Plan. Igualmente serán por conta do Concello ás variacións do/s prezo/s do/s contrato/s como consecuencia de eventuais modificacións destes.

**3º) Tramitación do Plan.**

**1.** Na súa tramitación incluirase un prazo de información pública por de dez (10) días hábiles, de conformidade co previsto no *artigo 10.2 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).*
Unha vez aprobado o plan polo Pleno da Deputación, a Presidencia fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.
**2.** As modificacións relativas ás obras municipais que teñan que tramitarse a instancias do Concello de Ourense logo da aprobación definitiva do plan (tales como modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial.

**4º) Execución do Plan.**

**1.** A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, corresponderalle ao Concello de Ourense mediante a contratación das ditas obras a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público, todo isto sen prexuízo de que se poidan adoptar fórmulas de delegación, encomenda ou asistencia para as referidas contratacións.
En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo ao presente programa.
**2.** As obras incluídas no plan deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2017; non obstante o anterior, e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo dun ano a contar desde a data da súa adxudicación.
**3.** A contratación dos servizos ou a designación dos técnicos que desempeñen as tarefas de redacción de proxectos, dirección facultativa ou a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase polo concello.
**4**. Será obriga do Concello de Ourense instalar un cartel indicador en cada unha das obras onde conste o cofinanciamento da Deputación de Ourense.

**5º) Execución e xustificación das obras.**

**1.** O concello será o responsable da execución das obras, o que inclúe a súa contratación, dirección, execución e seguimento. A Deputación de Ourense unicamente asume a obriga de cofinanciar as obras solicitadas.
**2.** Para a xustificación da execución do Programa, o Concello deberá achegarlle, dentro do mes seguinte ao prazo de remate de execución das obras, á Deputación a seguinte documentación, en orixinal ou copia cotexada, para cada unha das obras incluídas no Programa de cooperación:
- Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do Concello, no que se fagan constar os seguintes extremos:
a) Relación de contratos formalizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto, importe e contratista, e que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención
b) Contía do gasto que foi obxecto de recoñecemento da obrigación.
- Declaración do importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos de obra subvencionados.
- Certificación da conta corrente do Concello para a realización do pagamento da subvención.
- Fotografías do estado final das obras e do cartel das obras onde se indique o cofinanciamento por esta Deputación.
**3.** Unha vez recibida a documentación antedita para cada unha das obras, a Deputación de Ourense, procederá á súa tramitación, correspondéndolle a instrución ao Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio. No caso de que a citada documentación estivese incompleta ou incorrecta, requiriráselle ao Concello de Ourense, para a súa emenda. De estimarse completa e correcta, evacuarase informe favorable remitíndoselle o expediente de xustificación á intervención provincial para a súa fiscalización e pagamento, se procedese.

**6ª) Obrigas do beneficiario:**

Con carácter xeral, o concello beneficiario asumirá todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

**7º) Réxime xurídico.**

O presente Plan provincial de cooperación apróbase ao abeiro do sinalado no *artigo 10 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense*, regulándose no que non estea previsto, pola antedita Ordenanza e pola normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**2º.- Someter o plan a información pública por prazo de dez (10) días hábiles mediante anuncio no BOP. De formularse alegacións, serán resoltas polo Pleno. Se non se formulan alegacións o Plan considerarase definitivamente aprobado, publicándose integramente no BOP.**

4º.- **MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O MANTEMENTO DA SITUACIÓN ACTUAL DOS REXISTROS CIVÍS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** grazas presidente. Bos días a todas e a todos. Moción para mantemento da situación actual dos rexistros civís. O 30 de xuño de 2017 finaliza a prórroga da *vacatio legis* da Lei 20/2011 de 21 de xullo de rexistros civís que, deste modo, entrará en vigor seis anos despois da súa aprobación. Durante este prazo o Ministerio de Xustiza debía adaptar o Rexistro Civil a un novo escenario, dado o alcance do cambio que supoñía a citada Lei. O pasado 7 de febreiro de 201, reuniuse unha mesa sectorial na que, por parte do Ministerio, se fixaron os eixes sobre os que vai a pivotar a reforma da Lei, e deu traslado do texto, aos sindicatos, coas modificacións necesarias para que entre en vigor o vindeiro 30 de xuño; é dicir, dentro de nada. Segundo o que puidemos saber, o sindicato UGT-UXT, nesa reunión, xa manifestou que existía unha contraposición entre o eixo número 9, definido polo Director Xeral, respecto do mantemento dos xulgados de paz e a nova redacción que se lle ía dar á disposición transitoria oitava, que facultaba ás Comunidades Autónomas, en función das súas posibilidades organizativas, técnicas e orzamentarias, no desenvolvemento

territorial organizativo e unha vez que se desenvolvese o programa informático. Porén, as aplicacións informáticas que se están a desenvolver non poden valer como escusa para afastar o servizo que os Rexistros Civís prestan á cidadanía e que, ademais, se perdan postos de traballo de persoal especializado en materia de rexistro civil. Enriba de non ter en conta a idiosincrasia do noso territorio – e de outros - tanto no que se refire a Galicia como, en específico, á provincia de Ourense, debido á dispersión xeográfica, á media de idade e á fenda dixital existente. A supresión das competencias do Rexistro Civil dos Xulgados de Paz na nosa provincia afecta ao 47% da poboación da mesma e a 84 concellos. Na espiral de recortes e perda de servizos non se pode empregar continuamente o argumento dunha maior eficiencia ou maior optimización que, todo dito sexa de paso, responde a uns datos inxustificados, sen contrastar e sen estaren acompañados de memoria económica algunha e que, en realidade, obedecen ó seguinte: un aforro económico a costa sempre dos mesmos, os administrados; xustificar a redución na inversión en xustiza e afastar a xustiza dos cidadáns. Neste mesmo sentido, o Grupo Provincial Socialista, de acordo coa argumentación exposta e, tendo en conta que se está producindo unha modificación da Lei, propón a adopción dos seguintes acordos:

*1º) Instar á Xunta de Galicia para que demande do goberno central o mantemento do servizo de Rexistro Civil que ten que seguir sendo un servizo público único, estatal, gratuíto e servido por funcionarios da Administración de Xustiza, manténdose todas e cada unha das oficinas existentes na actualidade, é dicir coa mesma implantación territorial, incluídas, por suposto, as dos Xulgados de Paz e Agrupacións de Secretarías, cunha xestión directa do mesmo, sen intermediarios, e de forma próxima ao cidadán.*

*2º) Instar ó Goberno central a que axilice, así mesmo, con carácter urxente a reversión ó ámbito dos Rexistros Civís, de forma exclusiva e nos seus respectivos ámbitos territoriais, das competencias entregadas hoxe a rexistradores e notarios sobre os expedientes de nacionalidade, expedientes matrimoniais. A modernización do Rexistro Civil, co desenvolvemento dunha nova Plataforma Informática de Acceso, para cidadáns, organismos e administracións, non pode supoñer nin a destrución de oficinas de rexistro nin a dos postos de traballo asociados ás mesmas, nin por suposto contribuír ó declive das zonas rurais, polo avellentamento da súa poboación e a fenda tecnolóxica que padecen (o mundo rural supón o 90% do territorio nacional).*

*3º) Dar traslado deste acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, ó Goberno Central e ó Ministerio de Xustiza.*

Esperamos contar co súa aprobación. De momento nada máis.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG,** moitas grazas señor presidente. As protestas polos plans do Goberno de Mariano Rajoy para privatizar o Rexistro Civil, traspasando as súas funcións aos rexistradores da propiedade, forzaron en 2015 a paralización da reforma destes organismos públicos creados en 1870. Agora, de novo á fronte do Executivo pero sen maioría absoluta, o Partido Popular volve tentar privatizar este servizo público cuns cambios legais que entrarán en vigor en parte o próximo 30 de xuño, como xa se dixo. A súa proposta mantén o peche masivo de oficinas pola informatización dos trámites e suscita que á fronte dos rexistros civís xa non estea nin un xuíz nin tampouco un rexistrador da propiedade, senón un letrado da Administración de Xustiza. Si actualmente no Estado funcionan máis de 8.000 rexistros civís (431 en Xulgados de Primeira Instancia e 7.667 en Xulgados de Paz), coa reforma do Goberno a lei só garantiría unha oficina por cada comunidade autónoma, coa excepción de Canarias e Baleares, que contarían cunha por illa. Si o Ministerio de Xustiza e os gobernos autonómicos así o consideran, o borrador de reforma da Lei 20/2011 permite crear outra Oficina Xeral do Rexistro Civil por cada 500.000 habitantes, un límite que só se poderá pasar *por razón da singular distribución da poboación ou polas características do territorio*. A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz, ao figurar que a potestade xurisdicional exercerase *con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia*. Os xulgados de paz xogan un papel moi importante no achegamento da administración de xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lles evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, ou a celebración de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desaparecer estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están ubicados en determinadas cabeceiras de comarca e nas cidades. No que atinxe á modificación dos

Rexistros Civís, non só se aborda a súa eliminación, senón que ademais se lle encomenda a súa competencia aos Rexistradores da Propiedade. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto pasará a ser de pago. Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisen expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, que á súa vez son imprescindíbeis para cobrar pensións, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Xa que logo, é evidente, que as pretendidas reformas, non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a determinados funcionarios públicos por un servizo que debe ser gratuíto, alén de ir na dirección contraria á modernización da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil. O Goberno central continúa coa privatización dos rexistros civís con nocturnidade e aleivosía dando outro machadazo á xustiza tras publicar no BOE una encomenda pola que pagará outros 2 millóns de euros - xa no seu día se aprobou outra por valor de 4 millóns - aos rexistradores da propiedade para tramitar os expedientes de nacionalidade do primeiro semestre de 2015. A resolución argumenta que persisten as causas excepcionais provocadas pola escaseza de medios técnicos e humanos do ministerio, causas que son consecuencia da absoluta falla de vontade amosada polo Goberno para dotar de infraestruturas e medios ao rexistro. Esta situación será absolutamente gravosa para os petos dos cidadáns, ademais de supor un risco para a protección dos datos de carácter persoal. Por todo o exposto, o noso Grupo, vai a votar favorablemente á moción do Grupo Socialista e expresa o seu rotundo rexeitamento á proposta do Ministerio de Xustiza relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade das funcións dos Rexistros Civís e pídelle tamén ao grupo de goberno que se opoña e que demande do Goberno Central o mantemento, así como a que se garanta a gratuidade dos servizos que prestan os Rexistros Civís. Nada máis, moitas grazas.

**D. Juan Antonio Anta Rodríguez, do Grupo do Partido Popular,** moitas grazas, presidente, bos días a todas e a todos, a todas as persoas que nos acompañan e aquelas que nos seguen pola páxina web. Voulle facer caso ao portavoz do Bloque Nacionalista Galego e vamos a votar a favor. Pero vamos a votar a favor non dende esa visón catastrófica que acaban de expor todos, parece que xa está aprobada a Lei. Temos que ir ao punto de partida para entender todo isto. Primeiro, é unha Lei do ano 2011. Segundo, é unha Lei incluso proposta polo Partido Socialista, que conseguiu a maioría de toda a cámara para aprobala. Terceiro,

despois de dúas reformas que se intentaron – non se fixo ningunha – o único que se fixo foi unha prórroga ata o día de hoxe, non se fixo nada máis. É dicir, eu non escoitei ao ministro, todo o contrario, o ministro dixo que ía seguir sendo gratuíto, público, único; foi o que se dixo en decembro. Reuniuse unha mesa sectorial, incluso na propia moción se pon, vostedes trasladan á moción o que se trasladou desde os sindicatos, practicamente idéntico, a esa mesa sectorial, copiaron máis ou menos o que dixo Comisións, se non lembro mal, ou UXT, Comisións dixo practicamente o mesmo, propuxeron as dúas para negociar; pero ninguén – nin o propio ministro – dixo que ían a facer esa reforma sen ningún tipo de consenso. Nós estamos de acordo en que o rexistro siga sendo público, nós estamos de acordo en que siga sendo gratuíto, nós estamos de acordo en que siga sendo único, nós estamos de acordo en non perder ningún posto de traballo en todo isto; pero tamén estamos de acordo en que o rexistro é do ano 54, se non me lembro mal, de 1954, polo tanto debemos modernizalo, as novas tecnoloxías así o esixen. Entón, non podemos dar as costas a todas esas novas tecnoloxías que nos permiten dar un mellor servizo para chegar a todos os cidadáns. O rural evidentemente, o cal defendemos todos, ten que precisar desas modernidades ou da informática, sobre todo, para darlle un servizo a todo o mundo. Pol tanto, imos a votar a favor facéndolle caso á proposta do portavoz do Bloque Nacionalista Galego, pero con todos os argumentos tendo en conta que o catastrofismo que vós sempre manifestades, aínda neste caso non é necesario porque aínda están negociando nesas mesas sectoriais. Moitas grazas.

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** grazas presidente. En principio agradecerlle o seu apoio, o apoio do seu grupo; pero dicir que están negociando, imos ver. A Lei efectivamente é do ano 2011, unha Lei socialista, tempo tiveron – estamos no 17- para negociar cos distintos membros desas mesas sectoriais para poñer en marcha o que si é necesario: unha informatización, unha plataforma única, porque a día de hoxe as comunidades manteñen diversas plataformas, valga a redundancia, na forma de traballar. Polo tanto, baixo a premisa do aforro non se pode agochar que, dende os despachos de Madrid se estea afastando da cidadanía outro servizo máis. Por un lado din que en Galicia vostedes queren fixar poboación, así o manifestaba o señor presidente nos Peares cando estaba en campaña electoral o ano pasado dicindo que apostaba polo rural e por seguir mantendo poboación. Seguir mantendo poboación no rural, no noso rural, na provincia de Ourense significa non afastar servizos e sobre todo non entregarlle, como dicía ben o portavoz do BNG, eses servizos a

entidades privadas como son os rexistradores e os notarios.  Os notarios a día de hoxe – e os rexistradores - teñen competencia para actos rexistrais como os expedientes de matrimonio e de nacionalidade, e cónstanos que moitas veces están mal tramitados e aos ter que resolver a Dirección Xeral, resulta que os devolven aos Rexistros Civís con eivas que moitas veces tardan anos en solucionarse; polo tanto, non debemos poñer atrancos ao cidadán e sobre todo debemos manter os servizos que prestan os Rexistros Civís cerca do cidadán, é dicir, nos Xulgados de Paz que vostedes saben tamén o servizo que prestan no seu concello – porque todos son alcaldes, ou a maioría, de concellos pequenos – e saben o que significa buscar calquera papel ou solicitar calquera papel e ter que desprazarse, sobre todo xente que non ten medio de transporte habitual nin próximo. Polo tanto, agradecemos o apoio a esta moción, e dicir que falta de vontade política houbo, por parte do Ministerio, cando nestes anos non se chegou de momento a ningún acordo e a situación está na que está e terán que volver a tramitar unha nova prórroga para que Lei entre completamente en vigor. De momento, nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG,** moi brevemente, en primeiro lugar congratularme de que, neste caso, o Partido Popular -o portavoz do Partido Popular- si sexa receptivo ás nosas peticións. Dicir que cando fala de catastrofismo, nós non entendemos catastrofismo como tal, entendemos que estamos diante dun proxecto que nós advertimos que vai a ser ou podería ser moi prexudicial e o único que estamos en tempo, en forma e cando aínda hai posibilidades de que iso cambie, a advertir das consecuencias que nós pensamos que son negativas coa intención de palialas. Despois, o tema da informatización dende logo non pode ser unha escusa para pechar os rexistros porque xa o temos advertido en máis cuestións; os servizos teñen que estar próximos aos cidadáns, sobre todo nunha provincia coma a nosa, cunha dispersión no rural moi notable, e ao final este tipo de servizos son importantes, xa no só polo propio servizo en si que é practicamente fundamental, senón porque, situados nas cabeceiras das comarcas – como está agora mesmo - xeran ao redor deles unha actividade comercial, unha actividade nas propias comarcas que, coa desaparición e coa merma ou co peche de todos os servizos da Administración, nós pensamos si tería unha influencia clara na propia economía das comarcas, na propia economía das vilas grandes das nosas cidades que teñen este servizo; e, como digo, xeran unha economía ao redor deste fluxo de persoas que acoden ás vilas para xestionar cousas relacionadas, neste caso, cos rexistros civís, etc...e que

xeran unha economía que si desaparecen, dende logo, vai a desaparecer con ela. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana,** Democracia Orensana va a votar a favor de esta iniciativa. Todo lo que sea dinero, que tenga que ver con dinero del Estado, con lo discriminada que está la provincia de Orense, no vamos a decir que se quiten ciertos servicios que pueden ayudar a que haya más actividad y a que, por otro lado, más actividad, más vida, pueda haber más dinero y todo eso. Sin embargo, aunque vamos a votar a favor y todo eso, porque creemos que Orense es una tierra discriminada y no queremos que se desmantele ningún servicio que esté dando vida y en consecuencia todo lo que lleve con ello, no queremos caer aquí en los tópicos en que está cayendo todo el mundo. Es como, por ejemplo, el tópico del pequeño comercio. Todo el mundo decía: *es que hay que ayudar al pequeño comercio* y al final todo el mundo va a comprar fuera. Yo soy una persona del pequeño comercio y al final la gente, muchos de los políticos que dicen eso, acaban comprando fuera y pasan del pequeño comercio y ni caso; y luego a quien le dan ayudas reales es a las grandes superficies concediéndoles grandes áreas, como es por ejemplo el pelotazo de la finca Santa Mariña, que hizo esta casa, la Diputación, con la instalación que quiere hacer El Corte Inglés. Yo no estoy en contra de que venga El Corte Inglés, pero si quiere venir que lo haga pagando como todo el mundo, como todos los pequeños comerciantes, no bajo palio, como vienen a hacer eso. Entonces, hay ciertos tópicos que no sirven de nada. Otro tópico que tiene que ver con esta iniciativa es lo de *fixar poboación no rural*, todo el mundo lo dice: *hai que fixar poboación no rural*, bueno, pois empeza por fixarte ti. ¿Qué es eso de fixar poboación no rural?, vamos a ver, el mundo evolucionó; entonces, una cosa es explotar el rural, primero, hay un *status quo* actual con el rural, entonces hay una cantidad de gente que vive en el rural, miles de personas, y tenemos que ayudarlas a que su vida, obviamente, allí sea lo mejor posible con los servicios; otra cosa es pensar en el futuro y que en el futuro el rural debiera estar como estuvo, no, el rural non debe estar como estuvo en el pasado ¿por qué? ¿quién quiere criar unos hijos en el rural con otra familia allí? Los niños y los jóvenes quieren estar donde haya realmente un mínimo de población. Nosotros creemos que un mínimo de población debe estar en una ciudad como es Ourense, o en las villas, ahora, ¿tiene realmente futuro imaginarnos en el 2030 digamos de onde son eu, alí de Parada do Sil, da parroquia de Forcas e do pobo de Senra, fixar poboación no rural?, si hasta viñeron un

monxes de Barcelona a facer alí terapia e tiveron que marchar porque nin eles aguantaban! Debemos ser realistas, hay una serie de activiades mínimas de la sociedad y hoy en día el rural no es el futuro. Entonces, yo quiero romper un poco ese tópico ¿que es lo políticamente correcto?, lo políticamente correcto es decir hai que fixar poboación no rural, pues no, habrá que cuidar el rural tal cono está porque hay miles de personas viviendo, pero el futuro no es el rural. Otra cosa es explotar el rural que, como decía el otro día el embajador de Israel que vino a Ourense, dijo, venía en el avión y se ve claramente la diferencia cuando llegas a Galicia, vamos vino a decir: *si llegamos a tener en Israel nosotros la tierra que tenéis vosotros aquí, hacemos maravillas*. Lo mismo le dijo a Armando Ojea el colectivo de Senegal, también le dijeron: *si pillamos nosotros en Senegal la tierra fértil que tenéis vosotros en Galicia, Senegal no sería un país pobre*. Entonces, una cosa es explotar el rural y otra es fijar población en el rural, que eso es un tópico y los que más lo dicen non viven alí no rural.

**D. Juan Antonio Anta Rodríguez, do Grupo do Partido Popular,** moitas grazas, presidente. Despois referireime a iso de que o rural non ten futuro, de que os nenos non teñen que estar no rural, todo iso, despois voullo explicar, tranquilo despois xa llo explico. Non sei que fai aquí, non o entendo.  Sobre isto, eu estou de acordo co que falábamos, é dicir, ten que ser público, ten que ser gratuíto, ten que dar un servizo a todos , o portavoz do Bloque sabe que eu solo usalo moito. Da un servizo a toda á cidadanía, é dicir, nese rural no que Jácome non cre, fai falta ese servizo indispensablemente porque alí soen nacer nenos tamén , aínda que pareza incrible, e rexístranse incluso no Rexistro Civil, aínda que pareza algo doutro planeta, faise alí, nos Xulgados de Paz que antes refería. Ese servizo que imos manter, non entendo que defendas que o rural non ten futuro e que votes a favor, é unha incongruencia absoluta. Se non precisas rapaces, imaxino que de paso que veñen xogar á cidade, pódense rexistrar na cidade, fano todo e pechamos a oficina, por simple coherencia. Evidentemente imos manter o voto a favor porque cremos que é un servizo moi útil, e seguimos pensando que o rural ten futuro. Seguimos pensando en que hai que propor alternativas para que se fixe poboación, intentar crear emprego, intentar facer unha vivenda máis barata, intentar facer todo para o que estamos aquí, se non cremos nisto é mellor que non veñamos aquí a facer nada. Moitas grazas e bos días

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** grazas presidente. Visións totalmente contrapostas do que significa o poboamento que cada un decide no seu momento

ou cando realiza o seu proxecto de vida. Eu invitaría ao señor Jácome a que lera un pouco de permacultura e do que significa vivir no rural e por que algunhas persoas deciden libremente optar por esa fórmula de vida. Iso non ten que estar rifado con ter servizos preto do cidadán, nin ter servizos de informática, nin de plataformas dixitais que nos acerquen a este tipo de administración que se quere implantar a nivel estatal. Polo que respecta ao portavoz do Grupo Popular, dicirlle que a oposición non sempre fala de catastrofismo por gusto, nada máis afastado da realidade. O que pasa é que os datos e as cifras ás veces son tozudas e cando revisamos os datos do INE o que arroxan é que esta provincia se está despoboando, ao igual que o resto de España, pero que a nós o despoboamento aféctanos moito máis. Polo tanto, afastar servizos significa un ataque ao municipalismo, significa un ataque ao rural, polo tanto alégrame que defendan vostedes connosco esta moción. De momento nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 4

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos membros corporativos (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia para que demande do goberno central o mantemento do servizo de Rexistro Civil que ten que seguir sendo un servizo público único, estatal, gratuíto e servizo polos funcionarios da Administración de Xustiza, manténdose todas e cada unha das oficinas existentes na actualidade, é dicir, coa mesma implantación territorial, incluídas, por suposto, as dos Xulgados de Paz (e agrupacións de secretarías), cunha xestión directa deste, sen intermediarios, e de forma próxima ao cidadán.

2º.- Instar ao goberno central para que axilice, así mesmo, con carácter urxente, a reversión ao ámbito dos RC, de forma exclusiva e nos seus respectivos ámbitos territoriais, das competencias entregadas a rexistradores e notarios sobre os expedientes de nacionalidade, expedientes matrimoniais, etcétera. A modernización dos RC, co desenvolvemento dunha nova plataforma informática de acceso, para cidadáns, organismos e administracións, non pode supoñer nin a destrución de oficinas de rexistro nin a dos postos de traballo asociados a elas, nin por suposto contribuír ao declive das zonas rurais, polo avellentamento da súa poboación e a fenda tecnolóxica que padecen (o mundo rural supón o 90% do territorio nacional).

3º.- Darlles traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia, ao Goberno Central e ao Ministerio de Xustiza.

**5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE TRASMIRAS, RELATIVAS ÁS FACULTADES QUE OS CONCELLOS TEÑEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DE GASTOS DERIVADOS DE EXECUCIÓNS FORZOSAS DE ACTOS ADMINISTRATIVOS.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencia efectuada polo Concello de Trasmiras a favor da Deputación Provincial, mediante acordo do Pleno do 24 de febreiro de 2017, das facultades de xestión de cobro en período voluntario e recadación executiva de gastos derivados de execución forzosa de actos administrativos do Concello.

En virtude desta delegación, a Deputación xestionará o cobro en voluntaria dos ditos gastos, aprobando as liquidacións correspondentes, procedendo ao seu cobro en vía executiva no caso de impago.

Para o exercicio das funcións delegadas, o Concello deberá remitirlle á Deputación unha certificación na que se relacionen os gastos derivados da execución forzosa. En caso de ser necesario, a Deputación poderá requirir a remisión de copia do expediente municipal correspondente.

A Deputación ditará e notificará os actos administrativos de liquidación conforme coa certificación municipal e cantos actos administrativos sexan necesarios para a xestión do procedemento de recadación executiva, incluíndo a resolución de solicitudes de aprazamento e fraccionamento e dos recursos que se poidan interpoñer.

A Deputación percibirá polo exercicio das funcións delegadas as taxas previstas na vixente ordenanza fiscal provincial. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita

liquidación na forma prevista no artigo 9 da ordenanza fiscal.

A presente delegación estará vixente de forma indefinida, sendo revogable por acordo do Concello, que deberá comunicárselle á Deputación cunha antelación non inferior a 6 meses.

**6º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE TEN O CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS PARA A RECADACIÓN DE MULTAS COERCITIVAS E CUSTAS XUDICIAIS.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial do exercicio das competencias do Concello de Vilamartín de Valdeorras en materia de xestión do cobro en período executivo das multas coercitivas e custas xudiciais.

Para o exercicio das ditas competencias o Concello deberá remitirlle á Deputación Provincial certificado de descuberto das débedas de que se trate.

A Deputación Provincial procederá a iniciar o procedemento de recadación executiva.

Corresponderalle á Deputación Provincial ditar a totalidade de actos administrativos do procedemento executivo, incluíndo a resolución dos recursos contra os ditos actos.

A presente delegación terá carácter indefinido ata a súa revogación polo Concello de Vilamartín de Valdeorras.

**7º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE BOBORÁS, PARA A RECADACIÓN EXECUTIVA DA TAXA POLO ABASTECEMENTO, DEPURACIÓN, SANEAMENTO E DEMAIS CONCEPTOS DO CICLO DA AUGA**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Boborás ten atribuídas en materia de recadación executiva da taxa polo abastecemento, depuración, saneamento e demais conceptos do ciclo da auga (agás o canon da auga que será xestionado por Augas de Galicia) ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2(2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do 30 de marzo de 2017. A dita delegación rexerase polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

**8º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2017 DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACION DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA O EXERCICIO 2017.-**

A Sra. interventora expón brevemente en que consiste esta modificación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Imos a votar en contra, pero temos unha cuestión: como é posible que tras adxudicarse o contrato dos bombeiros a VEICAR, nada máis e nada menos que por 17 millóns e pico de euros máis IVE, xa haxa que facer modificacións para mercar material destinado a VEICAR, non se contemplaba isto no contrato? ou é que resulta que para adxudicarllo puxéronse unhas condicións inasumibles para as demais empresas, sabendo que logo tería estes beneficios extra? Nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana:** moi breve, ímonos abster. O único que nos chama a atención un pouco é o feito de que se faga unha concesión antes de mercar un vehículo de bombeiros. Pareceríanos que o proceso sería o inverso, primeiro ter os vehículos e despois facer as concesións. Nada, absterémonos neste punto. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moi breve, só para indicar que imos a votar que non, non en tanto en canto á modificación orzamentaria en si, senón en canto ao que vimos mantendo da aposta por un servizo público e directo deste consorcio. Consonte con iso, imos votar que non. Moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas señor presidente. Eu, a pesar de que ás veces estou aquí co móbil, eu escoito á señora interventora cando fala. Señor Rodríguez Suárez, eu non sei si é mellor que poña o vídeo e a escoite outra vez, porque, válgame Dios! O que acaba de dicir vostede. Non lle pediu permiso, ou non o tiña escrito, non o entendo. Acaba de dicir a señora interventora que eran facturas herdadas dos antigos consorcios comarcais e son para o funcionamento normal. Se vostede as quere, podémosllas pasar. Quen falou de material? Válgame Dios!. Señor Armando Ojea, non me adoito dirixir ao seu grupo, non dou crédito ao que pode estar dicindo. Vostede está dicindo – vouno tentar entender - que facemos unha modificación para comprar un material, dixo iso? Imos ver, aquí o que se fixo foi unha modificación para pagar un coche-escaleira que se fixo a compra xa este ano e fíxose no Consorcio Comarcal da Limia. O Consorcio Comarcal da Limia debía pagar a parte proporcional que lle correspondía á Deputación desa escaleira, e iso é o que se fixo aquí, nada máis. O señor Rodríguez Suárez fala de material, pim-pam, non o entendo. O que si lles pido, ou o que si lles propoño, é cando teñan calquera dúbida, chamen e mándaselles toda a documentación que queiran; antes de chegar aquí e facernos, con desculpas, perder o tempo. Pero bueno, é o que hai, non hai máis. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** simplemente dicir que se me acaba de aclarar, hai unha partida de practicamente 600.000 euros para comprar un vehículo destinado ao Consorcio de Bombeiros, pois eu estou preguntando por iso, creo que non dixen nada fóra do punto que estabamos tratando. Nada máis, moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular**: non, non, non. Xa está comprado, é pagalo. E máis, é a escaleira que hai en Xinzo, vostede vive en Xinzo. Vaia ao parque de bombeiros, tena alí, é moi grande, vese ben. Non!. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 8

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

## CREDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 136/62400 | Elementos de transporte. Vehículo de rescate en altura | 598.758,82 € |

## SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 136/22706 | Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Estudos e traballos técnicos | 641.558,46 € |

**RESUMO**

| | |
|---|---|
| Suma suplementos de crédito …………………….............. | 641.558,46 € |
| Suma créditos extraordinarios .................................................... | 598.758,82 € |

**RECURSOS UTILIZADOS**

| | |
|---|---|
| **Remanente tesourería TOTAL para financiar gastos xerais** | **2.694.562,33 €** |
| **Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais** | **1.240.317,28 €** |

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/227.06 **Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Estudos e traballos técnicos.**

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Vehículos, equipamientos y carrocerías Prieto-Puga, SL (Veicar) | Facturas pendentes | 192.849,78 € |
| Entrenamiento e información forestal, SL (Eimfor) | Facturas pendentes | 448.708,68 € |
| **Total aplicación orzamentaria 136/22706** | | **641.558,46** |

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/624.00 **Elementos de transporte**

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Iturri, SA | Adquisición de vehículo de rescate en altura | 598.758,82 € |
| | **Total aplicación orzamentaria 136/62400** | **598.758,82 €** |

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**9º.- EXPEDIENTE N.º 2/2017 DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.-**

O Sr. presidente anuncia a este ditame se inclúe unha corrección de erros que asinou o vicepresidente o 20 de abril, e cédelle a palabra á Sra. interventora.

A Sra. interventora expón brevemente en que consiste o expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Coñecida é a posición do BNG respecto da necesidade de acometer un plan único de investimentos que remate dunha vez por todas coa discrecionalidade no reparto de fondos por parte desta Deputación. Xa é recorrente que, unha vez aprobado o orzamento anual, se acometan ao longo do ano diversas modificacións de crédito que en realidade supoñen outro orzamento. Nese caixón de xastre cabe de todo: investimentos a concellos - na súa inmensa maioría do partido que goberna - a entidades, con e sen ánimo de lucro, para as máis variopintas cuestións, traballos varios, etc….o de sempre. Chámanos a atención especialmente unha achega de 60.000 e pico euros para o deseño e desenvolvemento dun Plan provincial de turismo creativo e cultural da provincia de Ourense (Ourense Laranxa – Ourense CC) a unha empresa catalana,  LABPATC da Universitat de Barcelona e Ibertur – Red de Patrimonio, Turismo y Desarrollo Sostenible. Cáusanos certo estupor que se contrate cunha empresa de fóra, sen por en dúbida a súa solvencia técnica, para deseñar un plan de turismo para a provincia cando aquí, en Ourense, temos a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo onde se estuda, especificamente, o Grao de Turismo. Sinxelamente

surrealista. Isto é o que vostede entende por Ourensanía? Pois exercer de Ourensanía, señor Presidente, para o BNG é algo máis que un concepto baleiro de contido, é algo máis que pórlle un logo aos bancos ou repetir cansinamente esa palabra a cada momento. Ourensanía é apostar por Ourense, polas súas xentes, polo seu tecido empresarial e creativo. Nós, imos a votar en contra. Nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana:** hola. Básicamente se están haciendo modificaciones de crédito, y que Plácido defiende esas modificaciones de crédito, pero Plácido debería saber que toda modificación de crédito es un fracaso en la gestión, porque para eso hay unos presupuestos iniciales donde hay ingresos y gastos. Salvo algo puntual, donde sí se abordaría salirse un poquito de los ingresos y gastos, sí se podría abordar una modificación de crédito, el hacer constantes modificaciones de crédito significa que la previsión inicial, que era el presupuesto inicial con ingresos y gastos, era todo aire, era todo una mentira. Entonces, cualquier contable, cualquier secretario, cualquier interventor de cualquier administración local te dirá que los presupestos están para algo y cualquier modificación de crédito obedece a eso, o es algo urgente que acaba de salir; pero tener que hacerlas por sistema, como es este señor, un modificador en serie, demuestra que los presupuestos iniciales eran todo aire. Lo único que quería hacer con esos presupuestos iniciales era para decir: *soy el primero de España en hacerlos*. Entonces, hace una trapallada de presupuestos para ser el primero de España en hacerlo, porque lo que quiere es colgarse medallas que no valen para nada, para luego tener que hacer modificaciones de crédito cada poco. Lo más importante aquí no es ser los primeros de España en hacer presupuestos, ni traer congresos de Estados Unidos, ni ir al extranjero, porque todo lo que hace este señor viene totalmente destrozado después por lo que sale en las estadísticas. ¿Qué salió en las estadísticas? Pues ayer salió una noticia que decía que Orense lleva 18 años consecutivamente, la provincia, perdiendo población. Oye, las demás provincias limítrofes no llevan 18 años de caída así – aunque el problema de población es en toda España - pero no la caída de Orense. Pero resulta que Orense tiene el mayor paro de Galicia, es donde menos empleados hay en porcentaje. Lugo, Coruña, Pontevedra nos pasan por delante. Todo lo que hace este señor no sirve para nada. Lo dije aquí un día con la analogía del fútbol, es como quien pierde un partido 9 - 0 pero dice: *tenemos los banquillos inteligentes, tenemos un sistema tal, tiramos el córner más rápido del mundo*; cosas así, trapalladas, pero el partido se pierde 8-0. En Orense la clave

es ésta, perdemos población, somos de los más pobres de España, la gente tiene que emigrar, el paro sube. El otro día vimos que el paro había bajado en toda Galicia, menos en Orense. Hacen el rollo de Estados Unidos y resulta que Orense es la única provincia de Galicia que no aumentó las exportaciones. Pero, ¡si hiciste un congreso en Estados Unidos para aumentar las expotaciones! ¿Por qué? Era todo aire, era todo trapallada. Entonces decir, primero, que las modificaciones de crédito demuestran que los presupuestos iniciales eran una mierda, porque sino no tiene sentido hacerlas a cada poco. Estas modificaciones de crédito lo que te revelan son gastos que demuestra cómo se gestiona aquí, en esta provincia, en esta institución; por eso nosotros creemos que tendría que desaparecer porque lo único para lo que sirve es para mal repartir el dinero y, además, mal repartiendo ese dinero, se gasta un 40% del presupuesto en empleados. Tú imagina que nosotros cogemos a un *broker* de bolsa para que nos invierta el dinero  y el *broker* de bolsa te dice: *voy a invertir tu dienero y te voy a cobrar un 40% de comisión*. Nadie le daría ese dinero al broker de bolsa si te cobra un 40% de comisión solo por gestionarlo; para que luego te den un 3% de beneficio. Si te cobra un 40%, vai todo ao carallo. Pues éste igual, reparte un 50% al libre albedrío para los concellos y, en ese reparto, se gasta un 40% en gastos de reparto que son los empleados de la institución. Ya me dirás tú, se está perdiendo un 40% de los recursos. Por eso sobra la Diputación. Vamoa ver, invierte 23.000 euros na Festa da Historia. Nosotros lo vemos bien este gasto, ¿por qué? Porque es como la cabalgata de reyes de Orense. Nosotros estamos en contra de la Banda de Música, ¿por qué? Porque la Banda de Música cuando da un concierto van 50 personas, pero a la cabalgata de reyes - que cuesta unos 100.000 euros – van unas 30 o 40 mil personas. Entonces, primero, al ser un acto en la calle ya no puedes cobrar entrada, obviamente tiene que estar financiado y segundo, el coste repercutido es muy bajo, el coste repercutido por persona, y además genera economía. Por ejemplo, si a Festa de Historia le damos 23.000 euros, más 12.000 que le da el Concello de Ribadavia, igual gastas 50.000 de subvenciones públicas en la Festa da Historia, 50.000 euros; si van 25.000 personas, el coste repercutivo es de 2 euros por persona; pero, cada una de esas personas que va, va a generar mucho gasto, con lo cual esto no es irrentable, es rentable. Es interesante darle 23.000 euros a Festa da Historia con toda a movida que trae; pues me parece bien, creemos que es correcto. Vamos a ver más gastos que tiene por ejemplo aquí. *95.000 euros a familias e institucións sen fins de lucro.* Esto del rollo de sin ánimo de lucro es la mayor mentira que hay, porque una asociación sin ánimo de lucro es con ánimo

de nóminas. El ánimo de lucro significa no obtener beneficos sobre el papel, pero luego lo tienen los proveedores todos y ya está, lo desvías para allí; o te metes una nómina muy grande y ya está, no hay beneficios, va todo en la nómina. Nómina que uno, por supuesto, cobró. Entonces esto es el mayor engaño que hay, las asociaciones sin ánimo de lucro; por eso en Inglaterra le quitaron casi todas las subvenciones a las ONG's porque se dieron cuenta que el 40% lo gastaban en administración, igual que la Diputación, un 40% en gastos de funcionamiento. *Cámara de comercio de Ourense. Promoción do comercio*, 100.000 euros. Yo soy empresario, los empresarios lo que queremos es que no nos cobres impuestos y luego no te metas tú a hacer una administración paralela del comercio que no vale para nada. No le des ni un duro de subvención a los comerciantes, no le cobres impuestos; déjalos que ellos hagan su historia, que el comercio se basa en eso, en arriesgar, en apostar. ¿Qué tiene que meter aquí la Diputación 100.000 euros de todos, para que se beneficien los cuatro de siempre de la Cámara de Comercio? Administrando a través de ellos. Dale el dinero directamente a los comerciantes, ¿y cómo se le da? Cóbrale pocos impuestos, no le pongas trabas y déjate de rollos de burocracia, esto sólo hace aumentar la burocracia. *Construcción de un campo de fútbol en Pereiro de Aguiar*. É de herba ou non é de herba? Non o sabe o señor Doval, que é de Pereiro. Leva herba artificial ou non? Non sabes? Aquí pone: construcción campo de fútbol, o que pasa é que igual está mal escrito, porque agora no pabellón vanse gastar 400.000 euros en herba artificial e solo é herba artificial, por iso aquí o campo de fútbol por 200.000 euros, si é de herba artificial, paréceme moi barato. Construír o campo de fútbol con herba artificial, paréceme moi barato, entonces isto non o criticamos, ademais nós estamos a favor das infraestruturas. *Arranxo dun tellado en piscina municipal: 60.000 euros*. Si costa 60.000 euros arranxar o tellado, canto custará o que está debaixo? Son 10 millóns de pesetas por outro lado. Canto custa o que está debaixo? Porque é para os vestiarios e pouco máis. Canto custarán os vestiario enteiros, sen duchas? Vamos aquí, que hay que matizar unos gastos. Obviamente el tema que ya se ha citado de darle dinero a los catalanes para hacer un rollo del turismo, 60.000 euros, es una tomadura de pelo. Menos mal que son 60.000 euros. Yo entiendo que José Manuel Baltar tenga estas ideas tan malas, porque es una persona que es un desastre, pero yo aquí si que le agradezco que se haya gastado solo 60.000, porque, coño, el padre se gastó 600.000 con aquel proyecto con Mondragón del desenvolvimiento de la provincia. se

gastó 600.000. Con esta idea malisima que has tenido casi te doy las gracias por haber gastado sólo 60.000 euros, porque con esta excusa te pudiste haber gastado muchísimo más. Tuvimos suerte, algo te pasó ese día, igual te olvidaste de un cero, pero gracias a Dios que solo gastaste 60.000 euros en tirar este dinero; porque son 60.000 euros tirados, menos mal que non lle deu 600.000. Confederación de empresarios, la CEO, otros 100.000, o sea le das 100.000 a la Cámara de Comercio y 100.000 a la Confederación de empresarios. Non lle tes que dar nin un duro aos empresarios, porque esto, a parte, fomenta lo que es la competencia desleal. Este dinero no es para todos los empresarios, es para los cuatro de siempre, para los cuatro dirigentes de siempre. Esto fomenta la competencia desleal, a los empresarios no le cobres impuestos, no le pongas trabas, facilítales las licencias y déjate de rollos. Si no hubiéseis arruinado las cajas públicas como las arruinasteis, no harían falta estas subvenciones a los empresarios, que firmen un crédito a través del banco. Pero las arruinasteis, ahora vas a pedir un crédito e non che dan nada ¿por qué? Porque está todo arruinado con dinero público. *Organización do workshop internacional de Fundación Juana de Vega*, outro listo que se leva aquí 8.000 euros polo morro. *Meisa Esquiou*, 70.000 euros, nosotros estamos a favor de Manzaneda, pero a ver cómo se compatibiliza esto con el tema del cambio climático, que non sabemos xa se vai ter solución con todo o gasto que está facendo. *Congreso Pen Internacional de Galicia*, 16 millones de pesetas, 93.000 euros, esto es una auténtica estafa para unos tíos que hacen un congreso. Si hacen un congreso, pagarlo vosotros. Yo llevo yendo a ferias internacionales desde que tengo 17 años, me pagaba yo las ferias. Si tienes que pagar algo que es irrentable, lo que estás haciendo es fomentar que persista un negocio irrentable y haciendo competencia desleal a lo que es rentable. Es decir, le cobras impuesto a las actividades rentables y lo metes en las que son irrentables; así la economía va al carallo. No se puede subvencionar aquello que es irrentable, porque le haces la competencia a lo rentable y fomentas, mantienes en la UVI, a lo que es rentable. Deja morir lo que es irrentable, no ves que estás destrozando el país. Si haces un congreso internacional ¡que lo hagan ellos! Y se vayan a los vinos de pinchos, pero aquí cuando se hace un congreso en Orense, paga la Diputación; los llevan a cenar al tema este de San Esteban de Ribas de Sil, al Parador Nacional que hay allí, a todo trapo. Vienen aquí los tipos a un congreso de óptica o de lo que sea y los llevan a cenar allí, paga la Diputación; que vayan a los vinos a tomar un pincho,¡hombre! Porque tenemos que

pagarle nosotros a estos tipos el plato a 100 euros cada uno? Bueno, lo dicho, Cámara de Comercio 100.000 euros, la CEO, tal, todo este rollo. Lo de Caldaria ya es cachondeo, si el termalismo es rentable ¿por qué hay que dar dienero cada poco? Ahora hay que dar 60.000 euros para la construcción del pantalán en Arnoia para el tema este de desembarcar. ¿Por qué? Si es rentable el termalismo, ¿por qué es un saco sin fondo al que hay que dar dinero constantemente? El termalismo es un cáncer, porque si tenemos que darle subvenciones a cada poco ¿para qué quieres el termalismo? El termalismo tendría que ser al revés, esta gente con impuestos, paga impuestos y da dinero a la Diputación. No, no paga impuestos, da cero beneficios y hay que darle constantemente dinero. El termalismo para eso no lo necesitamos. *Adquisición de instrumentos para banda de gaitas 10.000 euros*, valga por Dios. Outra vez un tellado, este menos mal custou solo 12.000 euros. También hay algo aquí para Plácido. Había un tema de un retablo de una iglesia, pues un retablo no lo vemos mal ¿por qué? Porque sí que va a tener una repercusión en miles de personas, eso es otra historia. Hay por supuesto el tema de Plácido, acondicionamiento de espacios públicos en Muíños. Claro, como no va a ganar por mayoría absoluta si todos os cuartos da Deputación lle van para aí. Y he dejado para el final el gasto que, para mí, el mejor. Yo empecé en política por esto que es el gasto cultural en concreto, no es que yo empezara en política. Yo recuerdo que cuando iba por ahí con Arco da Vella por los pueblos, yo era amigo de los que tocaban en Arco da Vella, e iban a tocar ahí por los pueblos y fue donde yo empecé mi vocación política, a principio de los noventa. Yo tenía 20, 21 años, entonces iban ellos a tocar y yo venía del tema de las orquestas. Las orquestas ¿cómo se financiaban? Pagando a escote todos los del pueblo. Tenían orquesta en el pueblo, ahí vendíamos equipos de sonido y a lo mejor iban a la fiesta del pueblo 400, 500 personas, 1.000, y todo lo pagaba la gente del pueblo. Y de repente aparecía un cambio en los años 90, que eran los grupos folk, yo había estado en Nueva York, en Estados Unidos, había vuelto y al llegar me habían dicho ven allí que vamos a tocar a un pueblo. Llego yo allí pensando que era unha festa de pueblo e chegamos alí a tocar nunha praza Arco da Vella. Por supuesto no se pagaba con dinero del pueblo, era subvencionado por la Diputación, costaba de aquellas medio millón de pesetas -600.000 pesetas - que era un pastón para la época. Lo pagaba la Diputación, expectadores ,15, y dije yo: ¡hostia! Pero ¿esto qué es? O sea, no lo paga el pueblo, no tiene espectadores, sale cada espectador, imagínate lo que salía cada espectador, te salía más

barato un vuelo chárter a Londres e ir a verlos al teatro a Londres, te salía casi más barato. 15 tíos alí na praza do pueblo, mirando para aquela música – moitos non sabían de que ía aquel rollo - todo financiado. Dije pero esto no tiene sentido alguno. ¿Cómo podemos tener listas de espera en sanidad y luego tener un grupo aquí tocando en la plaza del pueblo donde no hay nadie? Y fue ahí donde yo empecé con la vocación política. O sea, hay gente que no puede estudiar la carrera que quiere, porque no hay plazas, y hay aquí un grupo folk tocando en la plaza del pueblo con veinte espectadores, esto es un cachondeo. Eso fue a principios de los 90, estamos en el 2017 y la Diputación le da a Víctor Prieto, que es amigo mío, supongo que a partir de hoy no me hablará más, pero me da igual, (Víctor Prieto es un acordeonista que vive en Nueva York) y pone: *Concerto presentación en Auditorio Symphony Space de New York e II International Accordion Masterclass en Toén, 21.000 euros*. Vamos a ver, que yo sepa, la gente que emigra al extranjero manda dinero para aquí. Los senegaleses están en Orense, que es una zona pobre, y aún así se apañan para mandar dinero a Senegal todos los meses desde aquí, y un tipo se va Nueva York a vivir, lleva allí viviendo 15 años con el tema del acordeón, y le tenemos que mandar 21.000 euros que es casi el sueldo de un año. Oye perdona, son los de Nueva York los que tienen que mandar dinero a Orense, no los de Orense a Nueva York. ¿Desde cuándo se va a hacer el flujo al revés? Donald Trump dice ahora que para que financien el muro de Méjico – está tronado en ese sentido - como madan dinero para allí, él va a cobrar una comisión por cada dinero que manden; es decir de Estados Unidos mandan dinero a Méjico. Oiga, aquí hacemos al revés, dese Orense le mandamos dinero a un tipo que vive en Nueva York. Si tú quieres vivir en la Gran Manzana, te lo pagas tú. Es que tiene cojones, pagar 21.000 euros para que viva de puta madre en Nueva York. Nueva York es un sitio dificilísimo para vivir, yo estuve allí, no como este que va de turismo. Allí la vida es durísima, pues te lo pagas tú; luego si quieres mandas dinero para los familiares de Galicia. Aquí al revés, un tipo viviendo en Nueva York y mandándole dinero desde la zona pobre. Lo mismo hacía el padre que le mandaba 30.000 euros a la Catedral de la Almudena de Madrid, para arreglar las campanas y decir: *le pagamos las campanas a la catedral de Madrid en agradecimiento a lo que los madrileños han hecho por los gallegos*. Hay que ser gilipollas! Hagamos nosotros lo de los madrileños que es una zona rica, es al revés! Pues este hace igual, le manda dinero a Víctor Prieto, 21.000 euros y dice: *no, por la promoción de Orense.* Pues

mire, si a Víctor Prieto le damos 21.000 euros por promocionar Orense, a los Suaves habría que darle 2 millones de euros, y me dirás la diferencia de promocionar Orense de los Suaves a Víctor Prieto; y aún así nosotros estamos en contra de darle ese dinero a los Suaves, os imagináis a Víctor Prieto,con todo lo bien que me cae el padre, y es una persona de libre mercado, que está en contra del régimen de Venezuela ¿quién no?. Pues eso, que me parece una tomadura de pelo.¿Qué ocurre? ¿por qué le da 21.000 euros a Víctor Prieto? Porque así cuando va a Nueva York se manda unas relaciones y unas cenas de puta madre; igual que lo que hizo con Rául, le manda una subvención a las escuelas deportivas y se mete unas cenas con el Raúl y unos selfies cuando jugó en Nueva York, unos selfies ahí, se va a cenar con él y todas sus relaciones sociales se las pagamos nosotros, a este elemento, que como es un frustrado necesita hacer todo eso para pensar que es una persona con relevancia. Como no es nadie en el PP gallego, tiene que ir a Estados Unidos y dar 200.000 euros al periódico *Correo Gallego* de Santiago para que lo saquen en portada. Como en Galicia nadie le hace caso, así sale en portada del *Correo Gallego*, pero nos cuesta a los orensanos 200.000 euros, por eso somos una provincia pobre, porque el dinero lo estamos pagando y tirando a través de este señor. Si cogen el presupuesto de la Diputación los judíos, hacen maravillas. ¿Qué más tenemos que decir? Pues, nada más en mi primera intervención.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas. Xa lle anticipo de entrada o sentido do noso voto, que vai ser contrario a esta modificación orzamentaria, e facémolo baseándonos na mesma argumentación que as anteriores: a súa discrecionalidade. Certo é, e xa llo digo eu antes de que mo digan vostedes, que entre as subvencións nominativas que van nesta modificación de orzamentos, hai varias para concellos socialistas, tamén para alcaldes que son deputados e levan financiamento para obras nos seus concellos, e que van votar en contra desta modificación orzamentaria. Pero nós imos votar en contra deste modelo discrecional e clientelar de subvencións, é máis, votariamos en contra aínda que só fosen contempladas as axudas aos concellos do Partido Socialista. Fagan un Plan para todos os concellos, cunha baremación consensuada cos concellos, e que cada concello presente os proxectos que queira dentro do orzamento que lle corresponda; contarían co noso voto a favor, eliminarían a discrecionalidade, o clientelismo, a discriminación e a inxustiza que este reparto conleva. No reparto pormenorizado das axudas non vou entrar, dunha porque xa o

fixo quen me antecedeu no uso da palabra e doutra para que non se nos acuse de meternos coa autonomía municipal de cada concello. Pero sen embargo queriamos apuntar varios aspectos dos mesmos. Aparecen subvencións para redaccións de plans urbanísticos cando existen subvencións da Administración autonómica para elo, que é quen ten a competencia. De novo aparecen subvencións para adaptación de velorios cando vostedes rexeitaron aquí unha moción nosa para sacar unha liña de axudas e que os concellos adaptasen os seus velorios aos requisitos normativos. Van subvencións para obras municipais executadas, das que descoñecemos a súa urxencia e necesidade, cando estas subvencións nominativas deberían ser a excepcionalidade. Hai aplicacións como as de concellos-fomento do deporte cunha contía de 571.000 euros, pero cando imos ao desglose desa partida – polo menos na documentación que se nos facilita - só vemos, e se sumamos, as axudas a concellos por importe de 25.000 euros. Por ir, ata van, como xa se dixo aquí antes, ao pago de actuacións musicais en Nova York. E toda unha serie de cambios en subvencións contempladas na anterior modificación de créditos que non fai máis que reflectir a premura e a falta de planificación no reparto. É a necesidade de mudar este modelo discrecional de reparto por outro que lles permita aos concellos saber con que contan, e que poidan prever e planificar. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**, grazas presidente, bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos acompañan no desenvolvemento deste plenario. En xaneiro pasado, como xa se citou aquí, aprobamos neste Pleno o expediente nº 1 de modificación de créditos por importe, lembrarán, de 11.114.000 euros. Lémbrolles, porque é importante facelo, que con cargo a esta cantidade suplementábanse as partidas de amortización de préstamos por importe de 5.986.000 euros, co fin de completar a 31 de decembro deste ano a amortización total de cinco préstamos que databan xa dos anos 2001, 2002, 2004 e 2006; pretendemos con elo que a débeda desta deputación a 31 de decembro deste ano se rebaixe ao 15% aproximadamente. Lémbrolles tamén que en decembro do ano 12 estabamos nun 116%, algo fariamos ben. O Plan Ourense 15-19 prevé que a débeda ao final deste mandato sexa 0, e así será. Ese é o compromiso firme deste presidente e do seu grupo de goberno, parézalle ben ou non tan ben ao señor Pérez Jácome. Hoxe presentamos diante deste Plenario o expediente nº 2 por importe de 4.750.000 €, financiados do seguinte xeito. 2.275.000 € con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais dispoñibles do ano 2016, logo falareille

diso señor Pérez Jácome, que vostede xa leva anos na corporación desta cidade, e tamén nesta, e debería entender isto doutro xeito un pouco máis claro; 2.475.000 € con cargo a maiores ingresos previstos sobre o orzamento polo concepto de transferencias do Estado. Como xa dixen no Pleno de xaneiro, pechamos o exercicio de 2016, señor Pérez Jácome, cun remanente de tesourería importante, moi importante diría eu, consecuencia –como resulta obvio- gústelle ou non, dunha boa xestión do presidente desta deputación, por suposto, do seu grupo de goberno e, como non, do excelente traballo do persoal desta casa, cada un no ámbito das súas responsabilidades. Teñen vostedes á súa disposición, aínda que parece que non o viron moi ben, a memoria proposta da presidencia, o informe favorable da señora interventora e tamén o ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e Permanente de Facenda e Economía. Os nosos argumentos a favor desta proposta son claros e determinantes, como non podería ser doutro xeito, seguimos e seguiremos na teima de dar cumprimento ao Plan Ourense 15-19, co que o noso presidente se presentou ás eleccións e que nós apoiamos decididamente – lémbrolles que foi o único que o fixo – e polo tanto, todas as nosas actuacións están encamiñadas a conseguir a máxima colaboración cos concellos nas obras e servizos da súa competencia; pero tamén con outras entidades e colectivos desta provincia que, sen lugar a dúbidas, aínda que alguén o poña aquí en cuestión, desenvolven unha importante labor social e incluso empresarial. Permítanme, en todo caso, destacar o seguinte, e fareino brevemente co fin de non cansalos con cifras; suplementáronse as seguintes partidas do vixente orzamento para gastos de investimento en infraestruturas deportivas por importe de 500.000 € para co - financiar coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia un importante plan de instalacións deportivas que ascende a un montante total de 1.000.000 de €, financiado como é lóxico ao 50% e sen achegas dos concellos, salvo algunha excepción. Supleméntase a partida de cooperación cos concellos por un importe de 1.623.000 € co fin de dar resposta, na medida do posible, ás solicitudes de axuda que recibe a presidencia dos diferentes concellos. En canto á cooperación para gastos correntes, supleméntanse varias partidas e ben merece especial atención, e detereime nesto, as actuacións de fomento da mocidade a través dos concellos; o chamado, señor Fraga Civeira, o Plan de Mocidade por importe de 546.000 € ao que se comprometera o presidente no seu día e aquí está: 6.000 para cada concello, salvo o da cidade. Seguramente agora lle saen as contas desa partida que vostede citou.

Xéranse, ademais, créditos extraordinarios para desenvolver, entre outras, as seguintes actuacións. Fomento do turismo, a pesar das risas do señor Pérez Jácome, fomento para o turismo da nosa provincia, 95.000€; fomento do termalismo, 60.000€; posta en marcha do transporte metropolitano, que afecta no só á cidade, senón ao resto dos concellos do contorna, 200.000; desenvolvemento empresarial, 300.000; co –financiamento, un ano máis ao 50% coa Consellería de Educación, do programa EducaOu dos colexios da nosa provincia por importe de 302.000€. E figura ademais, señor Pérez Jácome, na memoria proposta da presidencia –aínda que me da que non a leu moi ben- unha serie de modificacións dos capítulos 4 e 7 de gastos, por certo, esas modificacións solicitadas polos propios concellos e que nós atendemos na súa totalidade respectando, como sempre, a súa autonomía. De momento nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de democracia Orensana**: yo sí. Voy a intentar no acercarme al micro porque dicen que esto saturaba. Como saben esto se está grabando para televisión que es lo más importante, porque, yo siempre digo esto, lo que no sale en la tele no existe. Como ustedes no me van a votar, nosotros tenemos que focalizarnos en el público que hay de votantes; bueno me consta que alguno de ustedes sí nos votan. Señor Plácido, usted debe de estar de coñas. Yo no sé si es que está obligado por el presidente, alguna prebenda hay con usted o algo para intentar realmente convencerme con estos argumentos que ha dicho, parece una broma. Primero, el presidente de la Diputación, José Manuel Baltar, fue el único de España que se presentó a las elecciones; pero entonces que pasa, ¿solo había elecciones en Orense , en la Diputación? Que yo sepa no hay elecciones en ningún sitio, a la Diputación no hay elecciones, es votación indirecta. Dice que se presentó con un programa, pero esto parece una broma. Mira, te voy a contar un detalle, ayer vino una persona y me dijo que tenía que grabar un vídeo, espero que no le importe, y me dijo: *mira, quería grabar un vídeo porque me voy a presentar al concurso de Miss Mundo y quería, si no te importa, grabar un vídeo y si no te importa grabo un vídeo con estas guitarras de fondo*. Yo le dije: *pero, ¿para competir en el de Miss Mundo no hay que ser antes Miss España?. - Bueno, sí, primero tenemos que ir al de Miss España, luego si gano al de Miss Mundo*. Pues esto me parece igual, yo me presento a las elecciones de la Diputación con un programa, pero, si nadie vota a la Diputación. Entonces, tener un programa, como si llenas de panfletos toda la provincia. Pero si no hay elecciones a la

Diputación. Dice José Manuel Baltar: *es que yo propuse que debería ser así*. Es como si yo mañana mismo me peleo con el campeón del mundo de boxeo y lo desafío y digo: *mira que valiente soy que lo desafié*. Pues este igual, que siga defendiendo esta trapallada de que se presentó con un programa electoral, si nadie vota a la Diputación, como si tienes mil programas electorales. Deja de engañar a la gente. Que engañe sólo a José Manuel Baltar. Cuando algo hay podrido, hay que aislarlo, que se pudra sólo él. No reproduzcas tú también palabras podridas. Dices que todo esto tiene un informe favorable del interventor. Mira, eso es lo que yo llamo, en el libro que estoy escribiendo y que probablemente te regale, Plácido porque no creo que venda muchos, entonces te lo regalo y quedo bien ¿me entiendes?, en las falacias que hay en lógica hay una que yo acuño: falacia de sesgo, que es cuando tú dices algo, un sesgo que es una consecuencia, pero que no tiene nada que ver. Por ejemplo, una persona que diga: yo estoy en contra del aborto, ah, tú lo qué quieres es que las mujeres vayan a la cárcel, ¿no?, pues eso sería falacia de sesgo. Esto igual, es decir, - con esto no estoy diciendo nada de estar a favor o en contra del aborto, es una forma de hablar – entonces dice, la interventora hizo un informe favorable. Esto es una falacia de sesgo, claro que es favorable técnicamente, no quiere decir que la gestión esté bien hecha. Que sean legales estas modificaciones de crédito, como puede certificar la interventora, en ningún momento quiere decir que sea una gestión bien hecha. Es una gestión pródiga, horrible, está mal, está tirando el dinero de los ciudadanos y está demostrando que estaban mal hechos los presupuestos. Dijiste lo de 2.400.000 de gastos non previstos. Eso note lo crees ni tú, qué tengáis 3.000.000, quinieos millones de las antiguas pesetas en gastos no previstos. Luego, lo mejor de todo es cuando me dices lo de la deuda cero y que habéis tenido un gran remanente de tesorería. Primero, dices que se va a rebajar la deuda, la Ley obliga a que cuando hay remanente de tesorería hay que rebajar la deuda; así que no saques pecho, porque la Ley obliga. Es lo mismo como el Concello de Ourense que está diciendo estos días: *voy a reducir la deuda*; vamos a ver tiene presupuestos prorrogados, entonces al tener presupuestos prorrogados no puede hacer inversiones, entonces le queda remanente y la Ley le obliga a amortizar deuda. Él vende como buena gestión lo que es una inepcia, es decir, no puede hacer inversiones en la ciudad por no tener presupuestos que no los presentó, tiene remanente y entonces le obligan a reducir deuda y lo vende como un logro. No, no es un logro, ha sido tu mala gestión. A lo mejor es bueno reducir deuda, pero tú has

reducido deuda de forma obligada, porque no te quedaba otra, entonces no lo saques como pecho. En este caso, la Diputación dice, hemos tenido un gran remanente – aquí no tienen presupuestos prorrogados - y entonces hemos reducido deuda. Reducir deuda es obligatorio, entonces no saques pecho. Sin embargo, sí que vendes como buena gestión el haber tenido remanente de tesorería. Debido a nuestra gran gestión, tenemos remanente de tesorería. Pero, ¡este tío! Es lo que se llama falacia de falsa analogía. Oye, que esto no es una empresa privada, ¿desde cuándo tener remanente es buena gestión en una Administración pública? Eso lo sería, si tú duplicaras por actividad propia los ingresos; pero la Diputación en los ingresos ni pincha ni corta, tiene unos ingresos y unos gastos. Si resulta que tú inviertes menos, de hecho la Diputación se pone como objetivo tener deuda cero el año que viene, porque quiere quedar bien para las elecciones municipales, entonces él ya no gasta a propósito y ¿al no gastar le llama buena gestión? Eso no es buena gestión, eso es no gastar y dejar el dinero en el cajón. Oye, eso lo puede hacer cualquier persona en una empresa; si el agua no te llega al cuello, no gastas y lo guardas en el cajón y dices he tenido remanente. Eso no tiene nada que ver con los beneficios de una empresa porque parece que lo vendes como beneficios de una empresa. Una empresa que tiene beneficios, si puede decir tenemos remanente por unos beneficios. ¡Aquí no hay beneficios que es una administración pública! Aquí hay: ingresos, que no dependen de tu mérito, y gastos. En los gastos, no gastes y tienes remanente ¿dónde está ahí el mérito? Al contrario, es un demérito porque tú tienes dienero para gastar en los ciudadanos, entonces igual has hecho un demérito, no gastar el dinero de los ciudadanos. Oye, para guardar el dinero en un cajón no hace falta políticos, eso lo hace cualquiera. ¿No recuerdas aquella parábola de Jesucristo? ¿el tío que enterró el dinero en la arena? Y dijo: *aquí lo tengo guardado* y Jesucristo le dice: *por lo menos lo hubieras llevado al banco, te hubieran dado algo*. Jesucristo estaría desfasado hoy, porque el banco está dando un 0.05% de intereses. La cosa cambió. Entonces, no nos intentes engañar, puedes engañar a los que están aquí, pero a los televidentes de Auria Tv, que es lo que importa, no.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas. Eu aludía, señor Álvarez Dobaño, á partida a concellos, fomento do deporte 571.000€, pero entendo que despois do escoitado por vostede correspóndese, na documentación que tiñamos nos sabiamos, á achega ao Plan coa Xunta de Galicia, coa Secretaría Xeral para o Deporte,

entendo así. Con respecto ao da Mocidade, o desexable é que saquen canto antes as bases que xa levamos preguntado varias veces por elas nas Comisións, e non sabemos aínda cando van saír, máis que nada –estamos xa en abril, entre que saen e todo – para que os concellos poidan contar con ese diñeiro. Pouco máis que dicir, mágoa que este maná non chegue a todos os concellos e so chegue aos escollidos. Que lles impide facer un Plan para todos os concellos con este remanente? Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular**, grazas señor presidente. No pouco tempo que teño, empezarei polo señor Rodríguez Suárez que fala da empresa catalana, e sen moitos datos, polo que vexo, e o que lle teño que dicir é que se elixiu ao Laboratorio de Patrimonio Cultural da Universidade de Barcelona non por capricho, senón pola súa especial cualificación e especialización, e son os mesmos que están a facer ese Plan para a Comunidade Autónoma de Cataluña, adiántolle que Ourense será a primeira provincia de España que conte con ese estudo. Respecto ao señor Pérez Jácome, evidentemente non coincidimos cos seus argumentos e vaime a permitir que llo diga con simpatía –que lla teño, á marxe doutras consideracións: ¡pobre Concello, se vostede o gobernase! Con esa filosofía, ¡ que mal o vexo señor Pérez Jácome! Por iso, os cidadáns acabarán sendo intelixentes e vostede non chegará onde pretende, que é ser alcalde de Ourense. Verá como teño razón, que eu sempre lle gaño as apostas, hoxe pódolle facer outra se quere. Logo, fala de fracaso na xestión, a iso refírome, por facer un expediente de modificación de créditos con cargo ao remanente de tesourería; señor Pérez Jácome, que faríamos con el senón? Xa vexo que a técnica contable das entidades locais vostede non a entende, non nada ben, nada en absoluto. Polo que vexo, o que lle importa é iso, vostede o di, o que lle importa é a TV Auria; iso é o que lle importa, e logo meterá a tesouriña e sairá alí o que quere porque eu tamén o vexo ás veces, para verme a min, e de paso véxoo a vostede tamén. Xa vexo que lle mete a tesouriña, agora xa aprendeu a cortar, debe ser por iso dos recortes. Con respecto á Festa da Istoria, aclárolle que é unha subvención para dous anos e non por culpa da Deputación precisamente, e non quero culpar a ninguén, a do 16 e a do 17, que creo que son 16.000 euros, non lembro agora os importes para cada ano pero é para dous anos. Con respecto ao campo de fútbol de Pereiro, evidentemente ten vostede razón, non vale 200.000 euros, vale entorno aos 300.000 – quizá un pouquiño máis - pero o Concello de Pereiro achegará o que falte para facer o campo.

Logo, cita ao concello de Muíños, non sei por que. Preocúpese de mirar, e verá como non estou entre os primeiros máis axudados, non digo favorecidos, desta Deputación. Míreo, xa verá como non. Fala tamén dalgunha cea en San Estevo, nada de nada, señor Pérez Jácome, non deixe caer esas cousas que non son verdade; vostede está para controlar a labor do goberno e criticarnos no que facemos mal, pero realmente no que facemos mal, non no que non facemos. E con respecto a Víctor Prieto, lémbrolle que é unha parte importante para as master class internacionais que se organizan en Toén en verán con asistencia de varios países; vostede non o valora así, respectamos a súa opinión pero a nosa non é esa. Señor Fraga Civeira, os concellos non son socialistas, nin do PP, nin de Democracia Orensana que non ten ningún, porque así o quixeron os cidadáns, e do BNG que poucos ten; son dos cidadáns e polo tanto os concellos presentan proxectos para determinadas cousas que favorecen a todos os veciños, os do PSOE, os do PP, os de Democracia Orensana e os que non queren votar polas razóns que sexa. Entón, non mesture vostede a cor política co demais. Dito isto, permítanme que diga o seguinte, que a ver si se me acaba o tempo, eu quixera destacar - a pesar que iso non lle gusta ao señor Pérez Jácome - que este expediente de modificación, don Gonzalo, é unha consecuencia máis dunha magnifica xestión económica, e pode vostede sorrir, que nos levou a ter o maior remanente de tesourería da historia desta Deputación e o menor endebedamento. Polo tanto, eu diríalles aos grupos da oposición que a nós tócanos gobernar, porque así o decidiu a cidadanía desta provincia e iso é o que precisamente facemos, gobernar, buscando a máxima cooperación cos concellos e coas diversas entidades e colectivos desta provincia que fan un labor importante, a pesar de que vostedes, polo menos algúns de vostedes, o poñan en cuestión. Atendemos ás demandas, neste expediente, de 40 concellos –por certo, 7 da oposición - con importes e proxectos importantes como son, e cito algúns, os da Veiga e Oímbra, 100.000€ para cada concello para pór en marcha un programa piloto moi imaxinativo, e felicito aos meus compañeiros, alcaldesa e alcalde, por telos presentado, como é o de Re - Vivenda; e tamén Carballiño para o acondicionamento da rúa Otero Pedrayo, tamén 100.000€ e, señor Fraga Civeira, non é para o PSOE do Carballiño, é para min incluso que estiven alí o outro día e co señor alcalde paseeino, mire vostede!. E como non, están especialmente nas nosas actuacións os temas sociais, 100.000€ a COGAMI, 50.000€ a MOREA, Festas de Exaltación do Pan de Cea e o Pemento de Oímbra, Festa da Istoria como xa se citou aquí.

Tamén, e dunha maneira especial, buscamos a máxima cooperación posible coas entidades empresariais, señor Pérez Jácome, no ánimo de conseguir e xerar unha maior riqueza e emprego nos concellos da nosa provinica, 100.000€ para a CEO, 100.000€ para a Cámara de Comercio, 50.000 para o Círculo de Empresarios de Galicia e 60.000, entre outras, para a Fundación Galega da Construción, e digo entre outras. En resumo, e remato xa, temos a responsabilidade de gobernar e iso é precisamente o que facemos: gobernar. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto novembro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 9

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|
| 166.11/650.03 | Infraestruturas deportivas. Planos provinciais | 500.000,00 € |
| 166.11/650.01 | Plano cooperación. Planos provinciais | 100.000,00 € |
| 450.12/762.01 | A Concellos. Cooperación provincial | 1.623.461,75 € |

**CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS E FINANCEIROS**

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|
| 320.00/650.13 | Programa Educou. Administración Xeral de Educación | 302.000,00 € |
| 433.00/831.00 | Préstamos a longo prazo. Desenvolvemento empresarial | 300.000,00 € |
| 441.20/750.00 | A Xunta de Galicia. Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte | 200.000,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| 336.11/789.01 | Diocese de Ourense. Protección e xestión patrimonio histórico - artístico | 20.000,00 € |
| 313.31/770.00 | A empresas privadas. Termalismo | 60.000,00 € |

**<u>SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES</u>**

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|
| 341.11/462.00 | A Concellos. Fomento do deporte | 571.000,00 € |
| 334.20/462.00 | A Concellos. Actividades culturais e recreativas | 28.500,00 € |
| 414.11/462.00 | Medio rural. Transferencias correntes a concellos | 25.000,00 € |
| 334.20/226.09 | Actividades culturais. Actividades culturais | 50.000,00 € |
| 334.20/226.11 | Rede de auditorios. Actividades culturais e recreativas | 20.000,00 € |
| 453.11/227.06 | Estudos e traballos técnicos. Vías e obras | 50.000,00 € |
| 924.12/789.00 | Outras transferencias asociacións. Participación veciñal | 10.000,00 € |
| 450.12/463.01 | Cooperación provincial. Transferencias correntes a mancomunidades | 50.000,00 € |
| 334.20/489.16 | Fundación Festa da Istoria. Actividades culturais e recreativas | 39 .000,00 € |
| 334.20/489.00 | Outras transferencias. Actividades culturais e recreativas | 48.062,62 € |
| 334.20/489.08 | Outras transferencias Pen Club Galicia. Actividades culturais e recreativas | 93.000,00 € |
| 231.11/489.20 | Transferencias correntes. Gastos de funcionamento entidades sen fins de lucro | 150.000,00 € |

**<u>CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES</u>**

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| 433.00/489.01 | Outras transferencias. Desenvolvemento empresarial | 222.000,00 € |
| 432.12/480.01 | A familias e institucións sen fins de lucro. Ordenación e promoción do turismo | 95.480,00 € |
| 313.31/489.01 | Outras transferencias. Termalismo | 8.000,00 € |
| 341.11/479.01 | Estación invernal. Fomento do deporte | 71.000,00 € |
| 431.41/489.16 | Cámara de comercio de Ourense. Promoción do comercio | 100.000,00 € |
| 414.11/489.19 | A entidades sen fins de lucro. Medio rural | 13.600,00 € |

**RESUMO**

| | |
|---|---|
| Suma suplementos de crédito ……………………….............. | 3.358.024,37 € |
| Suma créditos extraordinarios ................................................. | 1.392.080,00 € |

**RECURSOS UTILIZADOS**

| | |
|---|---|
| **Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais** | **2.275.144,96 €** |
| **Maiores recursos concepto ingresos 420.10** | **2.474.959,41 €** |

**2º.-** Nas bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01.** A Concellos. Cooperación provincial:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| O Pereiro de Aguiar | Construción campo de fútbol | 200.000,00 € |
| Oímbra | Revivenda | 100.000,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| A Veiga | Revivenda | 100.000,00 € |
| Ramirás | Inventario municipal | 15.000,00 € |
| Ramirás | Abastecemento Margarideiros e Partida | 45.000,00 € |
| Muíños | Piscinas | 60.000,00 € |
| Laza | Redacción plan urbanístico | 35.000,00 € |
| A Bola | Posta en marcha de transporte público social municipal | 15.000,00 € |
| Padrenda | Arranxo tellado piscinas municipais | 60.000,00 € |
| Punxín | Substitución de enganches de acometidas no abastecemento de Punxín | 18.525,00 € |
| Larouco | Muro en Seadur | 16.000,00 € |
| Amoeiro | Mellora de abastecemento no núcleo urbano de Amoeiro | 36.000,00 € |
| A Bola | Acondicionamento da área recreativa da Bola | 50.000,00 € |
| A Gudiña | Saneamento Tameirón | 21.215,00 € |
| A Mezquita | Renovación equipos informáticos municipais | 7.601,00 € |
| A Mezquita | Instalación alumeado público | 7.500,00 € |
| A Rúa | Ascensor no centro de saúde da Rúa | 10.000,00 € |
| A Veiga | Limpeza, mellora de asfaltado e lastros en Meda e Carracedo | 56.840,00 € |
| Baltar | Adaptación velorios | 40.000,00 € |
| Beariz | Proxecto reformas centros sociais | 14.800,00 € |
| Calvos de Randín | Centro de día | 59.740,00 € |
| Calvos de Randín | Proxecto parque empresarial | 20.000,00 € |
| Carballiño | Pavimentación da Rúa Otero Pedraio | 100.000,00 € |
| Castrelo do Val | Reparación danos afectados polo temporal nas plantacións de castiñeiros | 20.000,00 € |
| Castrelo do Val | Mellora captación Moteveloso | 10.000,00 € |
| Castrelo do Val | Arranxo piscinas | 30.000,00 € |
| Celanova | Centro de TDT Acebedo do Río | 21.642,14 € |

| | | |
|---|---|---|
| Cenlle | Saneamento parroquia de Villar de Rei | 15.000,00 € |
| Chandrexa de Queixa | Subministración de auga potable en Celeiros | 26.219,61 € |
| Gomesende | Obras municipais executadas | 76.000,00 € |
| Melón | Acometida eléctrica do cámping de Melón | 52.000,00 € |
| Montederramo | Proxecto alumeado | 30.000,00 € |
| Monterrei | Conservación e mantemento do Castelo de Monterrei | 30.000,00 € |
| Nogueira de Ramuín | Mellora accesibilidade ao embarcadoiro | 12.000,00 € |
| Oímbra | Mellora dos servizos municipais-instalación de iluminación en Bousés | 44.942,86 € |
| Petín | Brazo rozadora | 20.000,00 € |
| Pontedeva | Obras municipais executadas | 60.000,00 € |
| Riós | Reparación danos afectados polo temporal nas plantacións de castiñeiros | 20.000,00 € |
| Padrenda | Arranxo Campo da Bandexa e Mosqueiro | 25.000,00 € |
| San Cristovo de Cea | Electrificación polígono | 50.000,00 € |
| Toén | Obras casa concello | 50.000,00 € |
| Vilardevós | Mellora subministración auga potable en Berrande | 51.116,14 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/462.00** Promoción e fomento do deporte transferencias correntes a concellos

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| A Veiga | Actividades deportivas | 20.000,00 € |
| O Irixo | Proba deportiva | 5.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/462.00.** A concellos actividades culturais e recreativas:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Boborás | Actividade cultural | 15.000,00 € |
| O Irixo | Festa do Cabalo | 3.500,00 € |
| Oímbra | Festa do pemento (XX edición) | 10.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/462.00** Medio rural transferencias correntes a concellos

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Padrenda | Traballos medioambientais | 25.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **432.12/480.01** A familias e institucións sen fins de lucro. Ordenación e promoción do turismo:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| LABPATC de la Universitat de Barcelona e Ibertur – Red de Patrimonio, Turismo y Desarrollo Sostenible | Deseño e desenvolvemento un Plan provincial de turismo creativo e cultural da provincia de Ourense (Ourense Laranxa - OURENSECC) | 60.480,00 € |
| Clúster de Turismo de Galicia | Encontro Clúster de Turismo Ourense | 25.000,00 € |
| Consello Regulador da IXP "Pan de Cea" | Gastos de funcionamento | 10.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.00/489.01** Outras transferencias. Desenrolo empresarial

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Confederación Empresarios Ourense | Programa de actividades 2017 | 100.000,00 € |
| Círculo Empresarios de Galicia | Convenio colaboración 2017 | 50.000,00 € |
| ACAUTO | Gastos de funcionamento proxecto 2017 | 12.000,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| Fundación galega da Construción | Desenvolvemento dunha base de datos Xeoreferenciada do parque de vivendas da provincia de Ourense | 60.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **313.31/489.01** Outras transferencias. Termalismo

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Fundación Juana de Vega | Organización del workshop international The Water ages: waters constructing landscapes | 8.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/479.01** Estación invernal. Fomento do deporte

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| MEISA | Esquiou 2017 | 71.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **336.11/789.01** Diocese de Ourense. Protección e xestión patrimonio histórico - artístico

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Bispado de Ourense | Reparación cuberta templo de Santa María de Tamaguelos | 20.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **924.12/789.00** Participación veciñal outras transferencias de capital a asociacións

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Asoc. Ponte Ambía de Baños de Molgas | Centro Social | 5.000,00 € |
| Asoc. Veciños Presqueira - Baños de Molgas | Arranxo velorios | 5.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/463.01** Cooperación provincial transferencias correntes a mancomunidades

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Mancomunidade do Carballiño | Actividade e funcionamento | 50.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.16** Fundación Festa da Istoria. Actividades culturais e recreativas

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Fundación Festa da Istoria | Bruxo e Queimán | 16.000,00 € |
| Fundación Festa da Istoria | Festa da Istoria | 23.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.00.** Actividades culturais e recreativas outras subvencións:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Coral do Liceo de Ourense | Vestiario | 6.000,00 € |
| Son do Sil | Actividades X Aniversario | 10.000,00 € |
| Víctor Prieto | Concerto presentación en Auditorio Synphony Space de New York e II International Accordion Masterclass en Toén | 21.062,62 € |
| Fundación Araguaney | Mostra de Cinema Euroárabe | 6.000,00 € |
| Clúster de Comunicación | Actividades 2016 | 5.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.08** Outras transferencias Pen club Galicia. Actividades culturais e recreativas

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Pen Club Galicia | Congreso Pen Internacional | 93.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **431.41/489.16** Cámara de comercio de Ourense. Promoción do comercio

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Cámara de Comercio | Actividades 2017 | 100.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **313.31/770.00** A empresas privadas. Termalismo

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Caldaria S.L | Construción de pantalán en Arnoia | 60.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/489.19** A entidades sen fins de lucro. Medio rural

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Adercou | Redacción Plan Estratéxico | 10.000,00 € |
| EVEGA- Estación de viticultura e enoloxía de Galicia | V edición curso de agricultura biodinámica en Sabariz | 3.600,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/489.20** Transferencias correntes. Gastos de funcionamento entidades sen fins de lucro

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| COGAMI GALICIA | Servizos de intermediación laboral | 50.000,00 € |
| COGAMI-DISCAFIS (Ourense) | Servizos itinerantes para a discapacidade no rural | 50.000,00 € |
| MOREA | Proxecto tutelado | 50.000,00 € |

**3º.-** Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.00 "A Concellos. Actividades culturais e recreativas", prevíase unha subvención ao Concello de Vilar de Santos para mantemento e funcionamento dos servizos por importe de 12.000,00 euros. Baseándose na solicitude verbal do Concello ante o requirimento de documentación, proponse o cambio de finalidade da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017 no que respecta á súa finalidade:

- 334.20/462.00. A Concellos. Actividades culturais e recreativas:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de Vilar de Santos | Gastos de funcionamento e mantemento do Museo da Limia | 12.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.00 "A Concellos. Actividades culturais e recreativas", prevíase unha subvención ao Concello de Xunqueira de Espadañedo para adquisición de instrumentos para bandas de gaitas por importe de 10.000,00 euros. Baseándose na solicitude verbal do Concello ante o requirimento de documentación, proponse o cambio de beneficiario da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017, quedando da seguinte maneira:

-334.20/489.00 "Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Asociación cultural Os Xuncos | Adquisición de instrumentos para banda de gaitas | 10.000,00 € |

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 334.20/462.00 así como un suplemento de crédito na aplicación 334.20/489.00 "Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións" por importe de 10.000,00 euros. O dito suplemento de crédito será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 "A Concellos. Cooperación provincial", prevíase unha subvención ao Concello de Bande para construción de dependencias municipais para vestiarios por importe de 20.000,00 euros. Baseándose no escrito remitido polo Concello en data 21/02/2017, proponse o cambio de finalidade da dita

subvención contemplada na modificación 1/2017, debido á urxencia da reforma da iluminación pública:

- 450.12/762.01. A Concellos. Cooperación provincial:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Concello de Bande | Reforma da iluminación pública en varios pobos do Concello de Bande | 20.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria 336.11/762.02 “Patrimonio histórico- artístico. Transferencias de capital a Concellos”, prevíase unha subvención ao Concello de Melón para a restauración do retablo de Santa María de Melón por importe de 4.356,00 euros. Baseándose na solicitude verbal do Concello ante o requirimento de documentación, proponse o cambio de beneficiario da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017, quedando da seguinte maneira:

-336.11/789.01 “Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico-artístico”:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Diocese de Ourense | Restauración do retablo na igrexa de Santa María de Melón | 4.356,00 € |

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 336.11/762.02 así como un crédito extraordinario na aplicación 336.11/789.01 “Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico- artístico:” por importe de 4.356,00 euros. O dito crédito extraordinario será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia

Con cargo á aplicación orzamentaria 336.11/762.02 “Patrimonio histórico- artístico. Transferencias de capital a Concellos”, prevíase unha subvención ao Concello da Teixeira para a reparación do tellado da Capela de San Ramón en Celeiros por importe de 11.598,39 euros. Baseándose na solicitude verbal do Concello ante o requirimento de documentación, proponse o cambio de beneficiario da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017, quedando da seguinte maneira:

-336.11/789.01 “Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico-artístico”:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Diocese de Ourense | Reparación do tellado da Capela de San Ramón en Celeiros | 11.598,39 € |

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 336.11/762.02 así como un crédito extraordinario na aplicación 336.11/789.01 "Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico- artístico:" por importe de 11.598,39 euros. O dito crédito extraordinario será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.00 "Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións", previíase unha subvención a Sarabela Teatro para funcións teatrais infantís "O secuestro da bibliotecaria" e 5 funcións das "normas para vivir na sociedade cultural" por importe de 30.000,00 euros. Baseándose no escrito remitido por Sarabela en data 07/04/2017, proponse o cambio de finalidade da dita subvención contemplada na modificación 1/2017:

- 334.20/489.00. Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Sarabela Teatro | Produción obra infantil "O secuestro da bibliotecaria", realización de MITEU e FITO | 30.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/789.00 "Participación veciñal. Outras transferencias de capital a asociacións", previíase unha subvención á Asociación de veciños en man común "Serra de San Salvador, Veiga e Ladairo" de Pazos para arranxo do tellado da igrexa por importe de 20.000,00 euros. Baseándose na solicitude verbal da Asociación ante o requirimento de documentación, proponse o cambio de beneficiario da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017, quedando da seguinte maneira:

-336.11/789.01 "Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico-artístico":

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Diocese de Ourense | Arranxo do tellado da Igrexa de San Fiz de Pazos | 20.000,00 € |

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 924.12/789.00 así como un crédito extraordinario na aplicación 336.11/789.01 "Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico- artístico:" por importe de 20.000,00 euros. O dito crédito extraordinario será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.00 "A Concellos. Actividades culturais e recreativas", prevíase unha subvención ao Concello de Trasmiras para asociación musical de Trasmiras por importe de 23.000,00 euros. Baseándose no escrito remitido polo Concello en data 10/04/2017, proponse o cambio de finalidade da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017 no que respecta á súa finalidade:

- 334.20/462.00. A Concellos. Actividades culturais e recreativas:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de Trasmiras | Actividades culturais a realizar no Entroido, Letras Galegas, San Xoán, festas patronais e diversos talleres | 23.000,00 € |

Nas bases de execución do orzamento do exercicio 2017, existe consignada unha subvención nominativa ao Concello de Muíños por importe de 63.300,00 euros. Segundo escrito do 31 de marzo de 2017 emitido polo dito Concello proponse o cambio de finalidade de dita subvención, quedando da seguinte maneira:

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de Muíños | Acondicionamento de espazos públicos en Muíños | 63.300,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 "A Concellos subvencións. Cooperación provincial" prevíase unha subvención ao Concello de Melón para retablo igrexa Santa María de Melón por importe de 4.400,00 euros. Baseándose na solicitude verbal do Concello, proponse o cambio de beneficiario da dita subvención debido á existencia dun erro nas bases de execución do orzamento de 2017, quedando da seguinte maneira:

336.11/789.01 "Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico-artístico":

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Diocese de Ourense | Restauración dun retablo na igrexa de Santa María de Melón | 4.400,00 € |

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 450.12/762.01 así como un crédito extraordinario na aplicación 336.11/789.01 "Diocese de Ourense. Produción e xestión patrimonio histórico- artístico:" por importe de 4.400,00 euros. O dito crédito extraordinario será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 "A Concellos. Cooperación provincial", prevíase unha subvención ao Concello de Avión para obras na escola infantil municipal de Avión por importe de 40.000,00 euros. Segundo escrito do 10 de abril de 2017 emitido polo Concello, proponse o cambio de finalidade da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2017 no que respecta á súa finalidade:

- 450.12/762.01. A Concellos. Cooperación provincial:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Concello de Avión | Arranxo do saneamento en Cernadas | 40.000,00 € |

**4º.-** De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**10º.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR MÁIS INVESTIMENTO PARA GALICIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, moitas grazas señor presidente. O proxecto de orzamentos do Estado supón un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galicia que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza é o segundo máis intenso de todo o Estado en termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos. Nunca, no presente século, se

producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos como digo, cun descenso de 442 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza redúcese nun terzo nun so ano. Por primeira vez en catorce anos, o investimento no noso País é inferior aos mil millóns de euros. Pero si é malo para Galiza, aínda é moito peor para Ourense, no que a redución acada o 60%, nunha provincia con tantas necesidades e carencias.  Estes orzamentos son inasumibles como galegos e galegas e como ourensáns,  e hipotecan o noso futuro. Hai importantes proxectos que dependen do goberno central e que non teñen o impulso necesario, non só en materia de infraestruturas e modernización do ferrocarril, senón no medio ambiente, na rexeneración integral das rías, por exemplo se falamos a nivel de Galicia, ou a creación de emprego. En termos xerais, os orzamentos do Estado son restritivos e consolidan os recortes. De feito, os recursos para a sanidade, educación e servizos sociais están aínda moi por debaixo dos niveis anteriores á crise. Baixa un 6,6% o gasto en desemprego co argumento de que aumenta o emprego, esquecendo a realidade da emigración, da precariedade e o feito de ter a miles de parados e paradas que xa non perciben a prestación. Son uns orzamentos totalmente incribles en termos recadatorios posto que prevén uns ingresos de 200 e pico millóns de euros, máis que en 2007 antes da crise. E iso pese a que admite que vai caer o consumo público e privado. Fían o crecemento ás exportacións e á suba de prezos. A débeda pública ten un peso importante: o 9% do gasto vai para pagar intereses da débeda, 32.171 millóns de euros. Grazas á excelente xestión do Partido Popular a débeda pasou de ser o equivalente ao 35% do PIB en 2008 ao 99% en 2017. Entre as prioridades do Partido Popular: aumenta o gasto militar, aí hai que facerlle caso  ao señor Trump e achegar máis a OTAN, e o gasto na Casa Real. Estamos convencidas que a maioría dos galegos e as galegas pensan que hai mellor destino para os seus impostos. En base a todo isto, nós expomos un acordo que sería que *o Pleno da Deputación acorda como resolución trasladarlle ao Congreso dos Deputados e ao Goberno Central o rexeitamento ao proxecto de orzamentos do Estado para 2017 polo recortazo nos investimentos para Galiza e para Ourense, e polos recortes sociais que presentan*. De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana**:

muchas gracias. Es muy difícil variar la propia naturaleza que llevamos dentro, por eso me sigo acercando al micro, aunque me lo están diciendo, pero no doy,  porque en los micros de cantar, en los micros dinámicos, hay que pegar la voz al micro. Yo, no es que cante, pero son los que vendo. En esta moción del BNG realmente se salva, por eso vamos a votar a favor, nos solemos abstener en todas las mociones que son instar al Estado central y a la Xunta de Galicia cuando es algo genérico; en este caso incluyen la palabra Orense con lo cual lo hacen algo singular de Orense. En este caso, tenemos que votar a favor, reclamando algo para Orense. Obviamente, va a servir de poco porque a estas mociones no se les suele hacer ni caso. Es simplente pedirle al Estado central que gaste más dienero en Galicia y en consecuencia, en Orense. Obviamente no podemos estar en contra de esto. Nada más.

**D. Adolfo González Nóvoa, portavoz do Grupo Socialista**:  grazas señor presidente, bos días a todas e a todos. Os orzamentos que presenta o Goberno son unha oportunidade perdida. Son unhas contas que prexudican directamente a máis de 12 millóns de persoas, entre pensionistas e funcionarios. Falamos de que de un de cada catro españois, as súas pensións case se conxelan, soben un 0,25% e os salarios subirán un 1%, cando a previsión da inflación está ao redor dun 3%. Rajoy os fará máis pobres. Céntrome nestes dous temas porque a Galicia, e sobre todo a Ourense, é a que máis lle prexudican estes orzamentos. Se falamos dos investimentos para esta provincia, vemos como non son uns orzamentos comprometidos co futuro. Se quitamos o diñeiro que vai para o AVE, que así e todo non é o que debería ser para que chegue en tempo e condicións, o resto son migallas e faragullas: a penas rematar a biblioteca e o arquivo, e pouco máis. Entendemos que o Museo Arqueolóxico terá que seguir no ostracismo. E sobre todo, o que é máis importante, a falta de compromiso nestes orzamentos co rural de Galicia que, polo que se ve, só conta con boas verbas mentres vai por un camiño acelerado cara ó seu desmantelamento. De momento nada máis.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo do Partido Popular**: moitas grazas presidente, e moi bos días distinguidos señores deputados e cantos nos observan directa ou indirectamente. A verdade señor Rodríguez Suárez que en algo coincidimos, sabe no que coincidimos? En que todos queremos máis, por que non? E tamén coincidimos en que con números, pódese demostrar calquera cousa. Cando gobernan vostedes, que poucas veces o fixeron, pero cando apoiaban ao goberno de Zapatero os números demostraban moito, ata llos vendían aos galegos para apoiar aqueles orzamentos. Cando están na oposición, sempre é

catastrofismo. Voulle dicir algunha cuestión. Galicia é a segunda comunidade, hoxe por hoxe, duplicando a Cataluña e con cifras moi superiores a Canarias, co maior investimento *per capita*, 307 euros, e cunha porcentaxe sobre o total do Estado de case o 11%, o que significa moi por encima do peso da poboación de Galicia no total. Para estar discriminados, para estar agraviados como vostedes din, non está nada mal. Pero voulle a lembrar algunha cuestión máis, hai uns anos, os que agora se lamentan e reivindican –como vostedes- celebraban recibir un 8%. Daquela, cun 8% vendíanlle aos galegos que apoiaban ao Goberno Zapatero, e os orzamentos, e tan panchos. Agora que é o 11%, estamos agraviados. Non se pode falar tampouco, como di aquí no argumentario, que sexa un ano de recortazo ou de discriminación a Galicia, cando somos a quinta comunidade por investimento bruto e a cuarta se engadimos o gasto extra orzamentario, que por suposto non o menciona, non sei por descoñecemento ou porque lle convén, non o sei, vostede saberá. O volume de investimentos, a verdade, non sube en España practicamente, pero o Goberno Central aplica para as contas da nosa Comunidade un factor de corrección para continuar diminuíndo o déficit de infraestruturas. E debemos ter en conta que o Ministerio de Fomento, efectivamente amigo Adolfo, vai investir de xeito indirecto en Galicia - e empecei en Galicia porque quereranlle moito a Ourense, pero empezan por Galicia e nomean en primeiro lugar a palabra Galicia - 900.000.000 que supoñen un 53% máis do que se gastou de forma efectiva o ano pasado; para estar discriminados, para estar agraviados, non está nada mal, señor Rodríguez Suárez. Polo tanto, estamos ante un investimento total de máis de 1000 millóns de euros que debemos velar para que se executen. Aquí m quero parar, porque non é o mesmo orzamentar –parece que o que lles preocupa a vostedes - que executar. De nada vale orzamementar, que o papel pódeo soportar todo, se logo despois non se executa, que é o auténtico real. Polo tanto, e por iso mesmo, a Xunta anunciou a creación dun comité de seguimento dos orzamentos xerais do Estado do ano 2017 para verificar que os orzamentos se executen e os compromisos do Goberno central con Galicia se cumpren. A nós interésanos máis executar que orzamentar, preferimos os feitos ao que pode soportar o papel. Ourense, e tamén falo segundo o argumentario de vostedes, que primeiro e Galiza e despois é Ourense, pois en Ourense os investimentos previstos nos orzamentos xerais do Estado no ano 2017 alcanzan máis de 505 millóns, dos que 33,87 corresponden a Ministerios e máis de 471 a sociedades públicas. Pero eu estas cifras non llas dou nun argumentario, téñollas aquí, porque non sei se as ten ou non, saqueinas de aquí, polo

tanto aquí llas deixo por si quere darlle un repaso e cando remate o Pleno ou cando teña a segunda intervención se quere as pode consultar; ademais téñoas subliñadas, facilidades todas, porque parece que non coinciden e como con números pódese demostra calquera cousa. Eu falo dos números do proyecto de orzamentos do ano 2017. Ourense, pódolle dicir que é a primeira provincia de investimento en ferrocarril, en España con 477 millóns que é un 551% , e digo ben, superior á media provincial de España. En estradas destacan demandas que xa veñen dalgún tempo como as autovías, A – 76, 6,2 millóns de euros e a A - 56, que como sabe vostede é a variante norte por San Martiño da Barrela, máis de 3 millóns, casi chega a 4 millóns de euros. O Ministerio de Educación e Cultura, amigo Adolfo, Educación, Cultura e Deporte, destina a totalidade do seu orzamento en Galicia, que son case 6 millóns de euros, aos proxectos ourensáns do Arquivo, da Biblioteca e do Museo Arqueolóxico; para estar discriminados non está nada mal, no? Porque di vostede que é unha oportunidade perdida e case se conxelan as pensións; mire, o primeiro presidente do goberno e o primeiro partido no goberno que conxelou efectivamente as pensións foi Zapatero. Vostede case que isto non o debería de nomear porque o único que conxelou as pensións en España foi Zapatero, vostede é socialista, non?, Zapatero tamén. O Ministerio de Educación, como lle digo, todo o que ven de orzamentos para Galicia é para Ourense. Política e vivenda, prevese continuar coa aplicación do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación, edificación e a rexeneración e renovación urbana 2013 – 2016, que este ano, 2017, prorrogouse como digo para este exercicio. Así, para a rehabilitación arquitectónica prevese un investimento do Ministerio de Fomento na provincia de Ourense de miles de euros para a recuperación e restauración do claustro do mosterio de Melón, da hospedería do mosterio de Melón, para Santa Comba de Bande e dentro do 1,5% cultural a reforma da praza de abastos nº 1, máis de 3,5 millón de euros. Hai consideracións xerais, como o aumento do gasto social, o 1,7% superior ao do 2016, aumento, por suposto, en pensións e estando en Ourense moito máis, educación aumenta 1,7%, destacando o programa de bolsas e axudas a estudantes e para a prevención integral da violencia de xénero, etc... Non vou  a embriagar aquí a todos os que están con cifras, porque como digo están aquí; pero señoras e señores do BNG e do Partido Socialista, hai que ser ambiciosos, efectivamente, hai que ser reivindicativos sempre, tamén, pero estando no goberno e estando na oposición. O que non pode ser é que cando gobernan o 8% é a panacea e vendémolo por todas partes e cando se lle dedica o 11% resulta que estamos

agraviados. iso si que non e iso non coa. Nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, grazas señor presidente. As previsións de investimento para Galicia que o Goberno inclúe nestes orzamentos viñeron sendo presentadas ao longo dos últimos anos co seu montante total como principal valor. As abultadas partidas para a construción da liña ferroviaria de alta velocidade permitiron aos sucesivos executivos estatais do PSOE, con alzas anuais constantes de 2004 a 2009, e do PP, malia profundar nos recortes iniciados en 2010, debuxar unha escea de compromiso coas obras pendentes no noso país pola vía dos grandes números, con independencia de que parte deses fondos non chegasen a executarse nunca. Nos últimos cinco anos os orzamentos do Estado e da Xunta puxeron sobre o papel importantes sumas de diñeiro, pero unha boa parte non chegou porque xa non saíu. Desde o 2012 a 2016 a promesa do goberno do PP de investir en Ourense 2.702 millóns de euros, quedouse en menos da metade coa execución de tan só 1.073 millones. Pero isto non é exclusivo do goberno do estado, pois o mesmo acontece co goberno da Xunta en relación ao investimento na nosa provincia. Cada ano dísenos que aos ourensáns e ourensás tocounos unha sorte de lotaría en canto a investimento se refire, pero esa choiva de cartos que se nos promete nunca se materializa. De executarse o prometido nestes cinco anos pasados moitas das obras pendentes estarían xa rematadas ou a piques de estalo, entre elas o AVE. Pero esta dinámica dos grandes números acaba de ser freada abruptamente no proxecto orzamentario que se está a tramitar no Congreso, unha caída do 32% cun evidente impacto político en Galiza que o Goberno do PP, facendo encaixe de bolillos trata de xustificar con explicacións peregrinas que atentan contra a intelixencia das persoas. Cero crítica. Fronte a consideración do común dos galegos e galegas, os 924 millóns de euros que corresponden a Galiza son para Feijoo, un éxito a celebrar, pois van supor un 53% superior ao executado en Galiza durante o ano pasado. A chamada a comparar diñeiro orzamentado con diñeiro executado e a poñer o foco no investimento por habitante e non nos fondos totais completábase hai poucos días cun anuncio do presidente da Xunta sobre a posta en marcha desa famosa comisión de seguimento da execución, para gañar tempo e así saír ao paso das múltiples críticas e reproches da oposición polo recortazo, insistimos, do gabinete de Mariano Rajoy, e polas acusacións do pouco peso político de Galiza no contexto estatal. A proximidade do final das grandes partidas do AVE á meseta - a que quedará pendente, para a variante de

Ourense, terá un custo estimado superior aos 600 millóns, pero o horizonte dos primeiros 200 está máis aló de ano 2020, segundo estimacións de Adif - e a inexistencia de novos proxectos dunha magnitude semellante é a principal explicación dunha baixada da que a Xunta era xa consciente antes da presentación do orzamento. Dado que as contas non son as agardadas, nin as que esta provincia precisa para saír dos últimos postos dos rankings que miden desenvolvemento e benestar, agora é o momento de adoitar unha posición reinvidicativa e tentar modificar os orzamentos pola vía das emendas. As institucións, as forzas políticas e sindicais, as forzas sociais non se poden poñer de perfil diante da enésima tomadura de pelo e desconsideración do goberno do estado coa nosa provincia, e é por iso polo que nós solicitamos, e xa o dixen na miña primeira intervención, o apoio desta corporación á moción que traemos hoxe aquí. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana**, dos halagos aquí. Uno es al Bloque, decir que bien escribe Seara porque es el cerebro de estas mociones y escribe muy bien y no lo decimos en broma, lo decimos en serio. También decir qué bien habla Rosendo. Rosendo, si hubiera sido candidato ahora a las elecciones municipales de Orense, en vez de Jesús Vázquez, en vez de perder 5.000 votos como perdió Jesús Vázquez, con Rosendo sólo se hubieran perdido 4.000. Fue un gran error no haber llevado a Rosendo en las listas. Decir que en esta moción vamos a votar a favor porque es singular de Orense y pide dinero para Orense, aunque instar poco caso nos van a hacer, pero en fin, que se le va a hacer. Simplemente decir unos apuntes rápidos de la otra moción, de ese cruce de acusaciones aquí, acusaciones no, palabras, con el señor Plácido del PP, un hombre, Plácido, al que nosotros apoyaremos para que cuando tenga aquí que dimitir del Partido Popular provisionalemente por si le abren juicio oral a Baltar, que seguirá de presidente de la Diputación y el PP intentará echarlo. El acta es de él, pero no es fácil, pero bueno, hay fórmulas para hacerlo. Nosotros apoyaremos a Plácido aunque sospechamos que como Plácido sea presidente, Muíños va a parecer Las Vegas. Es capaz de traer al monstruo del Lago Ness para el embalse. Total, decirte que antes has dicho que siempre me ganas las apuestas, eso es lo que se llama en lógica *falacia de generalización apresurada*, solo ha habido una apuesta, ganáchela, todas, sólo hubo una, la ganaste, claro, falacia de generalización apresurada, hacen falta más. Antes dijiste un dato espectacular, dijiste: *a Deputación de Ourense tivo o maior remanente da historia desta institución*, creo que

dixeches. Dixeches: *tivo o maior remanente da historia*; quedan inauguradas las fiestas del Couto. Eres un show, macho, por favor. No es ningún mérito tener un remanente, eso es que no gastaste el dinero público que recaudaste. Es que no es ningún mérito no gastar el dinero público que recaudaste, ¡ay Dios mío!. Lo que dijiste de Víctor Prieto, no es que ese dinero no es sólo para que viva en Nueva York, es para hacer también unas master class aquí; ¡carallo para la master class, 21.000€! y además dejiste es que viene gente del extranjero, o sea, ¿aún encima le pagamos la master class a tipo que no son de Orense? Bueno, ya es colmo. Si alguien viene a una master class, se la tendrá que pagar, que para eso es una master class. Lo que hay que subvencionar es la educación básica al que no tiene o incluso la universidad, pero ¿una master class? Págatela tú. El que venga a una master class de Víctor Prieto que se la pague ¿me entiendes? Ya que en este Pleno hice publicidad del libro y de Auria Tv, ahora voy a hacer publicidad de una aplicación que estoy haciendo de inglés que va a ser la mejor del mundo, pues esa aplicación para aprender inglés no es ninguna master class ni dinero subvencionado; el que quiera que la use y el que no, no; todo privado. Hay que ayudar al que no tiene, eso sí, a los servicios básicos, pero la master class, amiguiño, la tendrá que pagar el que vaya a la master class. Antes dijiste también lo de la cena, perdona, cuando fue el congreso de óptica que apoyaba la Diputación fueron a cenar al Monasterio de Santo Estevo de Ribas de Sil, al parador, fueron a cenar, sábencho eles ben que quedaron co estómago ben agradecidiño, sábenche ben os ópticos que foron alí cear. Así que no vengas con el rollo de que la gente no va de paparotas cuando hacéis estas historias. ¿Tú crees que todo este dinero que das no es para cena, la mayoría de él? ¡bueno hombre! Y luego ¿qué hace este cuando va a Nueva York con nuestro dinero? Pagarle cenas a todo el mundo y luego hacerse selfies con Raúl, el del Real Madrid, y dice: *vamos a hacer un proyecto deportivo con el Real Madrid*, con dinero público, claro, sí, hombre, sí. Luego dijiste que yo en Auria Tv meto la tixeiriña, vamos a ver Plácido, ¿tú te crees que yo puedo arriesgarme a meter seis horas de Pleno? Se me va toda la audiencia para el *Sálvame* o para el *Cuéntame*, hombre. Tendré que poner lo mejor del Pleno. Si quieres vienes tú un día a mi casa, lo hago allí en el sofá de casa con un DVD editando, vienes allí y editamos juntos por si crees que se me va la mano. Yo recuerdo que una vez, sin ánimo de tal, este señor estuvo sin hablar creo que un año en el Pleno y de repente un día le dieron la palabra y estuvo 45 minutos, ¡hombre! Me deja la audiencia por los suelos ¿entiendes? Lo tendré

que poner un poco, pero no 45 minutos. Si no utilizo la tixeiriña, Auria no vale para nada. Y nada más.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista**: si grazas. Centrándonos no punto da orde do día, que é a moción que presenta o Bloque, de primeiro si imos apoiar a moción que presenta o Bloque. Simplemente algunha matización en resposta tamén á intervención do señor Rosendo. Falaba do tema do AVE que é moi interesante, eu entendo, para Ourense, non só para a cidade, senón para a provincia de Ourense. Deu aquí uns datos, eu tamén teño aquí uns cantos datos; di textualmente: *os números non minten, o gasto social representaba o 28,4% do PIB no 2014 e ahora comprimiranse ao 26,8% no 2017*. Cada un pode entendelos como queira. Pero volvendo ao AVE, por onde vai entrar? Vai a facerse a variante ou vai vir pola liña actual? Porque o que entendemos e que vai vir pola liña actual por iso de fala de ao arredor de cento e pico millóns de euros, porque por fóra vale bastante máis; ou é que nos queren vender dende Fomento outra cousa? Porque sabemos que este é un financiamento que vén con fondos europeos; e unha vez que se faga pola liña actual, a variante exterior olvidémonos dela. Ninguén dos aquí presentes, e algúns son máis novos ca min, vanse lembrar diso. Se queren que falemos do AVE, podemos falar do AVE. Eu levo falando do tema do AVE xa fai moitos anos, a verdade é que parece que en todas as reunións, xa dende aquela época na que Manolo Cabezas era alcalde e sobre o Plan de Urbanismo, cando se empezou a estudar o que era a estación da Ponte, non a de San Francisco; porque si, alí conta cunha grande superficie onde se podían facer moitas cousas, creo lembrar que ao redor de 280.000 metros cadrados,onde quedaría – unha vez recalificado, feito o Plan - poderíanse facer diversas actuacións a parte da estación intermodal. Houbo cambio no goberno da cidade, presentáronse outros proxectos, outros torpedeáronos e aparecían cousas peregrinas do AVE, como se ía para Taboadela ou mesmo para a estación de Santa Cruz. O caso é que, entre os tira e afrouxas no seu momento, unha parte podería estar feita e non se fixo, e agora vannos meter un AVE, coa chegada a Ourense, pois non de primeira categoría. Disto poderíamos estar falando bastante máis tempo, non lle vou a dedicar máis tempo a isto, pero os números son os números e algúns si tamén sabemos de números. Nada máis e grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular,** grazas presidente. Nunca máis lonxe da realidade que vostede non saiba de números, eu non dixen iso nin o puxen en dúbida. O que dixen si, que se poden interpretar, e que hai tres tipos de

mentiras e non é invención miña: as mentiras, as malditas mentiras e as estatísticas, iso non quere dicir que vostede non saiba de números, por suposto que non. A verdade é que despois da actuación anterior miña, non teña máis que dicir, porque nada novo baixo o sol. O señor Rodríguez Suárez non sei se tivo un lapsus, dixo os recortes en 2010; en 2010 quen gobernaba neste país? Os que vostedes estaban a apoiar os orzamentos en Madrid, non? Non se da conta, pero bueno; ou foi un lapsus realista, de dicir que o que vendían naquel momento non era tal, e agoar teñen que dicir a verdade, que houbo recortes en 2010. Repito, os que vostedes apoiaban do goberno central. Eu creo que é o momento de aprobar os orzamentos, non de botar abaixo este proxecto de orzamentos que temos porque están en xogo, e xa o tratamos no Pleno anterior, os grandes proxectos estatais, galegos e ourensáns. Claro que hai un comité de seguimento para verificar a execución dos orzamentos porque eu garántolle que si se executa como queremos, e para iso ese comité, si se executan todos os orzamentos que veñen sobre o papel, a verdade é que avanzamos moito e tamén na alta velocidade, amigo Adolfo. Mire, pregúntame a min por onde vai entrar o AVE, tamén o téñen que preguntar vostedes no Concello que teñen un grupo alí. Dixo que o estamos preguntando hai moitos anos, hai moitos anos; porque aquí veu moitas veces polo tema da entrada do AVE don José Blanco, sendo ministro de Fomento, pois nunca o clarexou tampouco. Polo tanto, no sei si andan os cacos detrás dos ladróns. O que realmente é, é que queremos un AVE de primeira para Ourense porque, ademais, Ourense vai a ser a porta de entrada do AVE dende a meseta a Galicia, e polo tanto merecémolo e das mellores maneiras posibles. Para iso está o presidente da Deputación Provincial de Ourense e o alcalde de Ourense reivindicando ante as autoridades estatais que queremos un AVE de primeira magnitude e de primeira calidade. Polo tanto, non teño nada máis que dicir, porque dende que Manolo Cabezas, vostede nomeouno, o mellor alcalde que tivo Ourense non cabe dúbida, xa se falaba de AVE (non, non, no lle dea así e faga así) dende que era Manolo Cabezas alcalde, falábase do AVE, pero desde que deixou de estar pasaron dou gobernos socialistas; en Madrid e en Ourense, co apoio do BNG en Ourense. Oiga, a verdade é que non fixeron nada, á proba os remito. Polo tanto, nada máis e moitas grazas e, por suposto, non imos apoiar esta iniciativa porque o que queremos é que se aproben os orzamentos e non que se tumben porque non queremos estar máis tempo paralizados economicamente.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, grazas señor presidente. Dende

logo o de contrapoñer, xa o dixen antes, execución aos propios orzamentos seguro que é algún tipo de falacia na que o portavoz de Democracia Orensana nos podería iluminar, porque seguro que cae nalgunha desas categorías. De entrada, se non están orzamentados, moito peor ou moito menos posibilidades vai haber de que se executen, e de feito esa famosa Comisión de seguimento que se nos anuncia por parte do señor Feijóo para ver que, efectivamente, neste ano pois a ver si por primeira vez se cumpre e se executa o máis próximo posible ao 100%, non sei por que non se fixo outros anos para facer ese seguimento e ter esa preocupación. Para rematar, simplemente, e fronte ás críticas e ao que dixo o portavoz do Partido Popular, reivindicar unha vez máis a utilidade da presenza do noso Grupo, o do Bloque Nacionalista Galego nas Cortes do Estado que quedou constatada ao longo dos anos nos que tivemos alí presenza e tamén nos sucesivos debates orzamentarios. Cando fomos determinantes e tivemos capacidade de condicionar conseguimos que se destinara por parte do goberno do Estado o 8% dos investimentos -si, que é pouco, que podería ser máis - estatais en infraestruturas, algo que non se producira nunca. Cantidade que para algúns supuña unha esmola pero que foi superior á que lle correspondería a Galiza por número de habitantes que é o 6,5% de España, e que estaba pensada para compensar a débeda histórica contraída co noso país ao longo dos anos. Por iso, non abonda con dicir que un é galego ou unha é galega, senón que hai que exercer como tal e antepor os intereses do país aos intereses do partido e, neste caso, os intereses dos ourensáns, os intereses da provincia aos intereses do partido; porque, teño que lembrarlles que os deputados que se elixen nas Cortes do Estado por todos os partidos, son representantes dos cidadáns, non representantes dos partidos e se vostedes falan cos cidadáns de Ourense seguro que non lle están nada de acordo con estes orzamentos, co que se destina á provincia de Ourense, co que se destina a Galicia, e que vostedes, logo do que nos dicen, van a votar a favor. E remato, como dicía, hai que poñer os intereses dos cidadáns antes dos intereses do partido e iso, desgrazadamente, so o podemos dicir os que debemos obediencia aos cidadáns e cidadás deste país. Nada máis. Moitas grazas. Agradecer en todo caso o apoio á moción que presentamos, tanto por parte de Democracia Orensana, como do Partido Socialista.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto

décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 10

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

**11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A REFORMA DO FINANCIAMENTO LOCAL.-**

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de substitución a esta moción, con número de rexistro 12.696, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D. Francisco José Fraga Civera, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas señor presidente. Vou co contido da moción. Pasaron máis de 4 catro meses dende que no debate do estado da provincia se aprobou unha proposta formulada polo Partido Socialista a prol de abordar a necesaria reforma do modelo de financiamento local. Coa posta en marcha dun novo marco normativo, sobre todo tras a aprobación da Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local, no contexto da crise económica, esixíuselle ás entidades locais un esforzo financeiro e económico ante o que responderon dende a absoluta responsabilidade. Pasado un tempo máis que prudencial dende a implantación destas medidas promovidas polo goberno do Estado, é hora de aliviar ós concellos, abafados polos recortes orzamentarios, a que poidan contar con máis recursos para facer fronte ás súas competencias. Longamente se leva falado en numerosos foros da necesidade de revisar o financiamento das administracións locais sen que, ata o de agora, se chegara a ningún avance ou acordo efectivo. Os concellos, a pesares dos *hándicaps* cos que se enfrontaron, teñen dado sobradas mostras do seu compromiso polo mantemento dos servizos que ofrecen á cidadanía, sendo a administración que mellores resultados económicos ten ofrecido. Hoxe por hoxe, os concellos, en termos de media, reflicten datos de solvencia económica e arroxan uns resultados de superávit. Entre 4.000 e 5.000 millóns de euros, concretamente, segundo datos da FEMP. Dende o Grupo Provincial Socialista consideramos que é hora de que se premie o seu esforzo e reforcemos as institucións locais, as máis próximas ós cidadáns, cunha reforma do seu financiamento. Ó contrario do que se vén afirmando e que se instalou na idiosincrasia xeral, as entidades locais, sobre todo as máis descentralizadas, non son, de lonxe, as causantes do buraco financeiro que sofren as contas

públicas. Lonxe disto, teñen demostrado ser as máis eficientes e racionais no uso dos seus recursos á hora de financiar os servizos que lle ofrecen ós veciños e veciñas, apostando, en numerosos casos, por fórmulas novidosas e creativas de procura de financiamento e aforro público sen merma destes servizos. Tal e como se afirma dende a FEGAMP, é necesario que se leve a cabo unha reordenación e adaptación do financiamento local ó novo marco estrutural que se foi consolidando ao longo do tempo, e que precisa dotar aos concellos dunha maior autonomía para a prestación de servizos, que necesariamente debe vir unida a unha suficiencia financeira. Para conseguir isto, a Federación Galega de Municipios e Provincias propón que se reforme a participación nos ingresos do Estado, corrixindo as ineficacias existentes que se materializaron en graves prexuízos para os concellos galegos. Como media, os concellos galegos contan có 6,26 % da poboación e reciben, tan só, un 5% do montante total; supoñendo, a participación nos ingresos do Estado, en adiante PIE, en torno ao 30% do que perciben os concellos para o seu sustento. É doado de comprobar que estamos ante unha grave discriminación que se debe atallar para acadar un reparto económico xusto e equilibrado, no que se teña en conta o custo que conleva para as entidades locais asumir a prestación de servizos. Pola súa parte, a FEGAMP reitera a necesidade de introducir – e isto xa vén ao longo do tempo - na fórmula de reparto os criterios de dispersión, extensión territorial e envellecemento, variables que son utilizadas por practicamente todas as Comunidades Autónomas nos criterios de distribución dos seus Fondos de Cooperación Local, e que son rexeitadas polo Estado de xeito recorrente no reparto da PIE. Podemos comprender ata que punto afecta a unha provincia coma á nosa que non se teñan en conta eses criterios, posto que prestar calquera servizo nun concello ourensán, cos seus condicionantes, sempre vai ser máis custoso que noutras provincias do Estado. Pensemos en servizos como a recollida do lixo, no mantemento de quilómetros e quilómetros de estradas, en redes de abastecemento e saneamento e un longo etc. Aos prexuízos antes mencionados hai que sumar os cambios producidos no modelo de financiamento autonómico derivados da Lei 22/2009; mailo modelo de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, o chamado Fondo de Cooperación Local, que precisa, na nosa opinión, dunha urxente reforma – tamén o di a FEGAMP - que aumente as transferencias correntes do mesmo, ó tempo que se reducen os fondos dedicados a subvencións e convenios cos concellos, algo que estes levan longo tempo reivindicando. No tocante ao sistema tributario local tamén debe ser abordado, realizando os axustes técnicos necesarios para cada unha das liñas tributarias. En determinados impostos e

taxas que cobran os concellos existen ineficiencias que deben ser emendadas, valorando a posible introdución de novas figuras tributarias adaptadas aos novos tempos. O complexo sistema competencial das entidades locais tamén esixe unha clarificación, dado que a Lei de racionalización e sustentabilidade, lonxe de ser unha axuda, creou incluso unha maior inseguridade xurídica e económica ós concellos. As entidades locais deben, pois, ter un marco competencial claro e contar con capacidade plena para exercer a xestión desas competencias con autonomía e co financiamento preciso para acometelas. En base ao anterior, propoñemos os seguintes acordos:

1º) Instar á Xunta de Galicia para que aborde unha necesaria reforma do Fondo de Cooperación Local, aumentando a dotación económica das súas transferencias correntes ós concellos e reducindo as transferencias de capital provintes de subvencións.

2º) Esixir do goberno do Estado a introdución, na fórmula de reparto da PIE, dos criterios de dispersión, extensión territorial e envellecemento e que se axilicen as modificacións normativas necesarias que permitan o investimento do superávit xerado polos concellos, así coma aumentar o seu teito de gasto.

3º) Instar ao goberno do Estado e Xunta de Galicia que aborden, de xeito urxente, a necesaria reforma do financiamento local así coma o estudo da reforma do sistema tributario das entidades locais.

4º) Creación dunha comisión provincial na que, contando coa participación de expertos ou expertas no eido da administración local, se aborden as propostas e se avalíen os avances para a reforma da lexislación local, sobre todo, no tocante á defensa dos intereses dos concellos ourensáns.

Este é o contido da moción, a exposición de motivos e as propostas de acordo. Con respecto á moción que presentou o Bloque Nacionalista Galego, dicir que en coherencia co votado e manifestado por nós no pleno anterior, en que trouxeron unha moción similar, temos que votar en contra da mesma. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, Portavoz do Bloque Nacionalista Galego**, moitas grazas señor presidente. Efectivamente, no pasado pleno debatemos unha moción do BNG no que, con datos na man, quedou de manifesto que para atinxir un autogoberno real non

hai outra alternativa que o concerto económico, xa que só así se recadarían todos os impostos na Galiza polo goberno galego, posibilitando a suficiencia financeira necesaria para cubrir os gastos nos servizos básicos fundamentais (sanidade, educación e protección social) e promover o desenvolvemento social, económico e cultural que o país precisa. O concerto é unha alternativa que garante que todos os ingresos pola carga tributaria que soportamos os galegos e galegas sexan de xestión do goberno de Galiza, acordando unha achega a pagar ao Estado polas funcións que desempeña aquí en función das súas competencias exclusivas. O concerto asignaría de forma inmediata un 12% adicional ao financiamento local, e aumentaría nun 24% o que corresponde aos concellos. Ademais, posibilitaría que Galiza, co aumento de recursos tributarios que obtería priorizase os servizos públicos locais e acometera un plan de mellora do financiamento local que ademais do incremento inicial, situase o financiamento medio no entorno do que reciben os concellos das comunidades autónomas que mais achegan ao financiamento local. Así, de posibilitaría situar como horizonte a medio prazo o financiamento en 320 euros por habitante, similar a Cataluña que actualmente ten 318, que reportaría 300 millóns de euros máis para o financiamento local. As melloras adicionais de financiamento das entidades locais galegas só dependerían da negociación en Galicia, entre o goberno galego e a representación do mundo municipal galego, co que se poderían ademais escoller, e ponderar axeitadamente, criterios propios relacionados coa realidade do país e que inflúen decisivamente no custe dos servizos e que agora o Estado non ten en conta, por exemplo a dispersión xeográfica, o avellentamento poboacional, etc... En suma, o nivel de ingresos públicos que pode ter Galiza vén determinado por a política fiscal, que na regulación básica, na xestión e recadación dos grandes impostos controla o Ministerio de Facenda a través da Axencia Tributaria Estatal, tendo Galiza escasos marxes para crear tributos propios ou modificar os estatais. Por outro lado vén en función do sistema de financiamento para a administración galega e tamén para as entidades locais galegas, cuxa distribución e reparto réxese por normas estatais e acórdase nun órgano multilateral onde é decisivo o voto do Ministerio de Facenda; e vén tamén determinado polos obxectivos de déficit e límite de endebedamento do sector público, propostos polo Ministerio de Facenda e aprobados nas Cortes Xerais. Esta decisión afecta logo na elaboración dos orzamentos tanto da administración galega como das entidades locais de Galicia. Nos tres aspectos citados, as

decisións que se adoptan polo Estado son vinculantes para Galiza, polo que o cálculo dos ingresos finais que figuran no orzamento da Xunta de Galiza están sempre supeditados ás decisións do Estado. Este modelo centralista dista do consensuado con Euskadi e Navarra. Ambos territorios forzaron a negociar a blindaxe constitucional de modelos de concerto económico. Así, ademais da asunción de competencias tamén asumiron a xestión e recadación dos tributos xerados nos seus territorios para financiar inicialmente os servizos asumidos, e logo ceder ao Estado a parte que corresponde polas competencias non transferidas. Polo tanto, no caso do concerto económico, son as institucións propias de cada territorio as encargadas de recadar a totalidade dos impostos, e logo fan o reparto, por unha banda para as entidades locais en función das súas competencias e criterios propios, e por outra, abonan ao Estado español o denominado *cupo* como compensación polo que gasta en función das competencias que ten asumidas. En función desta argumentación, do que xa expuxemos no pleno anterior ao respecto da moción do concerto, é polo que nós formulamos esa emenda de substitución que xa anuciou o portavoz do Grupo Socialista que no se vai aceptar, pero que vai en consonancia co que nós defendemos que sería reclamar do goberno do Estado e da Xunta un modelo de financiamento baseado no concerto económico, que atribúa a plena capacidade normativa e responsabilidade na política fiscal a Galicia e con iso poder adoptar un modelo de financiamento local que recolla as transferencias aos concellos dos recursos necesarios para atender ás súas competencias, aos servizos locais, con criterios propios adaptados ás características do territorio e da organización local galega. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, grazas presidente. Permítame que en primeiro lugar agradecerlle esa cortesía que me apoiaría non sei para que o señor Jácome que non sei si o fai sinceramente ou envelenadamente; vou a pensar que é o primeiro. De todas maneiras, garántolle que non terá vostede ese traballo. Moitas grazas. Dito isto, anúnciolles que estamos dispostos a votar a favor dos acordos propostos na moción, sempre e cando, señor Fraga Civeira, retiren o punto catro da proposta de acordo, ou ben se vote por separado. Vostede mesmo nolo dirá na segunda intervención e logo direi por que. Non procede que en ningún caso que esta deputación, e vostede entenderame perfectamente, usurpe as funcións do parlamento do Estado e incluso de asociacións e federacións de municipios e provincias e tamén, que poderiamos decir, dos parlamentos

autonómicos. Nós non estamos para iso, eles como representantes da cidadanía si que están. Solo faltaría, señor Fraga Civeira, que cada provincia por libre opinara sobre a reforma da lexislación local, para que serven entonces o Congreso dos Deputados e o Senado? Vostede me dirá. Logo criticamos que o Senado é unha cámara que non serve para nada e a dos Deputados que non sei que e non sei canto, e vostede aínda quere vacialas máis de contido. Lémbrolles, a efectos informativos e creo que é un dato importante, que o pasado mes de marzo constituíuse a comisión de expertos, composta por catedráticos e profesores de disciplinas xurídicas e económica, para a reforma do financiamento local. Por certo, esta comisión está composta por dez membros, cinco propostos pola Federación Española de Municipios e Provincias e cinco designados polo goberno central. Esta comisión, como todos saberán, dispón de seis meses – prazo limitado - para presentar o seu informe final, que pintamos polo tanto nesta Deputación creando unha comisión con expertos como vostede nos propón? Que o fagan os nosos representantes, os representantes da cidadanía no Congreso, no Senado e nos organismos ou institucións ás que me referín anteriormente. Con respecto á emenda do BNG, vostede mesmo dixo que non lla aceptaban e por suposto que nós non a iamos a votar, señor Rodríguez Suárez, a nosa posición está clara e polo que vexo a de vostedes tamén; nada que ver unha coa outra. En todo caso permítame que lle lembre o seguinte e dareille uns datos que eu creo que son importantes. A comunidade galega, señor Fraga Civeira, foi pioneira en fixar un modelo de participación das entidades locais nos tributos autonómicos estable, cunha garantía de mínimos, unha verdadeira participación en ingresos xa que está vinculada á recadación tributaria da facenda autonómica, e despois de fixado este modelo o Partido Popular, na Xunta de Galicia, foi quen de mantelo nos peores momentos da crise económica e iso recoñeceranmo con nós. Uns datos importantes que creo que os debemos ter en conta. No ano 2009 creouse un fondo extraordinario dotado cun millón de euros dirixido aos concellos con menos de 5.000 habitantes –os que xa somos veteranos de guerra lembrámolo perfectamente- ; no ano 2010 incorporáronse aos orzamentos o Fondo Extraordinario de apoio aos concellos de máis de 18 millóns de euros, precisamente co fin de compensar a baixada do Fondo e garantir que os concellos galegos seguisen percibindo o mesmo montante nese exercicio, ano 2010. A partir do ano 2011 estableceuse unha nova regulamentación do Fondo, na que se contempla un mecanismo de garantía coa finalidade de que ningún concello galego vira aminorada a

súa participación en relación co importe que viña percibindo no ano 2009. Garantiuse que todos os anos o importe mínimo do Fondo fora de 113 millóns de euros e que todos os concellos galegos percibiran, como mínimo, o que recibiron no ano 2009; un complemento adicional que, dende o 2012 ata o 2015, proporcionou máis de 21 millóns de euros aos concellos galegos, cantidade que non terían percibido de manterse a normativa reguladora do Fondo, por certo, señor Fraga Civeira, aprobada polo goberno bipartito, non o esqueza. Ademais, no ano 2017, no presente ano, os concellos van a recibir 4,4 millóns de euros máis como consecuencia do bo comportamento dos ingresos –recoñézano vostedes- froito tamén da política de estabilidade e posterior crecemento conseguida polo goberno galego durante todos os anos mencionados, esperemos que o señor Pérez Jácome non cuestione tamén isto, posto a cuestionar todo. Hai que ter en conta tamén que as achegas da Xunta de Galicia aos concellos –e isto tamén deberiamos recoñelo todos- non se limitan ao Fondo de Cooperación Local que achegará nada menos que 119 millóns de euros aos concellos no presente ano. Se exceptuamos os territorios con réxime de financiamento especial, como son Canarias, País Vasco e Navarra, Galicia é a rexión de España que máis recursos adica a un Fondo de Cooperación incondicionado de España, se mire polo indicador que se mire: por habitante, polo PIB, por orzamento ou por ingresos tributarios; a isto hai que engadir –e non o olvidemos tamén- os recursos do canon eólico -24 millóns de euros- e a cantidade destinada a transferencias ás entidades locais de Galicia que, polo menos, os que temos a responsabilidade de gobernar un concello, témolo claro; xa digo, as transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións que figuran recollidas nos diferentes programas dos estados de gastos da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma e que ascenden, no ano 2017, a un montante de 208,5 millóns de euros. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civera, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas señor presidente. Por partes, como fan os carniceiros. Dicirlle, é difícil, e seguramente entendeu mal o punto cuarto, en ningún momento trátase de suplantar as competencias de ninguén, nin que esta cámara, ou esta institución ou este plenario se convirta nun órgano lexislativo para lexislar o que non é da súa competencia. Aquí, o que se di é que se cree unha comisión na que participen expertos en Administración local, na que se aborden propostas e se avalen avances, porque cando se fala nesta moción de financiamento local non solo se fala do financiamento

que se percibe nos PIE, na participación dos ingresos do Estado, senón tamén do Fondo de Cooperación Local. No financiamento por parte da Xunta de Galicia, por suposto os concellos ourensáns son moito más necesitados, como xa vimos dicindo, tamén os de Lugo, esa diferencia entre a franxa atlántica e o interior de Galicia que ten unhas necesidades maiores e que se despoboa. Nós entendemos que esta deputación ten polo menos algo que dicir. Esa comisión que nós propoñemos e na que participen expertos e se faga causa dunha postura unánime. A maiores, eu creo que este punto cuarto foi aprobado no Debate do Estado da Provincia tamén por vostedes; polo tal non tería agora sentido votar que non e retiralo cando en novembro votamos que si. Énos difícil quitalo, é certo que o que a nós nos interesa son os tres primeiros puntos, porque evidentemente o importante é acadar unha mellora no financiamento, haxa comisión nesta deputación ou non a haxa. Agora ben, se en novembro, no Debate do Estado da Provincia, votamos este acordo agora non vexo por que o temos que quitar. Xa digo, debeume de entender mal na atribución de capacidade normativa a esa comisión, que non a ten, en ningún momento pódese deducir do que aí pon. En canto ao que fala vostede sobre o financiamento local, son coñecedor nese período, porque estaba eu na comisión executiva da FEGAMP, lémbrome perfectamente de cando se adoptou o acordo coa Xunta de Galicia para que se seguira mantendo o Fondo nas contías nas que estaba e que cada concello non percibise menos do que viña xa percibindo. Tamén lle digo que nunca estiveron mellor financiados os concellos galegos – aí están os fondos complementarios e os adicionais - que durante o período do goberno bipartito. Hai unha realidade que é innegable, e que moitos dos que vostedes se sentan aquí padecen, tanto os que son alcaldes como os que teñen responsabilidades de goberno, que é que teñen que suar para elaborar os seus orzamentos, teñen que andar coa calculadora para liquidalos cumprindo cada vez máis requisitos e regras impostas polo Goberno. Cantas veces ultimamente non teñen que modificar os orzamentos porque lles chegan unhas liquidacións negativas do PIE coas que non contaban? Cantas veces viron as necesidades dos seus veciños e non poden remedialas e teñen que dicir que non a moitas das peticións porque non lle atopan encaixe nas subvencións da Xunta? Subvencións, por outra banda, que lle supoñen aos concellos unha carga burocrática tanto á hora de solicitalas, como sobre todo á hora de xustificalas; por non falar do tempo que se tarda en cobralas, adiantando fondos e xerando tensións nas tesourerías dos concellos. Tamén había unha petición unánime da FEGAMP, que creo que a sigue mantendo, no ano 2011 e era que

nos orzamentos da Xunta do ano 2010 viñan destinados ao redor duns 400 millóns de euros para subvencións aos concellos. O que se pedía, de xeito consensuado e unánime, polas tres forzas que daquela estaban na FEGAMP era que cada ano se fose retirando en torno a un 15% desas subvencións e se foran trasladando a un Fondo de Cooperación Local. Pouco máis que dicir nesta segunda intervención, pídolle que reconsidere a retirada do punto cuarto, basicamente por esa razón, porque fixo unha interpretación que non se correspondería coa nosa intención e, segundo, porque estaba aprobada no seu momento. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego**, grazas, señor presidente. Algúns datos nesta segunda quenda: a recadación fiscal no territorio de réxime común no conxunto de Estado español segundo a Axencia Tributaria, foi máis ou menos a  seguinte. Se temos en conta o ano 2014 - último ano liquidado definitivamente -, a recadación global que xestiona a AEAT dos impostos esenciais, case 175 mil millóns de euros, foi distribuída do seguinte xeito: como recursos tributarios non financeiros para as Comunidades Autónomas, 103 mil millóns de euros e ás entidades locais, a través da Participación de Ingresos no Estado, un pouco máis de 17 mil millóns de euros. Polo tanto, a Axencia resérvase máis do 30% dos recursos tributarios e a parte que distribúe a nivel territorial apenas atinxe o 70% da recadación dos impostos máis importantes. Máis datos, en 2014, as entidades locais galegas recibiron un pouco máis de 1.100 millóns de euros, e foron claramente prexudicadas en relación a outras entidades locais do Estado. Xa se dixo aquí o dato, Galicia cun 6,2 % de poboación sobre o total das comunidades de réxime común apenas percibe o 5% desa participación dos ingresos do Estado. Os concellos galegos reciben de media un pouco menos de 210 euros por habitante fronte aos 261,4 do Estado. A media de ingreso por habitante das cidades galegas é de 251 euros, fronte aos 499, practicamente o dobre, de media das principais cidades do Estado. No período en vigor do actual sistema de financiamento local (13 anos, de 2004 a 2016) pódese estimar que as entidades locais galegas perderon 1.513 millóns de euros polas contías percibidas de menos en relación coa media dos concellos do Estado. A situación é mais grave e discriminatoria aínda respecto das cidades galegas –vcomo xa dixen - dado que reciben só a metade por habitante respecto das grandes cidades do resto Estado. A última liquidación dos impostos realmente recadados en Galiza pon de manifesto a capacidade fiscal real e tamén desmonta o mito da suposta achega do Estado, así como a solidariedade que recibimos. Para nós o concerto é a única vía para atinxir

aumentar a correspondencia entre o pago de tributos e os servizos recibidos a cambio; temos que dicir que o Estado español nunca asumiu este principio, agás o caso de Euskadi e Navarra, e mesmo o señor Feijoo o acepta agora para Cataluña, pero non para nós; debería case explicar por que. Nós imos a manter a nosa proposta de resolución, ímola votar loxicamente a favor e non nos é suficiente a proposta orixinal, co cal teremos que posicionarnos en contra dela. Como digo, reivindicamos o noso modelo baseado, insisto, no concerto económico. Nada máis e moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, grazas señor presidente. Vexo, señor Fraga Civeira, que ao final recoñece que o esencial é o esencial; pero vostede, no sei si emulando ao señor Pérez Jácome que el quere cousiñas para a súa televisión, vostede tamén as quere para os medios, entón quere que isto dure. Mire, a quen lle remitiriamos ese estudo que vostede pretende que faga unha comisión de expertos nesta provincia? e para que serviría? Vostede que foi alcalde, e eu tamén, hame dicir para que serviría iso e que atención lle prestaría esa comisión de expertos ou incluso nos Parlamentos. Porque, digo eu, e pasaron moitas cousas porque vostede recoñecerá e me di que si aprobamos esa cuestión no pasado plenario do Estado da Provincia, hai que pensar que os temos corren e en política tamén, dende entón recoñecerá vostede que houbo un acordo importante entre a Federación Española de Municipios e Provincias e o Goberno do Estado, si ou non? Si houbo ese acordo referido a este tema, que pintamos nós agora no medio? Que lle vamos a aconsellar a esa Comisión de expertos? Facemos unha subcomisión dunha subcomisión? Xa estamos cheos de facer estudos, propostas e comisións para que non sirvan para nada e, ademais, démoslle contido a quen llo temos que dar que son os parlamentos e sobre todo o parlamento do Estado español, o Congreso e o Senado, que despois do estudo final que faga esta comisión de expertos, alí, os seus representantes – os do noso partido, os do seu e todos que ao final representan á cidadanía desta provincia - algo terán que dicir. Deixémoslle facer o seu traballo, non lle quite vostede que ao mellor xa non teñen moito, que teñan algún polo menos señor Fraga Civeira. Logo, dime tamén que no goberno bipartito todo era mellor, home, eu non lle quero lembra a débeda que nos deixaron porque a verdade é que, faga vostede números, aquilo era espectacular. Recórdeo. Cando se bota pola ventá, como din no meu pobo, logo hai que pechala e meter pola porta, verdade que si? Non lembremos eses tempos porque

logo vostede bótame en cara que eu falo do bipartito, que xa pasou moito tempo e vostedes recórdano tamén; pois recorden o malo, porque a débeda foi impresionante, e senón traerémoslle aquí algúns datos e falamos deles cando queira. Polo tanto, quede clara a posición do Partido Popular, e polo tanto do grupo de goberno e do presidente desta deputación, no sentido de que o Partido Popular de Galicia comparte – vexo que non están de acordo cos datos, o próximo día prometo traelos - a proposta dos municipios galegos que piden que se teñan en conta criterios como a dispersión, a extensión ou avellentamento da poboación que inflúen nos custos – todos o sabemos - inflúen considerablemente nos custos dos servizos que temos que prestar. En todo caso, esta reforma do financiamento local non pode estar desligada do financiamento autonómico, supoño que niso coincidiriamos tamén. O acordo sobre a reforma do financiamento autonómico foi ratificado na recente Conferencia de Presidentes e decidiuse crear unha comisión de expertos con representación das comunidades que abordará o financiamento local xa que está moi ligado, como digo, ao autonómico. Será esta comisión, e non mini - comisións por ningún lado e repartidas polo Estado español, a que formule o modelo de financiamento que se fundamentará nos principios de suficiencia, equidade, transparencia, corresponsabilidade fiscal e garantía de acceso aos servizos públicos. Repito, señor Fraga Civeira espero que nos aclare se admite que votemos os puntos por separado, se quere que votemos en conxunto ou se retira o punto catro. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civera, portavoz do Grupo Socialista**, moitas grazas. Imos ver, a moción recolle, salvo o punto cuarto que foi votado por vostedes aquí - o tempo corre, pero catro meses coincidirá comigo que non son moitos nun tema como o do financiamento local do que se leva falando anos e anos- o resto dos puntos foron consensuados de xeito unánime polas súas forzas políticas –exclúo a Democracia Orensana porque non está na FEGAMP- na FEGAMP e vostedes saberán o que votan nun caso e o que votan noutros. Home! Non será nesta deputación por comisións de expertos, clúster e outras fandangas. Unha máis e para tratar dun tema tan esencial como é o do financiamento local, xa me dirá vostede. Home! Xa non vou ir a toda España, pero concellos galegos. Hai unha notable diferenza entre a maior parte dos concellos da franxa atlántica e os concellos ourensáns. O despoboamento aquí é galopante, alí non tanto e iso inflúe moito na prestación de servizos e no financiamento deses servizos. Non teño inconveniente en botar contas de débedas pasadas, tamén da

administración Fraga e da administración Feijóo, se facemos, facémolo de todos, e tamén da administración estatal, con datos. Non lle vou facer como o señor Vicente que lle trouxo unha factura para que vostede vise, quedamos outro día e vemos tranquilamente os datos eses. Miren, temos opción de facer fronte común, defender o financiamento local axeitado, de deixar de sermos – inclúome eu tamén aínda que non o sexa - alcaldes esmolantes que van petando nas portas doutras administracións para pedir ao que temos dereito. Ou ben rematamos con esta situación, ou non será certa a autonomía municipal da que tanto falamos mentres non haxa suficiencia financeira. Non precisamos de tutelas innecesarias polo que eu digo que se faga un fronte común e esixamos o que nos corresponde, máis alá de cuestións partidistas porque as eivas no financiamento local aféctannos a todos. Con respecto ao que di vostede, non teño inconveniente en votalos por separado, pero eu xa lle digo, home teremos que ser coherentes co que temos votado noutras ocasións. Non hai moito votouse a favor aquí do punto cuarto, si, si se queren léollo, e na FEGAMP vostedes mesmos acaban de votar a favor dos outros puntos. Moi ben, nada máis pola miña parte.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 11

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación, e co acordo de todos os grupos, conforme esixe o Regulamento Orgánico da Deputación, somete a votación os catros puntos que constitúen a proposta da moción do Grupo Socialista por separado, obténdose o seguinte resultado:

Punto 1º.- Voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), voto en contra do BNG (1) e abstención de Democracia Ourensana (2).

Punto 2º.- Voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), voto en contra do BNG (1) e abstención de Democracia Ourensana (2).

Punto 3º.- Voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), voto en contra do BNG (1) e abstención de Democracia Ourensana (2).

Punto 4º.- Voto favorable do Grupo Socialista (8), voto en contra do Grupo Popular (14) e do BNG (1), e abstención de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia para que aborde unha necesaria reforma do Fondo de Cooperación Local, aumentando a dotación económica das súas transferencias correntes aos concellos e reducindo as transferencias de capital provenientes de subvencións.

2º.- Esixir do goberno do Estado a introdución, na fórmula de reparto da participación dos ingresos do Estado, dos criterios de dispersión, extensión territorial e envellecemento e que se axilicen as modificacións normativas necesarias que permitan o investimento do superávit xerado polos concellos así como aumentar o seu teito de gasto.

3º.- Instar ao goberno do Estado e Xunta de Galicia para que aborden, de xeito urxente, a necesaria reforma do financiamento local así como o estudo da reforma do sistema tributario das entidades locais.

**12º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SANIDADE PÚBLICA DE VERÍN.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda de substitución con número de rexistro 12.099, e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, moitas grazas señor presidente. Aproveito para saudar aos representantes desta plataforma que hoxe nos acompañan aquí. Dicir que esta é unha moción que trouxemos ao anterior pleno pola vía de urxencia, pero daquela foi rexeitada a urxencia co cal vén hoxe pola vía ordinaria. Unha vez máis lamentar que este tipo de mocións non poidan ser defendidas polas propias plataformas, polos propios cidadáns, polos propios colectivos, etc..., porque non existe o mecanismo nesta deputación para que o poidan facer e teñen que ser asumidas por algún grupo para poder traelas ata aquí; neste caso, nós asumimos a moción como propia e imos a defendela e a pedir o apoio para esta. Eu voume a limitar, en primeiro lugar, a darlle lectura á exposición de motivos que é o manifesto da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca de Monterrei e despois exporei cales son as súas reivindicacións e tamén farei referencia á emenda de substitución que formulou o Partido Socialista. Na exposición de motivos di o seguinte:

*Centos de veciños e veciñas da comarca de Monterrei, desde Verín, Laza, A*

*Mezquita, A Gudiña, Cualedro, Monterrei, Oímbra, Riós, Vilardevós, Laza, Castrelo, Viana do Bolo e Xinzo de Limia saíron as rúas de Verín o pasado sábado 18 de marzo reclamando que a saúde é un dereito, non un negocio. Con este acto queremos simplemente dicir basta xa. Estamos cansas e cansos da improvisación coa que se fan as cousas. As persoas importamos, tanto os usuarios da sanidade como aos traballadores.*

*A plataforma en defensa da sanidade pública da comarca de Monterrei nace, unicamente, coa finalidade de defender a asistencia sanitaria da comarca e protexer un ben tan prezado e importante como é a saúde. Non se pode permitir que a sanidade pública se converta nun negocio no que uns poucos se benefician a costa da saúde de todos.*

*Que está a acontecer na área para que conseguiran sacarnos das nosas casas a protestar? Pois a situación de abandono total que sufre a nosa sanidade, a improvisación coa que se fan as cousas, o desprezo polos usuarios, a falta de respostas por parte da administración que xestiona a sanidade, a indignación de ver a escasa preparación que teñen que demostrar os xerentes para dirixir a sanidade da nosa provincia, a prepotencia, a deixadez, en fin a situación de caos e a sensación de desgraza inminente de que algo vai suceder.*

*Fagamos memoria, desde hai anos non existe pediatra especialista na atención hospitalaria. A atención aos nenos recén nados depende da existencia de pediatras, polo tanto esiximos as mesmas garantías de coidados dos nosos cativos que en calquera outra area sanitaria onde haxa paritorio, pedimos que se dote de pediatría hospitalaria. O noso ben mais prezado son os nosos pequenos, queremos que veñan a este mundo con toda a seguridade posible.*

*Falemos da situación da atención primaria, a que debería ser o eixo do sistema sanitario. Pedimos dos nosos xestores unha correcta dotación do persoal de atención primaria, demandamos que deixen de desaparecer postos de traballo que logo son amortizados, que deixen de facerse contratos por horas, xa que é inadmisible para os usuarios é indigno para os traballadores, o sistema non pode seguir resistindo grazas ao voluntarismo dos profesionais.*

Logo desta exposición, a Plataforma esixía, e nós cremos que están en todo o seu dereito de esixir:

*1.º A dotación adecuada de profesionais da sanidade.*

*2.ª A recuperación dos coidados paliativos para os nosos doentes, queremos un servizo de calidade e con continuidade no tempo.*

*4.º A implantación do servizo de hospitalización a domicilio, tantas veces prometido, correctamente dotado de profesionais e de medios. Non pode ser que a sanidade vaia tirando grazas ao esforzo dos traballadores e traballadoras.*

*5.º A redución das listas de espera cirúrxicas e que non se deriven os nosos doentes a privada. Esiximos aos responsables da xestión da sanidade o respecto que se merece a poboación desta comarca, dende aquí dicirlle que temos o dereito a nacer vivir e morrer dignamente.*

Está asinada en Verín a 18 de marzo de 2017.

Como xa se dixo a esta moción, a estas reivindicacións da Plataforma pola Sanidade da comarca de Monterrei presentouse unha emenda por parte do Partido Socialista.A emenda vai no sentido de completar algunha das cuestións que se reivindicaban desde a Plataforma e voulle dar tamén lectura:

*Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) ás seguintes cuestións dentro do Hospital de Verín:*

*1.º Dotar de efectivos necesarios á Unidade de Medicina Interna tendo en conta o aumento de pacientes na área de referencia, así como a restitución do servizo de paliativos.*

*2.º Posta en marcha e dotación do servizo HADO (Hospitalización a Domicilio).*

*3.º Dotación de pediatría hospitalaria na Unidade de Paritorio.*

Logo de falar cos representantes da Plataforma, están de acordo en que os acordos, valla a redundancia, sexan os que concreta a emenda de substitución do Grupo Socialista, co cal se retirarían os que ían na moción orixinal que formulamos nós en nome da Plataforma, e se votarían, para o que pedimos o seu apoio, os que propón o Grupo Socialista. De momento na primeira intervención nada máis. Grazas

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Orensana**, entendemos que a emenda do PSOE, aínda que non na letra, pero practicamente no espírito coincide practicamente co que pide a Plataforma. Queda soamente o tema das listas de espera e tal, pero bueno votaremos a favor do proposto por o portavoz do BNG. Grazas.

**D.ª Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista**, grazas señor presidente. Bos

días señores deputados, señoras deputadas, señor presidente, señor secretario, señora secretaria de intervención, señores que están presentes na sala e, polas indicacións que teño do meu compañeiro, bos días tamén á presidenta da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca de Monterrei, moitas grazas polo seu labor en defensa da sanidade pública da comarca desa comarca que tamén é da comarca da provincia de Ourense. Debido a que en moitos dos concellos da comarca de Monterrei se aprobou unha moción promovida pola Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca de Monterrei que defire da proposta de acordos presentada nesta institución, pensamos que se debe aprobar a resolución orixinal polo que propoñemos a substitución en base aos acordos seguintes. Volvo a ler os acordos (grazas ao portavoz do BNG por aceptar a emenda):

*Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) ás seguintes cuestións dentro do Hospital de Verín:*

*1.º Dotar de efectivos necesarios á Unidade de Medicina Interna tendo en conta o aumento de pacientes na área de referencia, así como a restitución do servizo de paliativos.*

*2.º Posta en marcha e dotación do servizo HADO (Hospitalización a Domicilio).*

*3.º Dotación de pediatría hospitalaria na Unidade de Paritorio.*

Entendemos que, en aras de manter a unidade de acción, deberíase respectar – grazas por telo respectado - o que foi aprobado nos concellos directamente afectados polos recortes dentro do centro hospitalario de referencia de Verín e, sobre todo, dos usuarios e pacientes desa área sanitaria. Canta máis unidade na reivindicación, maior forza acadaremos á hora de presionar á Xunta de Galicia e fundamentalmente á Consellería de Sanidade. Non obstante, consideramos que a intención do BNG ao presentar esta outra moción da Plataforma vai no mesmo senso de todos os manifestantes en Verín para que cesaran os ataques á sanidade pública, aos pacientes e ao labor dos profesionais – tanto sanitarios, como non sanitarios - do Centro Hospitalario que atende non só aos concellos da comarca, senón que é un centro de referencia para outros municipios limítrofes, por exemplo o de Xinzo. Por agora, nada máis. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular**: moitas grazas presidente. Unhas cuestións previas, señor Rodríguez Suárez, por que noutras mocións se lle permitiu defender as iniciativas a quen veu aquí, ás plataformas

correspondentes e hoxe non? Non mudou nada doutras veces a esta, non mudou absolutamente nada. Outras veces permitíronllo, nós non dixemos que non puidesen debater ou propor oralmente á plataforma. En absoluto, daríame igual debater con vostede que coa Plataforma. Segundo, di vostede que esta Deputación non ten mecanismos de participación. Eu non quero facer leña, de verdade, pero vostede leu algunha vez o Boletín Oficial da Provincia nº 130 do martes 7 de xuño de 2016? Por certo, estaba vostede aquí. Di textualmente: *nos Plenos de carácter ordinario unha vez concluída a sesión o presidente pode establecer unha quenda de rogos e preguntas para o público asistente sobre temas concretos*. Polo tanto, non trate vostede de confundir, niso ten mal enimigo. E dígame por que hoxe a Plataforma non puido defender esta iniciativa? Dito o dito, tamén di vostede que está asinada pola Plataforma. É mentira. Nós ímolo a debater igual. Non está asinada. Ademais xa llo dixen a unha persoa ligada ao seu Grupo, que alguén ten que facerse responsable, que para iso hai que asinalo. Vostede acaba de dicir agora: *asinada pola Plataforma*; pois non está asinada pola Plataforma. Polo tanto, cando se pronuncie – aínda que somos políticos e parece que a política non ten o mellor momento para ser creíble - especifíqueme ben e diga a verdade. En canto á iniciativa, mire, nós imos aprobar a emenda que puxo o Partido Socialista porque nos parece máis coherente que falar de privatización da sanidade, sanidade que é un negocio, reducción de efectivos... Mire, eu dígolle unha cousa toda idea que se esaxera perde o seu valor, dicía Talleyrand, que era un cura e político francés do século XVIII. Polo tanto, non convén esaxerar. Tamén lle podo dicir, unha vez lido o que pon a Plataforma e a emenda do Partido Socialista, que digo e repito imos apoiar, é bastante diferente, é bastante diferente. Polo tanto xa lle anuncio, o que trae aquí a Plataforma vaise rexeitar unha vez aprobada a emenda, estamos de acordo? Porque é así. Pero, mire, de que privatización fala? Eu creo que cando falamos de sanidade debemos deixar e rexeitar a falacia política. Todo é mellorable, si, pero a sanidade en Ourense e Verín resulta obvio que é pública, que é gratuíta, que é universal, que é de calidade e non está privatizada. Así de claro. O Hospital de Verín conta cun cadro médico que eu creo que, se non é óptimo, podemos dicir que é axeitado en canto ao servizo de medicina interna que está formado por sete especialistas, e tanto este persoal como o correspondente á dotación de persoal sanitario ten un dimensionamento – que se non quere que lle digamos óptimo - é adecuado para atender os ingresos, para atender as consultas e as gardas de medicina

interna. Xunto a eles, a área médica do Hospital de Verín ampliouse nos últimos tempos cun especialista. Mire, eu era director do Sergas cando se puxo en marcha o Hospital de Verín e, dende logo, dende aquela - que xa choveu, a mediados dos 90 - ata o de agora, conta servizos de oncoloxía, de cardioloxía, de neuroloxía, de reumatoloxía e de endocrino; quere dicir que algo se vai avanzando, por non dicir bastante. Incorporáronse as consultas de telemedicina e as vías rápidas que facilitan a comunicación e a atención con outras especialialidades do Complexo Hospitalario ourensán. Asistencia pediátrica, efectivamente aquí hai unha eiva que está solucionada polo momento, pero dinme que o problema, a corto e medio prazo, está traballando duramente a Consellería de Sanidade porque hai un déficit de especialistas en pediatría, no so en Galicia, senón tamén en España. E onde non hai, non se pode sacar; non sendo que se faga a multiplicación dos pans e dos peixes, que nisto, aínda que tratemos de sanidade, tampouco se fai. Hai que mellorar a unidade de paliativos, que hai unha unidade cun profesional e cunha enfermeira e que atendía a hospitalización a domicilio. Dime o novo xerente que da primeira reunión que tivo cos sindicatos hai un compromiso de levar a cabo á atención a domicilio que a min, como sanitario, paréceme esencial e imprescindible. Fálame de que non hai investimento no hospital de Verín, a min pásanme – non creo que me enganaran - máis dun millón de euros en aquisición de novos equipementos –TAC, mamógrafo, ecógrafo e as torres de endoscopia - e tamén se investiron 300.000 euros para renovar as conducións de auga e instalar un novo sistema de control centralizado en instalacións. Son investimentos, ao mellor vostede di que son gastos, son investimentos. Polo tanto, nin *tan tan*, nin *muy muy*. Todo é mellorable e hai que mellorar, foise mellorando ao longo do tempo; pero que me veña a falar vostede, porque debe oír de campanilla, de privatización da sanidade. Eu non coñezo a ninún cidadán da comarca de Monterrei que fose pagar ao hospital de Verín, para falar de que está privatizado o servizo e que se fai negocio. Xa lle digo, todo o que se esaxera tende á súa desaparición e perde crédito. Despois da segunda quenda, se quere doulle tamén os datos das listas de espera que son bastante mellores que os das outra áreas no só de Ourense, senón de Galicia. Nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, Portavoz do Bloque Nacionalista Galego**: moitas grazas, señor presidente. Primeiro voume a referir ás cuestión previas que formulaba o portavoz do Grupo Popular. Con referencia ao que dicía de porqué esta vez non interviron e

outras veces si, pois dicirlle que nós sempre lle ofertamos a todas as plataformas nas que presentamos mocións cando as temos que traer aquí no seu nome, sempre lle ofrecemos que fagan esa intervención. Neste caso declinárono, outras veces aceptárono, co cal non hai ningún problema. Como o declinaron, nós - como encargados de trasladar aquí a petición - somos tamén os encargados de defendela. Respecto ao que me dicía que hai mecanismos, pois nada máis lonxe da realidade. Vostede xa se contestou a si mesmo na pregunta, dixo que nesta Deputación ao rematar os Plenos hai un mecanismo polo que os colectivos, as persoas, poden dirixirse á Presidencia e facer rogos e preguntas. Non estamos diante dun rogo, dunha pregunta, estamos diante dunha iniciativa, con acordos, etc, que non ten ningunha canle de canalización dentro desta casa que non sexa a través dun Grupo provincial. Dicirlle que nós asumimos as reivindicacións da Plataforma, pero non son unhas reivindicacións do BNG, non personalice tanto en nós, son as reivindicacións dos veciños e veciñas da comarca de Monterrei, son as peticións dos veciños e veciñas da comarca de Monterrei, é como os veciños e veciñas da comarca de Monterrei perciben – porque son os que o viven en primeira persoa - o funcionamento da súa sanidade ou da sanidade, neste caso, do hospital ao que teñen que acudir cando teñen algún tipo de problemática. As peticións que fan son as peticións dos veciños e veciñas da comarca de Monterrei organizados en torno a esta Plataforma, nós coincidimos con elas, pero non son as peticións do BNG; con respecto a iso, nós falamos, dende logo non iamos a tomar ningún tipo de decisión respecto das emendas que se puideran presentar sen consultarllo antes, como digo, porque non é unha moción do BNG, non é unha iniciativa do BNG aínda que nós asumímola. Nós falamos con eles e como están de acordo en aceptar a emenda de substitución que se formula que, como digo, vai ao concreto de cousas das que eles falaban, de cousas que lles formulaban e a emenda as concreta e como ben aclarou a portavoz do Partido Socialista foi o que se aprobou nos propios concellos, nós non temos ningún problema, todo o contrario porque repito non é una moción do BNG, de aceptala e de que o que se vote finalmente sexa esta resolución que nos propón o Grupo Socialista. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo do Partido Socialista**, moitas grazas. Contestando ao señor vicepresidente que recorda cando naceu o hospital de Verín, lémbrao moi ben porque estaba nun posto de responsabilidade, eu tamén o lembro moi ben, estaba noutro posto de representación dos profesionais sanitarios – no Colexio de Médicos - e

lembro que naceu como unha fundación e que os déficits que vimos arrastrando dende ese momento de creación como unha fundación, persisten hoxe. Ben dixo vostede que todo é mellorable, claro que mellorou moito desde que se creou como unha fundación ata o de agora, que é do Servizo Galego de Saúde, pero hai moitas eivas e hai moito que mellorar, porque esas deficiencias aínda seguen arrastrándose, aínda hai moito que mellorar. Sen querer desmerecer o texto expositivo da moción presentada, cómpre engadir unha serie de datos que afondan, máis se cabe, na gravidade da situación. No Hospital de Verín non só están a atacar diversas áreas ou especialidades, senón que é o propio servizo de urxencias o que se está vendo afectado polos recortes. Os profesionais que alí traballan denuncian un aumento da carga laboral, mentres se mantén o mesmo número de persoal: dous médicos, dúas enfermeiras e dous auxiliares. Amplíase a atención á área de Xinzo e de Viana do Bolo, o que resulta un aumento de máis de 20.000 habitantes, e mantense o mesmo persoal, polo tanto hai unha sobrecarga de traballo dos equipos de urxencias. Ao mesmo tempo que isto acontece, tal como denunciou a Plataforma, non hai servizo de pediatría hospitalaria na unidade de paritorio, non hai un pediatra que atenda aos nenos recén nados. Na unidade de medicina interna, que vostede dicía que estaba perfectamente dotada, non é así noutros hospitais comparables con este, pois na unidade de medicina interna hai 8 profesionais médicos; lembren a cantidade de usuarios potenciais que hai que atender, ao redor de 20.000, dous destes médicos, especialistas da área, están asignados a outras tarefas, polo tanto non están traballando no servizo de medicina interna. Outras tarefas: un é hematólogo e outro leva os coidados paliativos con atención domiciliaria. Polo tanto, de oito profesionais pasamos a seis efectivos na realidade. Ao producirse a xubilación do xefe do servizo desta unidade, ao contrario do que se puidera pensar, non se renovou mediante unha substitución, a praza foi amortizada e o montante de carga de traballo desa praza foi distribuído no resto dos compañeiros que tiveron que asumir a sobrecarga desta praza amortizada. Como vemos, a banca, neste caso o Sergas, sempre gana; fai da necesidade virtude e consegue hasta aforrar nun posto importantísimo. Estes compañeiros ao teren que asumir a praza tamén teñen que asumir a sobrecarga de traballo: 40 camas a atender ademais das consultas externas. 40 camas que no inverno pasan a ser unha media de 93 camas, 93 camas ou pacientes aos que ofrecen o mellor servizo e a mellor atención. O trato que están a recibir estes profesionais que velan pola nosa saúde, dista moito de ser o máis

axeitado. Os seus dereitos máis básicos como é a posibilidade de establecer un calendario para o goce das vacacións son pisoteados, formándose un caos inaudito. Non só non lle respectan este dereito que ten calquera traballador, senón que prexudican ao servizo mandando reforzos dende Ourense que unhas veces si e outras non. Destes profesionais médicos só dous son titulares, é dicir, propietarios da praza ata o de agora. Esto significa que a precariedade laboral tamén afecta aos servizos públicos e aos profesionais que nos atenden. Chega ata o punto de non respectar a baixa profesional dun compañeiro médico, algo absolutamente denigrante, isto si pasou no Hospital de Verín. Non se pode esquecer que isto non se trata dun caso illado, senón dun sistema que non vela pola calidade dos servizos, senón polo máximo aforro, aforro nalgo tan fundamental para todos e todas como é a saúde. As carencias no sistema de atención primaria son gravísimas: amortización de prazas, falta absoluta de substitución de profesionais médicos e de substitución a tempo parcial cando substitúen, tempo parcial de enfermería. Esta é a realidade, ou parte da realidade diría eu, do Hospital de Verín, a pesar de que o señor Feijóo se gabe de que a nosa sanidade é mellor que a de Madrid, e a realidade é que o señor Feijóo está a falar da falta de recursos, da falta de especialistas e tamén da conculcación dos dereitos laborais dos profesionais da sanidade pública. Moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular**: grazas, presidente. Señor Rodríguez Suárez eu o único que lle dixen foi porque vostede empezou a súa intervención criticando que a Plataforma non podía defender a iniciativa porque esta deputación no tiña mecanismos. Se a Plataforma non está defendendo a iniciativa é porque vostedes non queren ou a Plataforma non quixo; pero non critique vostede á institución porque sempre llo permitimos. Estoulle diciendo que se explique ben. Segundo, que non é unha moción do BNG pero que a asumen, por iso estoume confrontando con vostede porque a asume como tal, ou con quen, co aire, teréi que facelo con vostede xa que a asume, creo que está claro. Non teño máis que dicir, íballe dar os últimos datos, pero para que imos enchernos aquí con datos. O único que lle podo dicir é que de prioridade 1, o Hospital de Verín é dos mellores de Galicia con 7,7 días, e da prioridade 2 é tamén o mellor de Ourense, e da prioridade 3 está en segundo lugar; polo tanto ese catastrofismo que están vostedes facendo e diciendo, non se reflicte como tal,  por que? Polos bos profesionais qeu temos en Verín e na sanidade pública en si, en xeral. Outra cuestión, señora Gil, nós

aprobamos a emenda que vostedes emitiron porque nos parece ben, porque nos parece razonable; pero dende logo o relatorio que fixo vostede aquí nin é así, nin por suposto se recolle nesta emenda, porque non se recolle. Solamente dicirlle que a dotación de pediatría na unidade de paritorio está a traballar a Consellería, cónstame, temos a eiva de que non hai pediatras. A posta en marcha da unidade de hospitalización a domicilio asumiuna o novo xerente como tal, e que hai que redefinir a dotación necesaria no servizo de medicina interna, pois haberá que redefinir. Son os tres puntos que fan. A nós isto parécenos perfecto e polo tanto asumímolo; outra cousa é o que lin antes, falábase da privatización da sanidade, que se facía negocio coa sanidade, que si os xerentes, pouco máis que eran analfabetos, como poñen aquí. Iso non. Catastrofismos non. Evitemos, despracemos a falacia da sanidade, do debate sanitario. Nada máis e moitas grazas presidente.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, Portavoz do Bloque Nacionalista Galego**: grazas señor presidente. Non imos a darlle máis voltas, eu creo que está claro. Existe nesta casa un mecanismo para que colectivos, etc, podan dirixirse e presentar iniciativas? Non. Neste caso en concreto, nós asumimos a iniciativa e presentámola en nome do colectivo e ofertámoslle a posibilidade de intervir que non me cabe dúbida de que vostedes a aceptarían, pero é un mecanismo extraordinario, tamén. Declinaron a posibilidade de intervir? Efectivamente, entón nós defendemos a moción como a defendésemos se nos tocase intervir. Eu creo que está claro. Creo que non dixen nada que non fose simple e llanamente a realidade. Con respecto a algunha das cousas que se dixo, eu creo que fai un pouco de caricatura da privatización cando falamos de privatización. Dende logo nós non pensamos que os cidadáns vaian a pagar cando vaian ao Sergas ou a algún hospital público aos servizos alí directamente; pero é que cando falamos de privatización non falamos diso, falamos de que se derivan pacientes á privada porque non hai recursos, porque non se dotan na sanidade pública, de que se externalizan servizos, servizos que deberían ser asumidos pola propia administración que externaliza para que sexan xestionados por empresas privadas, diso é do que falamaos de privatización. Falamos de privatización, do modelo privatizador, do modelo que por exemplo se ensaiou en Madrid, en Alcira, que ó único que consegue ou ao que leva é á precarización e, en moitos casos, á corrupción. Nada máis, simplemente que os representantes da Plataforma que hoxe están aquí supoño que tomarían boa nota de todos os datos que vostede lle deu, que os terán en conta para ver se o final se plasman en cousas concretas na realidade que eles viven día a día e,

como noutras ocasión nas que temos debatido sobre este tema –non é a primeira vez e desgrazadamente non sexa a última-, volver incidir sobre o que vostedes nos din, nos din os xestores, o que se nos di dende o goberno e as institucións e o que ao final perciben os cidadáns, que é o que tiñamos hoxe en riba da mesa en forma de manifesto, niste caso reivindicativo, da plataforma de Monterrei. Nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 12

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos membros corporativos (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) ás seguintes cuestións dentro do Hospital de Verín:

a.- Dotar de efectivos necesarios á Unidade de Medicina Interna, tendo en conta o aumento de pacientes na área de referencia, así como a restitución dos servizos paliativos.

b.- Posta en marcha e dotación do servizo de HADO (hospitalización a domicilio).

c.- Dotación de pediatría hospitalaria na Unidade de Paritorio.

**13º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A POSTA EN MARCHA DA REDE PROVINCIAL DE ALBERGUES.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D.ª Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular**: grazas, presidente. Bo día a todos. Presentamos unha moción que non vou a ler porque obra en poder de todos os deputados e que trata da posta en marcha da Rede Provincial de Albergues. Falamos tanto de albergues turísticos, como de albergues xuvenís. Falamos tanto de albergues públicos, como de albergues privados. Segundo os últimos datos, sabemos que o turismo xuvenil é aproximadamente o 20% das achegas que recibimos. Esta tipoloxía de turista busca, fundamentalmente, recursos naturais e recursos culturais; ambos posuímolos de forma notable na nosa provincia. tamén organiza as súas viaxes tendo en conta aspectos como o transporte e o aloxamento de baixo custo. Na nosa provincia contamos con 12 albergues, na actualidade, entre os de carácter público e os de carácter privado e cerca de

1.000 prazas que consideramos están infrautilizadas. Están abertos, uns – os menos - todo o ano, outros baixo demanda e outros nos meses de verán. Pretendemos actuar sobre o alberguismo e que este sexa un dos motores dinamizadores das zonas rurais e para iso é necesario que fagamos un traballo en rede. Un traballo en rede como a difusión conxunta, unha central de reservas conxunta, plans de dinamizacións comúns, creación de paquetes comúns de comercialización, campañas publicitarias, creación de espazos web e redes sociais. Estandarizar un xeito de traballo común e crear a imaxe do alberguismo ourensán. En definitiva, trátase de crear sinerxías entre os albergues, os concellos e a Deputación para que o alberguismo sexa un dos motores na zona na que se ubican estes establecementos. En virtude do exposto propoño ao pleno e solicito o apoio aos grupos presentes para adoptar o seguinte acordo e leo textualmente: *A Deputación, ben directamente ou ben a través do INORDE, creará a Rede provincial de albergues como instrumento de ordenación do alberguismo en Ourense, nunha estratexia definida pola coordinación dunha actuación conxunta en materia de difusión, central de reservas, paquetes comúns de comercialización, comunicación e calquera outra que permita a dinamización económica do noso territorio*. Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego**: moitas grazas señor presidente. A exposición de motivos, dende o noso punto de vista, é cando menos discutible. Certamente é innegable o potencial turístico da provincia. O que xa é máis obxectable é cal ten sido o papel da institución ao longo de máis de 30 anos a prol do turismo. Moito non debe acreditar no potencial cando tiveron que cargarse un instrumento como o Padroado Provincial, por inútil e inservible. Por outra banda, a parte resolutiva desta moción abócanos, unha vez máis ao que é unha tónica xeral: á improvisación deste goberno. Pretenden crear unha rede de albergues sen precisar cal será o organismo que a xestionará. É a mesma cantinela de sempre. Desde o noso punto de vista a proposta ten aspectos aproveitables, mais non é realista polas consideracións que vou facer a continuación. Certo que o turismo xuvenil estase incrementado e que se trata dun turismo de baixo custe. Nese sentido encaixarían moi ben os albergues, pero isto ten unhas limitacións importantes porque só poden usar unha noite, o que resulta incompatible co

feito de que o turismo xuvenil tamén destaca por quedar varios días na mesma zona para explorala, polo que de entrada pensamos que habería que cambiar esa norma.Por outra banda, a maioría dos albergues están saturados. Desde maio ata outubro, especialmente en xullo e agosto, moitos peregrinos atópanse con que non teñen sitio para aloxarse e vense forzados a buscar outro tipo de aloxamento. Isto xa crea bastante mal estar entre eles polo reducido das prazas e o número tamén reducido de albergues na ruta da praza. Por ende, hai algúns albergues destinados hoxe en día ao uso das obras do AVE, como por exemplo o de Campobecerros, e hai persoas que xa se están saltando esta etapa, collendo bus/tren desde A Gudiña ata Ourense, en detrimento turístico e económico de Campobecerros, Laza, Vilar de Barrio, etc. Se agora se crea unha central de reservas e se lle da posibilidade a todo o mundo para reservar, moitos optarán por non facer a ruta xa que a maioría dos peregrinos reservan día a día. Tamén dicir que na época de maior influenza turística, que é de xuño a setembro, moitos albergues pechan por pragas, sen previo aviso. No ano 2015 e 2016 tanto o albergue de A Gudiña como o de Laza estiveron pechados durante días e incluso semanas porque estaban infectados de chinches. Isto tamén repercutiría negativamente no resto do turismo xa que non é a mellor imaxe que damos das nosas infraestruturas. Pensamos que máis que crear unha rede de albergues sería máis positivo potenciar a ruta da prata, pondo os recursos precisos, acondicionándoa, facilitándolles o camiño aos viaxeiros, formando a persoas para atendelos en varios idiomas, mellorando a accesibilidade para persoas con discapacidade etc... Ademais polo perfil de peregrino que temos nesta comarca pódense explotar moito máis os recurso turísticos que temos. En todo caso e pese a todas estas eivas que sinalamos, nós entendemos que podería ser unha proposta positiva. Non imos a votar en contra, imos a optar neste caso pola abstención. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana**, en Democracia Orensana cuando escuchamos la palabra turismo quitamos la pistola. Es una forma de parafrasear aquella frase, terrible, que decía aquel nazi*: cuando oigo la palabra cultura, quito la pistola*. Pues macho, nosotros cuando en Orense la pronuncia la Diputación esto es para echarse a temblar, turismo, lo que hay que hacer es echar la mano a la cartera y que no nos quiten nada. Nos vamos a abstener porque cualquier idea que venga de la Diputación sobre turismo va a ser un auténtico desastre. Se van a gastar muchisimo más promocionando que cualquier recaudación que hagan. Va a ser un auténtico desastre.

*Dinamización económica do noso territorio*, esta frase *Dinamización económica do noso territorio*, sirve para haber gastado millones y millones de euros tirados por la ventana. Esta frase ya la utilizaban cuando se encargó, con aquellos cien millones de pesetas, aquel informe que se hizo al País Vasco para dinamizar y la provincia y cada año que pasa –lo que dicen los datos que dije- cada año somos más pobres, somos menos en esta provincia y no hemos dejado de caer. Entonces, todas estas historias no tienen ninguna credibilidad viniendo de quien vienen. Cuando desde la Diputación se habla de hacer algo para dinamizar económicamente, ruina total. No nos vamos a oponer totalmente a esto porque a lo mejor los albergues, obviamente, en todas las provincias los hay y hacen falta, simplemente nos vamos a abstener. Simpleme comentar otro tema, lo que dijo antes Plácido, lo que decíamos de que sí te apoyaríamos a ti en una moción de censura cuando se abra juicio a José Manuel, sí hablábamos en serio Plácido. Piensa que tú esto lo ves como algo muy lejano, también se pensaba que Rita Barbaerá era la diosa de aquella zona y mira lo que le pasó, o lo que le pasó al presidente de la Diputación de Castellón, o lo que está pasando en Madrid con todas esas personas que eran auténticos gerifaltes del PP, ou o que pasou mesmo co Urdangarín. Si estas personas acabaron así, pues cuanto más una persona como él que es odiado en todo el Partido Popular en Galicia. Porque mucha gente dice aquí no le va a pasar eso; si le pasó a los demás ¿por qué no le va a pasar a este? Decir también, que no se me pase por favor, y lo digo también con todo el cariño. Yo pensaba que este iba a ser un Pleno movido, yo pensaba que iba a tener una interrupción importante –eso es lo que yo soñaba- y que Rosendo iba a tener aquí una actuación estelar porque aquí Montse viene al pleno estando casi, podría ya soltar aguas en cualquier momento y yo pensé que el señor Rosendo iba a tener que intervenir, esto va a ser noticia nacional, yo ya me veía el careto en todas las televisiones nacionales. Nada, que te deseamos lo mejor y que está a punto de nacer un futuro votante de Democracia Orensana, esperemos.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE**, ola, grazas presidente. Moi bos días a todos e todas. Vista a moción que nos presentan, partimos de dous puntos nos que estamos de acordo: o potencial turístico que ten a nosa provincia e que o turismo xoven e do alberguismo é un servizo para a dinamización do rural. A realidade coa que nos atopamos dános de bruces. Ourense conta na actualidade con 1.000 prazas de albergues, si é verdade, pero os cales son imposibles, actualmente de ocupar. Vostedes, no texto da

moción, fan referencia a un estudo do ano 2008 realizado a nivel mundial que para nada reflicte a realidade da nosa provincia, como demostran os datos do turismo que temos en Ourense. Como ben saben, na actualidade, existen tres tipos de albergues: os turísticos, os xuvenís e os do Camiño de Santiago. Nesta moción, sí é verdade que nos dixo algo, non deixan claro a que tipo de albergues vai dirixida a rede que van a crear. Nós consideramos que non están incluídos os do Camiño de Santiago. Pero é necesario concretar a que doce albergues fan referencia no texto da moción porque fan un *mix* no texto prepositivo e non nos queda nada claro. A creación dunha rede si que sería boa porque axudaría á difusión dos mesmos, e contar estes con apoio institucional, porque nestes intres, no campo dos albergues, existe un caos normativo. Por non haber, non hai nin un inventario de albergues que existen. Actualmente na Rede de albergues nacional só hai incluído un da provincia de Ourense. Pero o que non entendemos na moción que nos presentan é a falta de precisión do que petenden levar a cabo e como. Falan na moción de transparencia, participación, de sinerxías de traballo de imaxe de marca; pero tráennos a pleno a proposta de creación dunha Rede de albergues, para ser máis concretos van a partir de doce, sen antes ter falado cos mesmos, sen falar cos axentes turísticos, sen facer un estudo do sector. Os datos demostran que é necesario un traballo, implicación, por parte da Administración neste sector, si é verdade; pero primeiro haberá que ver cos problemas cos que contan. Teremos que analizar si é factible a creación dunha rede a día de hoxe.Non podemos falar de central de reservas, de paquetes de comercialización sen saber realmente cal é a realidade na que se atopa este sector. E por outra banda, calquera Rede que se cree é necesaria, en primeiro lugar, unha dotación orzamentaria que aquí vostedes non a traen. Sen máis, ata a próxima.

**D.ª Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular**, grazas, presidente. Señor Rodríguez Suárez, dixen xa eu na miña intervención que algúns dos albergues están infrautilizados e o que queremos é aproveitar as sinerxías, como tamén dixen, dos albergues, dos concellos e da Deputación para facer unha Rede que realmente funcione e sexa un polo de atracción para os alberguistas que poden vir á nosa provincia. Señor Pérez Jácome, a verdade é que vou ignorar o que dixo porque non ten relación algunha con esta moción. E señora Rodríguez, o que queremos é facer, como acabo de dicir, unha rede para potenciar todos os albergues, do tipo que sexan, albergues turísticos, albergues xuvenís para atraer turistas á nosa provincia. Ese é o noso fin e con iso é co que imos traballar. Pensamos

que de xeito individual non se pode facer, por iso cremos na necesidade de pór en marcha esta Rede que por certo, será pioneira na nosa comunidade. Nada máis e moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana**, como dijo que no tenia nada que ver, creo que no escuchó la primera parte de mi réplica que sí que era pertinente. La primera parte decía que todo aquello que venga de promoción del turismo, del Partido Popular, pues es para echarse a temblar. Hay que pensar en grande como decían los americanos, *think big,* cuando se trata de cualquier tipo de negocio y ustedes no nos hablen de dinamización económica porque es mentira. Que me digan que hay que tener unos albergues porque es necesario en todas las provincias dar un servicio para cierto tipo de turismo, que es el que menos dinero deja, que desde luego a nivel económico no va a ser rentable, pues vale, pero no nos lo disfraces como que va a ser algo de dinamización económica. Es algo que se supone que hay que tener, pero no lo disfraces con el tema de que va a tener rentabilidad económica y menos, cuando se mete la Diputación; en el momento en que se mete la Diputación, la palabra rentabilidad económica desaparece de la ecuación.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo do PSOE**, brevemente, parécenos moi ben este tipo de mocións que se presentan vostedes mesmos, pero cada vez son menos precisas este tipo de mocións que presentan. Boto de menos a concreción e xa sei que nisto ímonos a repetir porque o estamos dicindo nos últimos plenos, nas mocións que presentan, pero concretamente no caso desta moción e que nin sabemos quen vai xestionar a Rede porque vostedes só din: a Deputación directamente ou ben a través do INORDE. Non se concretan os criterios da Rede da que van a formar parte, como vai a ser esa difusión da que falan, que se pretende levar a cabo. A central de reservas da que falan, quen a vai a xestionar?. En definitiva, eu dígolles que vostedes como grupo de goberno deberían presentar unha moción moitísimo máis concreta e definida. É polo que, ata que se nos clarifique un pouco máis de que vai ser esta Rede que si que cremos que pode ser moi interesante para a dinamización do rural, optaremos pola abstención. Moitas grazas.

**D.ª Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular**: grazas, presidente. Sinto non ter acadado o apoio de ningún dos grupos, pero dende logo estamos a traballar no que vai a ser a Rede de albergues da provincia e o tempo dirá cales son os pasos que imos a dar. Dende logo, vaise xestionar ou ben a través da Deputación ou ben a través do INORDE

e, en todo caso, imos crear esta Rede porque cremos que é esencial para dinamizar o alberguismo na nosa provincia. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 13

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación, ben directamente ou ben a través do INORDE, creará a Rede provincial de albergues como instrumento de ordenación do *alberguismo* en Ourense, nunha estratexia definida pola coordinación dunha actuación conxunta en materia de difusión, central de reservas, paquetes comúns de comercialización, comunicación e calquera outra que permita a dinamización económica do noso territorio.

**14º.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO ANEXO DE PERSOAL DO ORZAMENTO, PARA A CREACIÓN DE DÚAS PRAZAS DE PERSOAL EVENTUAL NO GABINETE DA PRESIDENCIA.-**

Trala ratificación previa, co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (1), da inclusión deste punto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. secretario.

O Sr. secretario dá lectura á parte dispositiva da proposición da Presidencia do 25 de abril de 2017.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**: grazas señor presidente. Para nós resulta excesiva e inxustificada a ampliación do gabinete do Presidente a través de eventuais, por máis que se diga que non se chega ao tope fixado por lei. A cuestión é que con esa ampliación, comparativamente con outras deputacións, esta institución conta cun *staff* moi amplo de persoal eventual. Por exemplo, A Coruña -cun orzamento que case triplica o de Ourense- hai 26 eventuais cunha masa salarial total de 793.000 euros. Pontevedra ten 18, cun importe total de 690.000 euros. E non se trata de facer comparativas porque si, senón para ter uns parámetros de referencia. Con iso, en relación ao orzamento, a Deputación de Ourense xa tiña un cadro de persoal eventual sobredimensionada, e seguirá medrando, ademais, en

funcións non relacionadas directamente con servizos aos concellos ou aos cidadáns, senón para facer non se sabe que traballos ao Presidente. Nós non criticamos por criticar a dotación de persoal con adicación a postos políticos e directivos, como se adoita a facer por outras formacións. A política ten que ter recursos, e as institucións para facer política tamén. Pero teñen que ir en relación co momento e coas funcións. Neste sentido, entendemos que os postos que se crean non teñen unha relación coas competencias básicas da Deputación, senón para aventuras políticas do presidente que tampouco se explican pormenorizadamente. Nun momento onde as principais necesidades son sociais – falamos de políticas sociais - o necesario sería dotar postos vinculados cos servizos públicos básicos e esenciais, non asesorías que ben non van ter unha translación práctica, ou ben van a insistir nunha liña de clientelismo e favoritismos.Vostede que quere exercer, sen selo, de ministro de asuntos exteriores da Ourensanía, agora pretende un ministerio para a súa maior gloria. A súa vaidade so é superada pola súa fantasía. Nós imos a votar en contra. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana:** muchas gracias y, después de esta pausa publicitaria, saludamos de nuevo a los telespectadores y a los aquí presentes. Era broma, Plácido. Pues nada, decir simplemente que a ver si nos va a pasar el pleno sin nombrar la noticia de hoy en día, es la que publicaba la prensa, ha sido requerido por la policía para declarar el jefe de personal de esta Diputación por un tema, aparentemente, de varios delitos y no sabemos hasta que punto podría estar la Diputación involucrada en este tema, si va a más, o si realmente esta persona pudiera tener algo de culpa y si esto pudiera implicar a la Diputación con el tema de cursos de formación o emplear a gente y todo eso; estaremos ahí pendientes, pero no es nada de extrañar que esta Diputación estuviera manchada como casi todo lo que está haciendo el Partido Popular en España. Decir que esta modificicación de relación de puestos de trabajo en la que se intenta incorporar dos personas más al *staff* de José Manuel, tiene algo que está mal en el sentido de que a principios de mandato se llegó a un acuerdo con los demás grupos, en el que al final, en el último momento Democracia Orensana en el último momento, se salió porque habíamos calculado mal el tema; pero había un consenso del PSOE, Bloque y PP, tenían un consenso y más o menos una especie de equilibrio, se le daban asesores en función de los diputados que tenían, era proporcional. Ahora, aquí, el presidente rompe totalmente eso. Una vez dijo en televisón o en la prensa: *lo que más me fastidia es haber dotado de recursos a la oposición*. Como le

estábamos dando caña, dice: *me fastidia haberle dado recursos*; o sea, los recursos él se los daba en función de lo que  esperaba que estos hicieran en la oposición o no; no en función de lo que una oposición tiene que tener por sí. ¡Vaya forma de creer en la democracia!, le da los asesores a la oposición dependiendo de si le vana  dar caña o no; y como le dimos caña, dice: me arrepiento de haberle dado asesores. ¡Vaya demócrata que está hecho!. Una vez que había llegado a un acuerdo y tenía un equilibrio, los asesores de la Diputación estaban relacionados con el porcentaje de votos que tenía y con los diputados, todos tenían más o menos un equilibrio; él ahora se salta a la torera eso, pasa y se mete dos más; porque podía decir al PSOE: ya que nosotros nos llevamos dos, os daremos uno más a vosotros. No, no se lo salta a la torera y entiende que como la oposición hace una oposición agresiva, pues no le da nada. Esa es la forma de creer él en la democracia. Sin embargo, para lo que sí van a estar estas personas haciendo su trabajo, desempeñando sus funciones, sí que creemos que acierta plenamente José Manuel Baltar en meter estos dos puestos de trabajo; dos personas más que va a agregar al *staff* de personal y que vamos a pagar con dinero público.  Un asesor de emigración con funciones de asesoramiento y para fundar el museo gallego de la emigración y el otro es una persona que va a ser el asesor de proyectos internacionales; entonces, va a meter un asesor de la emigración y un asesor de proyectos internacionales. Nosotros creemos que esto es totalmente pertinente con la mente de un megalómano, es totalmente normal. y es más, quizá el próximo año meta un asesor para estudiar de qué forma la Diputación tiene que estar involucrada en la próxima llegada del hombre a Marte. Entonces, creemos que es pertinente para un megalómano como esta persona que cree que, efectivamente, es un estadista, un hombre de Estado, es normal que haga estas animaladas. La Diputación de Orense que representa a la última provincia, un asesor de proyectos internacionales y luego el que tiene fama de loco soy yo. Es como el río, ¿cómo es eso Plácido? El Miño lleva la fama y el Sil lleva el agua. Es la misma historia, yo soy de aquella zona, del Sil. Esto es lo que hay que aguantar con este homiño. Un asesor para la emigración. Es como, ya te digo, cuando aún se está produciendo la emigración. Es como un asesor para el holocausto, un asesor cuando todavía estaba ocurriendo el holocausto. Montar un museo de la emigración, montando esto cada vez va a haber más emigración porque es gastar el dinero en algo que es totalmente improductivo, absurdo, incluso es humillante para los orensanos. Un museo para la emigración cuando todavía la emigración no ha parado, está ocurriendo. Cada año estamos perdiendo

población, emigra más gente y monta un museo para la emigración; está totalmente loco. Un asesor de proyectos internacionales, claro hay que decir que todas sus paranoias internacionales las pagamos con dinero público. Fue a Estados Unidos, le da 200.000 euros a Juan Verde, que hasta que Adolfo Domínguez no se libró de él, ahora empieza a remontar otra vez Adolfo Domínguez ventas, desde que se libró de él; el asesor este que cogió aquí este elemento. Le pagamos 200.000 euros a un tío para que vengan aquí los *yanquis* de turismo. Por cierto, dijiste tú que nada que ver con San Esteban de Ribas do Sil, e logo a última vez que viñeron os ianquis non os levastes alí, a San Esteban? Non xa so o congreso da óptica, non levades tamén aos ianquis? Aínda tes cara de negalo, manda carallo. Que por cierto, a ver si este año voy yo al congreso, de topo, ¿puedo ir al congreso de los yanquies? Creo que vienen en breve para exportar panderetas a Estados Unidos. Decir que esos 200.000 euros que le da todos son para pagar, con dinero público, las paranoias, aquel refrán que se decía: *dime de qué presumes y te diré de qué careces;* o sea, una persona que tiene que sacar todas estas historias internacionales, ¿qué es? Un frustrado. Un tío que va a televisión y dice las veces que estuvo en Nueva York, es realmente un frustradiño si tiene que contarlo en televisión. Que todo el mundo se entere sino no quedo satisfecho. Un frustrado, un acomplejado. Yo me hago una pregunta, ahora va a traer aquí al sobrino de Kennedy. Es el mayor acto de paletismo, de hecho yo recuerdo un comic que decía así: es el sobrino de la prima de la que limpia con el tal, tal. Cuando tienes que andar recurriendo a los lazos de no sé qué y no sé cuanto para sacar pecho. Trae al sobrino de Kennedy que seguro va pagado con ese dinero que pagó al lobby, a Juan Verde, o sabe Dios con qué dinero. Y, la pregunta que nos hacemos todos ¿cuando venga aquí Kennedy a Orense- para que él presuma, salga en las fotos, todas esas paranoias, es, ¿lo vas a alojar en la suite del Francisco II, sí o no?

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: dicía que nós xa nos temos manifestado en varias ocasións, incluso neste pleno volvemos dicir que o fin primordial desta Deputación é a asistencia aos concellos da provincia, sobre todo aos máis pequenos, quen sen ir máis lonxe teñen serias dificultades para o seu día a día. Hai pouco falabamos aquí da problemática dos tesoureiros e non hai moito, incluso houbo algúns concellos que tiveron que adiar ou suspender moitos plenos que xa tiñan convocados pola falta do habilitado nacional. Pero, non vemos entre esa asistencia aos concellos o asesoramento en proxectos internacionais, nin para a posta en marcha de museos da emigración. Non atopamos

estas competencias entre as básicas desta institución, xa o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia teñen organismos suficientes con competencia nestes asuntos sin necesidade de crear duplicidades. Fago miñas as palabras que hai pouco me dirixía o señor Álvarez Dobaño, é dicir, deixemos a quen ten as competencias traballar nelas e non creemos outras novas. Arrískase vostede, señor presidente, a que o señor Álvarez Dobaño lle diga o mesmo que me dixo a min. Quere indicar isto que o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia, é dicir este nomeamento de asesores, non cumpren con esta provincia e temos que montar pola nosa parte un mini goberno do Estado paralelo, ou unha mini Xunta paralela? Temos antecedentes dabondo nesta institución de estruturas paralelas con fondos públicos, moi necesarios para os concellos, que deron o resultado que deron; sen ir máis lonxe, está en liquidación UrbaOurense. É facultade súa, señor presidente, o nomeamento; é facultade nosa votar o que imos votar, que é non; precisamente porque quen precisan os asesores son os concellos. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular:** grazas, señor presidente. Ao marxe de consideracións que non vou a entrar nelas, referireime á proposta da Presidencia, que está bastante clara e entón non lle quitarei nin lle porei eu ningún comentario. Nese sentido, de conformidade no establecido no artigo 104 bis da Lei 7/85 de bases de réxime local a dotación do persoal eventual da Deputación provincial poderá alcanzar, e aquí algo se avanzou, como máximo o mesmo número de postos de traballo que o concello de maior poboación da provincia. No caso da Deputación de Ourense, isto implica a posibilidade legal de crear ata un máximo de 27 postos de traballo reservados a persoal eventual. Dígoo como dato para que quede claro de entrada. Na actualidade, a Deputación de Ourense dispón de 21 postos de traballo reservados a persoal eventual; a día de hoxe a Presidencia, e o Grupo Popular por suposto, consideramos necesaria a creación de dous novos postos no Gabinete de Presidencia – que digo no Gabinete da Presidencia, non no Grupo Popular – con denominación e funcións que paso a detallar porque creo que non leron a proposta da Presidencia, ou intencionadamente non a quixeron ler axeitadamente. Un asesor de proxectos internacionais, no sentido en que este posto tería como funcións, señor Pérez Jácome, non as que vostede di, outras. As funcións: *a realización do estudo, asesoramento e seguimento de proxectos conxuntos de cooperación pública e público – privada de ámbito internacional que desenvolva a Deputación, así como o asesoramento á Presidencia e o seguimento das*

*políticas de apoio e fomento da internacionalización do empresariado de Ourense*. Deixe vostede traballar, e logo valore o traballo, e non prexulgue nada. *Un asesor de emigración con funcións de asesoramento á Presidencia para o deseño e xestión da posta en marcha do Museo Galego da Emigración, así como en relación coa situación actual do colectivo emigrante procedente da provincia*. Por certo, iniciativa que figura no Plan 15-19 ao que me referín e ao que vostedes, polo que vexo, non teñen ningunha gana de lelo. Conviría que o lesen porque igual dálles ideas. As funcións indicadas, ás que me referín, en ambos os dous casos refírense sempre a tarefas de estudo, asesoramento, xestión e seguimento de carácter político, funcións que, pola súa natureza política, implicando ademais unha colaboración de carácter reservado, non corresponden ao persoal funcionario e deben cualificarse como de confianza e asesoramento especial, conforme ao que di o artigo 29.2 da Lei do Emprego Público de Galicia. A creación destes dous postos motívase pola necesidade desta Presidencia de contar con este persoal para o desenvolvemento das actividades citadas ao non contar actualmente o Gabinete da Presidencia con persoal específico para estas funcións. Polo exposto, estamos – como non podería ser doutro xeito – totalmente de acordo coa proposta que nos acaba de detallar, en esquema, o señor secretario e que con respecto, por exemplo ao asesor de proxectos internacionais, será persoal eventual asimilado ao grupo A1 e nivel complemento de destino 26 e que, ademais das funcións que acabo de citar, encargaríase do estudo e a xestión da posta en marcha do Consello Europeo de Economía Sostible e da asistencia á Presidencia nas relacións coa Rede Partenalia e coa Asociación Europea de Cidades Históricas e Termais. E o asesor de emigración sería tamén do nivel C1, nivel 19 de complemento de destino. Polo momento nada máis, aínda que logo dareille algún dato máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Orensana:** después de oir a Plácido tengo que decir que vamos a cambiar nuestra intención del voto y que nos convenció. En serio, vamos a ver, me hace gracia porque es cachondo. La verdad que todavía no tengo escritas todas las falacias que estoy recabando, no las domino todavía todas. Antes lo comentaba mi compañero del Bloque, una que sí tenía nombre, creo que era la falacia de petición de principio y la que acabas de decir ahora aquí, esta falacia no sé exactamente que nombre tiene, sé que tiene uno, algunas no lo tienen y entonces las acuño yo, le pongo un nuevo nombre. Me encantan muchas, hay una que yo le llamo – también acuñada por mí-

falacia de información inmediata que es muy parecida a la falacia *ad ignoratiam* –el que calla otorga-; ésta por ejemplo la hace Ourense en Común. Cuando tú le presentas un proyecto te empieza a hacer miles de preguntas, que no sabes responder en ese momento, entonces como quien que no tienes razón. Esa falacia es la que utilizó Raúl Castro en la última rueda prensa que dio cuando fue allí la prensa americana. Le dice un americano: *mire, va a soltar a los presos políticos* y dice: *aquí no hay presos políticos, dame las lista, ¿qué nombres son?*. Claro, el tipo non tiña alí unha lista. Bueno, tú acabas de decir aquí ahora una, que no sé que nombre tiene, pero es genial; porque dices tú: *es necesario crear estos puestos porque para desarrollar estas funciones no hay gente*, dando por hecho que crear esas funciones procede, cuando la aberración son esas funciones. ¿A quién quieres convencer de que es justificado tener un asesor para la emigración y otro para la proyección internacional? ¿de qué, de la última provincia de Orense? ¿Estás de coñas? Oye, que no sean asesores como Cudeiro, el que tienes de urbanismo, porque *me cago en diez*, se pasa todo el día en el Concello de Orense y está cobrando de aquí 70.000 euros al año. Díme tú a quién asesora. Está todo el día en el Concello de Ourense e cobra de aquí 70.000 euros ao ano. Oye, para hacer esa paranoia pudiste dejar al otro, al de cultura, al Francisco González, que no sé por qué lo echaste del Concello de Orense, facía o mesmo, o sea, a un si e a outro non. O Pumar, Pumar está aí sentadiño, también tiene un sueldo de 60.000 euros al año y también pasa la mitad del día en el Concello; entonces, coño, que le pague al Concello y no a la Diputación. No estoy diciendo que no trabajes, simplemente que trabajas más en el Concello. Entonces, ¿para qué la Diputación le paga ese dinero? Que se lo pague el Concello. Pues nada, esto es un cachondeo. En cualquier caso, tengo que decirlo, no me gusta que se malgaste el dinero; pero esto nos viene bien para las elecciones. Con estos argumentos que nos dais, con estos dos nuevos seudoministros que vais a meter aquí, pues macho, lo ponéis cada vez más fácil. Y lo dicho, no presumáis tanto de las elecciones porque estáis en las siglas del PP, ya me gustaría a mí veros presentándoos a las elecciones a pecho descubierto, sin estar debajo de unas siglas, a pecho descubierto.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular:** grazas señor presidente. Señor Fraga Civeira, nós non usurpamos competencias, como dixen antes trátase de facer, programar algo e executalo e non escribirlle cartas aos Reis Magos, o nadal aínda acaba de pasar. Brevemente, créanse dous novos postos eventuais, pero teñan en conta o

seguinte - vouno repetir para que quede meridianamente claro porque se embarulla todo e supoño coa intención, non me equivoco, que pretenden con elo - temos menos do número legal de asesores –xa dixen, 21- serán 23 e podiamos ter 27. Neste intre recórdolle tamén que temos vacante o posto de xefe de Gabinete da Presidencia, tamén deberíano ter en conta. Créanse dous opostos con dous obxectivos específicos, volvo a repetilo, dous obxectivos específicos: posta en marcha do Museo da Emigración no Pazo de Vilamarín nesta lexislatura, así estaba no Plan 15-19 co que se presentou ás eleccións o señor Presidente e que nós apoiamos na súa totalidade como é menester; posta en marcha do Consello Europeo da Economía Sostible, delegación neste continente do Consello Americano de Economía Sostible, un dos asuntos a tratar na reunión que Partenalia – Asociación Europea de Provincias - celebrará en Ourense, precisamente, en fechas próximas. Recórdolles tamén que nesta lexislatura, señor Pérez Jácome, mellorouse a dotación do persoal eventual dos grupos; trátase, nesta ocasión, de mellorar a dotación da Presidencia desta Deputación Provincial e para eses dous obxectivos concretos, porque os consideramos de máxima importancia para esta provincia. Repito, non prexulguen vostedes, cando se desenvolva o traballo destas dúas persoas que ocupen estes postos, por suposto coordinados pola Presidencia, vostedes terán oportunidade de criticar o que fan, ben, mal ou regular. Señor Pérez Jácome, non quería recordar aquilo das negociacións do persoal eventual que tivemos, e vostede e eu estabamos presentes, e onde habilmente, señor Pérez Jácome, vostede conseguiu o que quixo e 15 minutos antes do Pleno chamou para dicir que se descolgaba do mesmo. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 14

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense, creando os seguintes postos de traballo reservados a persoal eventual, dentro da Área de Presidencia-Gabinete de Presidencia:

Un asesor de proxectos internacionais. Persoal Eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 26. Complemento específico: 16.204,30 €/ano. Forma de provisión: non procede pola especial

natureza dos postos de persoal eventual. Funcións: realización do estudo, asesoramento e seguimento de proxectos conxuntos de cooperación pública e público – privada de ámbito internacional que desenvolva a Deputación, así como  o asesoramento á Presidencia e o seguimento das políticas de apoio e fomento da internacionalización do empresariado de Ourense. Ademais, encargaríase do estudo e a xestión da posta en marcha do Consello Europeo de Economía Sostible, e da asistencia á Presidencia nas relacións coa Rede Partenalia e coa Asociación Europea de Cidades Históricas Termais.

- Un asesor de emigración. Persoal Eventual asimilado ao Grupo C1. Nivel 19. Complemento específico: 12.153,40 €/ano. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual. Funcións: asesoramento á Presidencia para o deseño e xestión da posta en marcha do Museo Galego da Emigración, así como en relación coa situación actual do colectivo emigrante procedente da provincia.

As funcións indicadas para os postos de persoal eventual refírense sempre a tarefas de estudo, asesoramento, xestión e seguimento de carácter político, funcións que, pola súa natureza política, implicando ademais unha colaboración de carácter reservado, non corresponden ao persoal funcionario e deben cualificarse como de confianza e asesoramento especial, conforme ao artigo 29.2 da Lei do Emprego Público de Galicia.

2º.- Aprobar inicialmente a modificación do anexo de persoal do orzamento vixente, no sentido de incluír no dito anexo as prazas correspondentes aos postos creados en virtude da modificación da Relación de Postos de Traballo, recollidos no apartado anterior.

3º.- Someter a información pública, polo prazo de 20 días hábiles, as modificacións inicialmente aprobadas, mediante anuncio que se inserirá no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial. As alegacións que poidan formularse durante o dito prazo serán resoltas expresamente polo Pleno. En caso de non formularse alegacións entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado.

**15º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

O Sr. presidente di que hai un escrito presentado polo Grupo Popular, con número de rexistro 12.731, en relación cos danos causados na provincia polas xeadas e a seca, e cédelle a palabra o Grupo Popular para xustificar a urxencia da moción.

**D.ª Ana María Villarino Pardo, do Grupo Popular**, grazas señor presidente, pois evidentemente a urxencia fundaméntase en que isto foi un acontecemento que se produciu nas

últimas horas, concretamente na madrugada do mércores para o xoves e esta mesma noite tamén se volveu a producir. Entón, dado que na provincia temos catro das cinco Denominación de Orixe Vitivinícolas, consideramos de interese se debata neste plenario unha moción para solicitar axuda para os danos causados pola xeadas destas dúas noites. Moitas grazas.

A continuación a Presidencia somete a votación a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade, polo que se trata o seguinte punto:

**15ºA.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN RELACIÓN COS DANOS CAUSADOS NA PROVINCIA POLAS XEADAS E A SECA.**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D.ª Ana M.ª Villarino Pardo, do Grupo Popular,** grazas presidente. Como dicía despois dun inverno inusual no que apenas choveu uns días, eu creo que se poden contar cos dedos das dúas mans os días que choveu, tivemos un mes de abril máis inusual no que as temperaturas foron máis ben propias dos meses de verán; froito disto fixo que se adiantase o ciclo vexetativo do viñedo e doutros produtos e, para colmar todo este tipo de desastres, a noite do 26 ao 27 – desta mesma noite pasada - producíronse unhas xeadas que, aínda que estaban as previsión meteorolóxicas avisando que ía haber xeada, non se podía facer nada para evitalo e tampouco se prevía que fosen da magnitude que se produciron. O certo é que estas xeadas arrasaron co viñedo na nosa provincia, temos catro das cinco Denominacións de Orixe: Monterrei, Valdeorras, Ribeiro e Ribeira Sacra. Non afectou a todas as Denominacións de Orixe por igual, tamén hai que dicilo; pero nas catro tivo un efecto negativo moi importante. Eu quería tamén dicir que, aínda que nós presentamos a moción esta de urxencia para o tema do viñedo, querémolo facelo extensivo a todos os produtos tanto da horta, como da pataca e demais. Teño aquí unhas fotografías que foron sacadas no día de onte do viñedo das Denominacións de Orixe da provincia, din que unha imaxe vale máis ca mil palabras, o efecto é dende logo devastador; non son sacadas nun sitio concreto, senón que estas fotos son das distintas denominacións. Tamén traio aquí unhas imaxes duns pementos que pertencen á IXP Pemento de Oímbra e que están baixo invernadoiro, é dicir, os pementos vese que están queimados, ou mesmo estas tomateiras. Entón por iso queriamos ampliar a moción que nós queremos presentar e trasladar á Xunta de Galicia, pois, a todos os produtos da horta e non só

ao viñedos porque evidentemente somos unha provincia agrícola, unha provincia rural e estes efectos devastadores van pasar factura aos nosos veciños. Falando coas bodegas onte pola tarde, falando cos presidentes dos Consellos Reguladores das distintas Denominacións de Orixe da provincia dinnos que non acordan nada parecido, os bodegueiros que levan 20 anos traballando non acordan nada parecido; ás veces a xeada afecta a unhas zonas determinadas pero non a outras, sempre hai de onde tirar ou posibilidade de comprar uva dentro da mesma Denominación; pero desta vez non é así. Os efectos son devastadores e os máis maiores dos lugares fan referencia ao ano 1942 que foi coñecido por todos como o ano da fame, esperemos que non sexa así, pero nós dende logo o que propoñemos a este plenario é trasladar un acordo á Xunta de Galicia que di textualmente:

*1º.- Solicitarlle á Xunta de Galicia a tramitación como zona catastrófica das distintas áreas afectadas.*

*2º.- Solicitar da Xunta de Galicia unha liña de axudas para paliar, na medida do posible, os danos ocasionados.*

*3º.- Trasladarlles o dito acordo á Consellería de Medio Rural, aos distintos consellos reguladores das denominacións de orixe e a todos os concellos afectados.*

Dende logo, os que vivimos no rural e traballamos para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, este é un golpe ben duro; polo cal, solicito o acordo de todos os presentes. Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas señor presidente. Nós, dende logo, imos apoiar a iniciativa, estamos totalmente de acordo; simplemente un par de puntualizacións. En primeiro lugar, algo que se fai neste tipo de mocións que é relembrar que o concepto de zona catastrófica non existe como tal legalmente, que se aproba con decretos puntuais, etc; pero como concepto seguímolo entendendo todos perfectamente. E despois, simplemente facer un par de comentarios ao respecto de que pensamos que antes de facer nada se debería dialogar, ou ter en conta aos colectivos afectados á hora de, precisamente, redactar eses decretos porque as esixencias que se recollen nos mesmos fan que esas axudas non cheguen na medida en que deberían chegar, entón que previamente se fale cos afectados para que o decreto que se aprobe finalmente sexa o máis axeitado e que a máxima cantidade deles

se poda aproveitar desas axudas e tamén facerlle un chamamento a esta casa por se pode colaborar en algo para paliar esta situación, algún tipo de asesoramento ou o que vexan conveniente pois que tamén non deixe de facelo. Nada máis. Moitas grazas. Vamos a votar a favor loxicamente.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Orensana:** ola de novo. De vez en canto iso que algúns chaman a madre natureza danos un tirón de orellas e de vez en cando mándanos un aviso. Noutras partes do mundo os avisos son máis fortes, tsunamis, terremotos e cousas desas. A nós tocounos desta vez estas tormentas, estas granizadas, estas xeadas. Nós pensamos que nesta clase de cousas é nas que hai que gastar os cartos e non nas que o meu compañeiro falou nas intervencións anteriores, e votaremos a favor. Tamén nos gustaría saber un pouco si hai algunha estimación de cal podería ser o montante de diñeiro desa liña de axudas que poden facer, porque, ao mellor, formalmente é fácil cumprir con poucos cartos pero conviría ter un pouco de información acerca da contía dos danos e das axudas que habería que habilitar para iso. Imos dar o beneficio da dúbida, imaxinemos que todo o mundo coincide na gravidade destes feitos e na necesidade de habilitar os suficientes fondos para emendar as súas consecuencias. Nada máis, votaremos a favor.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas señor presidente. Non vou entrar na descrición porque xa está ben feita pola propoñente desta moción, é unha auténtica semana negra para a agricultura ourensá. Un pouco guiados pola premura, tivemos coñecemento desta moción á mañá, pois presentamos unha emenda que lle formulo *in voce*, é unha emenda de adición, de engádega, e despois explicarei polo que, que ten estes seguintes puntos, engadidos aos que vostedes teñen na súa moción:

*1.- A Deputación de Ourense habilitará unha liña de axudas de fondos propios que complementes ás axudas que poida haber doutras Administracións.*

*2.- Convocar con carácter urxente unha reunión cos representantes das mesas sectoriais de cada Denominación de Orixe e cos representantes dos concellos afectados coa intención de crear un grupo de traballo que analice os prexuízos ocasionados e as medidas a adoptar.*

*3.- Por en marcha os mecanismos suficientes para crear un grupo de expertos que analicen os danos estruturais que afecten e estes cultivos a longo prazo.*

Explícome, moito nos tememos que a declaración de zona catastrófica se atope co

argumento de que non procede por tratarse de bens asegurables, co cal non teriamos solución para ese problema por esta vía. A propia Xunta, referido á seca da que vostedes tamén falan na moción, hai dous días dixo que rexeitaba pedir a zona catastrófica, falo da seca, pero que continuaría alerta. Sen embargo hai, e por iso falamos e por iso metemos ese engadido, hai mecanismos que entendemos que pode pór en marcha esta Deputación para axudar aos produtores afectados dos concellos ourensáns. Por unha banda, a parte de solicitar á Xunta que dispoña unha liña de axudas a imaxe e semellanza doutras axudas que puxeron o ano pasado, naquel caso polo pedrisco que afectou á Ribeira Sacra, entendemos que a propia institución provincial debe usar fondos propios – hai pouco neste pleno o señor portavoz, o señor Álvarez Dobaño, falaba da boa xestión económica que nos permitía ter un remanente - pois que mellor ocasión ca esta de usar fondos propios que actúen de xeito complementario para axudar aos concellos das DO afectadas pola seca e a xeada; estendo tamén a outros produtos como xa fixo mención a propoñente da moción. É competencia propia desta Deputación cooperar e asistir aos municipios desta provincia en todo aquilo que poidan precisar e que agora precisan. Por outra banda, a maiores, falamos de convocar ese grupo de traballo que reúna a todos os axentes sociais, mesas sectoriais, sindicatos, concellos, consellos reguladores e representantes dos concellos de xeito urxente porque hai que abordar esta cuestión de forma estrutural. A virulencia deste tipo de xeada que afectou á provincia nestas últimas semanas, e que se prevé poida afectar nos vindeiros días, dana gravemente ás viñas e aos seus futuros brotes, polo que é moi necesario que a Deputación poña en marcha os mecanismos que cumpran para que se cree ese grupo de expertos que analice estes danos estruturais e como van a afectar aos cultivos a longo prazo. Non estamos diante dunha xeada normal, trátase dunha xeada negra que pode comprometer o cultivo das viñas nas denominacións ourensás de xeito permanente. Nós, os do rural, distinguimos entre xeada branca e xeada negra, é moito máis grave a xeada negra que é a que estamos vendo nestes días. Moitas grazas.

**D.ª Ana M.ª Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular,** grazas presidente. Agradezo o voto a favor de todos os Grupos. Señor Ojea, evidentemente o montante non o sabemos, os técnicos están a día de hoxe visitando as viñas e facendo uns cálculos, aproximados, de canto pode ser o custo; pero evidentemente estamos falando dun custo elevado porque, nalgunhas denominacións como pode ser a de Monterrei, estase falando que, como mínimo, arrasou o 70% do cultivo; entón o custe, dende logo, vai ser elevado. Non nos

corresponde a nós  facelo, senón aos técnicos competentes que nestes momentos se atopan nas distintas plantacións visualizándoos. Señor Fraga Civeira, dende logo nós imos remitir esta proposta a Medio Rural porque consideramos que é algo excepcional, non so estamos falando da seca, estamos falando da xeada, o dano ocasionouno a xeada, entón queremos que a Xunta de Galicia active medidas excepcionais porque consideramos que o motivo así o merece. Dende logo que estamos en contacto coas catro Denominacións de Orixe, na tarde de onte os meus compañeiros, o presidente, estivemos en comunicación cos presidentes das catro Denominacións de Orixe, en comunicación con adegueiros, en comunicación con produtores e isto vaise facer de forma conxunta porque eles son os que viven disto, os que necesitan que os axudemos. Nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: simplemente comentar que, si finalmente se vota a emenda *in voce* que presenta o Grupo Socialista, nós tamén a imos apoiar porque entendo que concretaba un pouco máis, en forma de emenda e de puntos, ao que eu na miña primeira intervención fixen referencia ao respecto de que se conte cos afectados á hora de establecer os decretos e de que esta Deputación, na medida da súas posibilidades, colabore tamén para buscarlle unha axuda e unha solución a este problema que se formula. Nada máis. Grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana:** nós tamén votariamos a favor da emenda do Partido Socialista. Fixo referencia o portavoz do PSOE ao temor de que a Xunta puidera desentenderse do problema ao ser unha cuestión que poderían cubrir os seguros, eu teño as miñas dúbidas porque vostedes saben que os seguros adoitan cubrir sinistros ou eventos dentro do ordinario. Case todas asa pólizas na letra pequena soen levar algunha *triquiñuela* que di que cando algo se sae do ordinario –no caso de catástrofes enormes e cousas así – que se inhiben de actuar. Entón, todos os portavoces falaron de que estas eran unhas circunstancias meteorolóxicas extraordinarias, entón sería moi fácil para as axencias de seguros - no caso de que estivesen asegurados algúns dos agricultores – seríalles moi fácil desembarazarse diso porque, xa digo, normalmente as pólizas cobren fenómenos dentro do ordinario, sinistros ordinarios, previsibles, etc. Cando hai unha catástrofe de magnitudes grandes, normalmente teñen os seus medios de evadirse. Nós pensamos que, efectivamente a Xunta, e tamén a Deputación - como fala a emenda do Partido Socialista – debería involucrarse porque, xa como dixen na miña primeira intervención, os cartos públicos

están para esta clase de cousas. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moi breve, simplemente unha aclaración ao señor Ojea, trátase neste caso de seguros agrarios que, en parte, están subvencionados porque senón serían dificilmente rendibles e digo porque xa non ten sido a primeira vez que o Ministerio, que neste caso é o que ten competencias nos temas de declaracións do Goberno de zonas catastrófica, poña a escusa de que ao ser bens asegurables pois non caiba esa posibilidade. Simplemente era para evitar esa posibilidade, nada máis.

**D.ª Ana M.ª Villarino Pardo, do Grupo Popular,** grazas presidente. Non aceptamos a emenda *in voce* proposta polo Grupo Socialista. Votaremos a moción que presentamos para remitila a Medio Rural e facéndoa, como dixen, extensiva ao resto dos cultivos que puideran verse afectados. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo quinto A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 15

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade dos membros corporativos (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitarlle á Xunta de Galicia a tramitación como zona catastrófica das distintas áreas afectadas.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia unha liña de axudas para paliar, na medida do posible, os danos ocasionados.

3º.- Trasladarlles o dito acordo á Consellería de Medio Rural, aos distintos consellos reguladores das denominacións de orixe e a todos os concellos afectados.

**16º.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:**

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de marzo de 2017 e dos seguintes adicionais: 3º de decembro de 2016 e 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2017.
- Deputado delegado de Facenda: mes de marzo de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2017.

- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de marzo de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de marzo de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

**17º.- ROGOS E PREGUNTAS**.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**Sr. presidente**: imos empezar polas preguntas que foron presentadas por escrito para resposta oral no Pleno. En primeiro lugar unha do Grupo Socialista con número de rexistro 12.547. Ten a palabra o Grupo Socialista.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**: ola, bos días. No ano 2013 asinouse un convenio entre esta institución, o Concello de Verín e a Xunta de Galicia, para a construción do Auditorio de Verín. Deste extráese a asunción dun compromiso por parte da Deputación, de aboar a cantidade de 530.686 €. A día de hoxe non hai constancia do cumprimento do dito compromiso a pesar das reiteradas peticións que ten realizado o Concello de Verín. Baseándose nisto: ¿ten pensado a Deputación cumprir co convenio para a construción do Auditorio de Verín? ¿Existe algunha razón ou incumprimento das cláusulas do convenio que impidan que se aboe esa cantidade?

**Sr. presidente**: moitas grazas. A resposta está baseándose nun informe da Secretaría Xeral desta Deputación, de data 27 de abril, que lle remitirei despois oportunamente, que di que en relación coa pregunta presentada en relación do convenio de cooperación entre esta Deputación, a Xunta de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Verín para a construción do Centro Cultural das Artes de Verín, infórmase o seguinte: o convenio de referencia subscribiuse no ano 2013 entre a Deputación, o Concello de Verín, a Axencia de Turismo de Galicia e a Xunta. O contido do convenio pode resumirse como segue: a) O obxecto do convenio era a construción do Centro Cultural das Artes de Verín, cun orzamento de 3.334.884,96 €. b) O Convenio prevía o cofinanciamento das actuacións a cargo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (1.260.000,00 €), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (1.344.198,96 €), a Axencia de Turismo de Galicia (200.000,00 €) e a Deputación Provincial de Ourense (530.686,00 €). Estas achegas distribuiríanse en distintas anualidades (2013, 2014 e 2015 para a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria; e 2014 e 2015 para a Axencia de Turismo de Galicia; con respecto á achega da Deputación Provincial non se establecía no convenio ningunha imputación concreta de anualidades). c) Non obstante o anterior, o Convenio non prevía ningunha transferencia de fondos da Deputación Provincial de Ourense ó Concello. En efecto, aínda que o Convenio recolle que o Concello de Verín será a administración encargada da licitación das obras, o propio Convenio especifica que do orzamento total (3.334.884,96 €) o Concello de Verín "sacaría a licitación 2.804.198,96 €, que sería o importe que financiaría a Xunta de Galicia a través deste Convenio". O convenio sinala tamén que "o resto do financiamento, 530.686,00 €, asumirao a Deputación Provincial de Ourense executando directamente. Este importe da Deputación Provincial de Ourense corresponderíase coa dotación de mobiliario e coas obras de urbanización" (páxinas 5 e 6 do Convenio). Na páxina 7 do Convenio vólvese a indicar que "a Deputación Provincial de Ourense colabora no financiamento destas actuacións cunha achega de 530.686,00 €, esta achega será para a dotación de mobiliario e obras de urbanización; estas actuacións serán executadas directamente pola Deputación Provincial de Ourense segundo os procedementos legalmente establecidos". A maiores, na páxina 8 do Convenio, faise constar que "a Deputación Provincial de Ourense non se considera parte xa que a súa participación é xestionando directamente o custo do mobiliario e urbanización, non colaborando no procedemento de licitación levado a cabo polo Concello". d)Por conseguinte, as cláusulas do convenio non prevían en ningún momento o aboamento de cantidade ningunha ao Concello de Verín. 2º.- Consta no expediente que con data 13 de novembro de 2013 e número de rexistro de saída 16285 a Deputación Provincial solicitou ó Concello de Verín a remisión de documentación suficiente para concretar as actuacións que se financian dentro do citado Convenio (mobiliario e urbanización). Consta igualmente xustificante de recepción no Concello de data 15 de novembro de 2013. Non consta que por parte do Concello se remitise a documentación solicitada, do que cabe deducir que a Deputación Provincial de Ourense non puido executar as obras de urbanización nin contratar o equipamento do centro ó non dispor da documentación definitoria das ditas obras e do dito equipamento. 3º.- Consta no expediente dúas addendas ao Convenio de colaboración, unha do 12 de decembro de 2013 e outra do 8 de maio de 2014. A primeira addenda modifica a cláusula cuarta que non afecta á Deputación Provincial. A segunda addenda modifica a cláusula primeira pero a regulación das obrigas da Deputación Provincial mantense en idénticos termos que o convenio orixinal. Finalmente,

consta no punto cuarto do informe, que lle remitirei, que con datas 16 de marzo e 14 de decembro de 2016 o Concello de Verín reclamou por escrito á Deputación Provincial o pagamento da cantidade prevista no Convenio. A dita petición reiterouse o 20 de abril de 2017, na que se presentou a documentación xustificativa da realización das obras, entendendo que esta consistía nunha subvención. Esta é a resposta que, como digo, lle pasarei oportunamente.

Continúa o **Sr. presidente**: Figura tamén a seguinte pregunta do BNG: Sr. presidente, vostede asinou, hai algo máis dun ano, un convenio coa Xunta para a execución dun proxecto de construción dunha piscina flotante en Laias, a carón dun balneario da Fundación San Rosendo. O prazo de execución da devandita piscina era de 4 meses, e a Deputación licitaba por 539.800 euros a construción da plataforma e a pasarela, dos cales a administración autonómica achegada 200.000 euros. Ata onde sabemos, a adxudicación da obra foi por 399.000 euros e tamén que con posterioridade á adxudicación resolveuse o contrato. Por todo o anterior queremos preguntar: ¿podería explicar cales son as razóns polas cales se resolveu o contrato e a piscina non está feita a día de hoxe?

A resposta á pregunta, baseándose en informe técnicos que lle subministrarei, di que os antecedentes que hai que ter en conta é que o 28 de xaneiro de 2016 hai un decreto polo que se lle encomenda a Incat Infraestructuras SA, o proxecto técnico para execución da obra, correspondéndolle a esta empresa os traballos de dirección de obra. O 22 de xullo 2016 hai un decreto de adxudicación da obra a Aislamentos Térmicos de Galicia SA (AISTER). Realizadas operacións de comprobación do planeamento previo, contratista e dirección de obra constatan que as cotas de fondo do encoro non garanten a flotabilidade da piscina. A dirección de obra presenta unha proposta de modificación do contrato consistente na supresión de 24 metros de pasarela e baleirado de 2.369,64 m3 de sedimento do río, para garantir a flotabilidade. O modificado trasládaselle ao xefe de Supervisión de Obras e Proxectos da Deputación, que con data 27 de setembro de 2016 emite informe no que manifesta que a solución proposta e o prezo contraditorio presentado, obrigan á execución da obra cunha cota de embalse por debaixo do nivel mínimo autorizado, pasando a realizar escavación e fincado de pilotes sen presenza de auga (en seco), polo que se varía de forma substancial a solución construtiva exposta no proxecto inicial. Por outra parte o baleirado do terreo baixo a localización futura da piscina flotante, crea unha zona que o río podería encher con aportes de

lodos se non se establece un dique ou barreira que limite os sedimentos (non contemplado no proxecto) polo que o río, ao encher o terreo baleirado, deixaría a piscina varada. Con data 29 de setembro de 2016, o xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio emite informe sobre a viabilidade xurídica da modificación do contrato formalizado entre a Deputación e a mercantil AISTER para a execución da obra “construción de piscina flotante de auga termal sobre o río Miño en Laias”, no que indica que nos atopamos ante unha proposta de modificación de contrato que altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato, debendo procederse á súa resolución de conformidade co disposto no artigo 105.1 do TRLCSP. O contrato resolveuse mediante decreto da Presidencia de data 17 de outubro de 2016, de mutuo acordo co contratista, baseándose nos dous informes anteriormente mencionados.

Seguinte pregunta que formula no seu escrito o deputado do BNG, é dado que a achega da Deputación estaba contida na partida 62702 Plan Ourense Provincia Termal do orzamento de 2016 ¿cal foi a execución da partida en cuestión? A resposta que subministra do servizo de Intervención da Deputación é que no orzamento de 2016, na aplicación orzamentaria 313.31/627.02 foron realizadas operacións en fase RC, A e D por importe de 539.801.96 €, pero no mesmo exercicio económico foron anuladas por inexecución. O remanente de crédito desta aplicación foi de 434.106,99 €.

A seguinte pregunta e ¿ten previsto a Deputación valorar outra localización posible para a piscina termal, proxecto estrela do Plan Termal de 2016, ou a dá por finiquitada? A resposta é que seguimos pensando que a localización é a proposta, en Laias e que contamos xa co compromiso da Xunta de Galicia, na entrevista que mantiven co seu presidente, para volver formular este proxecto. ¿Algunha outra cuestión? Sí, BNG.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas, Sr. presidente. Teño algunhas cuestión máis para formular de forma oral aquí. A primeira delas xa se fixo referencia neste Pleno e vén ao fío da actualidade que coñeciamos hai unhas poucas horas. Primeiro, para situala en contexto, vou dar lectura a un parágrafo dunha nota de prensa que emitía a Dirección Xeral da Policía, e que moi brevemente di: varias declaracións fan referencia a que o primeiro detido tiña un contacto na Deputación de Ourense, co cal contactaba para introducir no dito organismo determinados alumnos, indicando varios deles que lles ofrecera unha praza na Deputación pagando determinadas cantidades de diñeiro, ata

12.000 euros para iso. Dúas destas persoas, en compaña do primeiro detido, reuníronse co citado contacto da Deputación, conseguindo contratacións temporais nela. A pregunta é, Sr. presidente ¿podería explicar cales son as razóns polas que a Policía Xudicial se presentou no día de onte nesta Deputación e cales son os motivos polos que o xefe de Persoal foi citado a declarar?

**Sr. presidente**: pois non teño información ningunha sobre o particular, e tan pronto a consiga, posiblemente tan pronto remate este pleno, lle será facilitada.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas. Outra cuestión: coñecemos a través dos medios que a Xunta e a Deputación de Ourense van colaborar na implantación do transporte metropolitano, o turismo e na construción de infraestruturas de ensino e deportes. Podería concretar cal vai ser a colaboración e que previsións temporais manexan a respecto da posta en marcha do transporte metropolitano.

**Sr. presidente**: as tres cuestións formaron parte da entrevista que mantiven co presidente do goberno autonómico. En relación co transporte metropolitano, vai na modificación de créditos aprobada no Pleno de hoxe. A contía que achegará a Deputación será de 200.000 euros e a previsión de entrada en funcionamento será durante este ano 2017. Con relación ás outras dúas cuestións, que son dous plans de investimento coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que a Deputación achega 302.000 euros, tamén aprobados nesta modificación de créditos, será unha nova edición dese programa Educou. Os servizos técnicos da Consellería de Educación son os que subministran a información, como foi nas outras ocasións, das obras que forman parte deste convenio, que lles será oportunamente comunicado. E do mesmo caso, do mesmo xeito, o Plan de infraestruturas deportivas, que asinaremos coa Secretaría Xeral para o Deporte, no que achega esta Deputación 500.000 euros, que tamén forman parte da modificación de créditos aprobada no Pleno de hoxe e que tamén responde a proxectos e propostas que a Secretaría Xeral para o Deporte ten rexistrados por parte de concellos desta provincia.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas. Unha cuestión máis. Podería dicirnos cal é a situación na que se atopa a expropiación da estada Viduedo-Mandrás e se hai algunha alternativa que estea barallando esta Deputación á proposta existente.

**Sr. presidente**: vou solicitar os datos que vostede que está formulando e remitireille a información por escrito.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: finalmente, na relación de decretos, concretamente no 239, do día 8, fala de que se declara xustificada a subvención concedida á Delegación da Fundación Advanced Leadership para bolsas internacionais en EEUU mediante convenio ratificado en Xunta de Goberno do 30.05.2016, por importe de 103.000 euros e ordénase o pago de 73.571,43 euros. Gustaríanos preguntar a que se debe este desfase entre o pago final e o importe inicial. Se nolo pode concretar.

**Sr. presidente**: fareille chegar un informe. Penso que ten relación co número de bolsas que se ofertaron no seu momento e ao final foi unha menos.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas.

**Sr. presidente:** ¿algunha outra cuestión? Si, Democracia Ourensana.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**: si, dos preguntas. Por favor, antes de hacer la pregunta, como me dijo antes Plácido lo de que yo me eché atrás, no fue así, simplemente vi que había metido la pata en los cálculos, porque todos erramos, y simplemente errar es humano, pero entiendo que pienses mal, yo también pensaría mal de vosotros, lo entiendo perfectamente. Una pregunta, por favor. Nos han comunicado, si nos pueden confirmar, que al Complejo Hípico de Vilamarín se le paga la luz en la Diputación ¿es cierto que se le paga la luz y otros gastos?

**Sr. presidente**: fareime con esa información e lle responderei por escrito.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**: vale, muchas gracias. Y la otra pregunta, por favor, tiene que ver con respecto a lo que antes, hace una hora, había anunciado. El tema de las detenciones relacionadas con esta casa, está involucrada. Le preguntaba si esta casa estaría involucrada en esas detenciones y el enchufe de personal por estas detenciones que se hicieron recientemente, y resulta que Democracia Ourensana ha tenido acceso ahora, bueno nos han mandado una nota que a lo mejor suponemos que sale mañana. Tenemos ya el informe de la Policía, informe que saca la Policía Nacional, que ustedes no lo tienen y se lo vamos a decir aquí en primicia en .. iba a decir en Auria Televisión, es en la Diputación – es que a veces no se donde estoy, si en el Concello, en la Diputación, en Jolper o en Auria Televisión-. Bueno total, que pone aquí lo siguiente: la Policía Nacional detiene a cinco personas y dos investigados como presuntos autores de

delitos de falsedad documental contra la Hacienda Pública y la Seguridad Social, contra la Administración Pública, blanqueo de capital, estafa y cohecho. Y dice textualmente este informe de la Policía, que tras varias declaraciones, hacen referencia a que había un contacto en la Diputación de Ourense, este es un informe de la Policía Nacional de ahora de esta mañana. El primer detenido tenía un contacto en la Diputación de Ourense, con el cual contactaba para introducir en dicho organismo a determinados alumnos, indicando varios de ellos que les había ofrecido una plaza en la Diputación pagando determinadas cantidades de dinero, hasta 12.000 euros por plaza. Dos de estas personas, en compañía del primer detenido, se reunieron, bla, bla, bla. Yo quiero que por favor nos diga usted si usted tenía algún tipo de conocimiento de esto. Y decirle además, que este año coincide en el relevo en el que usted entraba en la Diputación, no? Porque usted entró aquí en el 2012, que yo sepa no? Pero claro, esto es una práctica habitual, con lo cual tendría que ver un poco con aquella denuncia que hicieron los compañeros del PSOE que acabó con la condena de su padre. Entonces la pregunta que nos hacemos es, yo aquí me extraña una cosa, para empezar: 12.000 euros por plaza me parece super barato, porque en el Concello se estaba pagando más. Entonces a lo mejor tiene que ver con que aquellos enchufes que metió su padre, que eran ciento y pico por los que fue condenado, que eran para en el Congreso apoyarle para que salieras tú elegido, a lo mejor es eso, le hacían un descuento en la plaza, le cobraban solo 12.000 euros, porque tenían también que meterse en el PP y votar a favor en el Congreso. O sea, que todo este mejunje no lo va a entender ni la Policía Nacional. ¿Qué tienes que decir a esto José Manuel Baltar? Porque esto te salpica a ti.

**Sr. presidente**: voulle dicir o mesmo que lle respondín ao deputado do BNG, o mesmo, absolutamente o mesmo, tan pronto teña información, porque non teño información sobre o tema, posiblemente a teña despois do Pleno, pois lle será remitida. ¿Algunha outra pregunta? Si.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**: bos días a todos e a todas. Empezando polo final, dende logo espero que nos aclare, eu tamén solicito que se nos aclare esta situación, porque creo que é o suficientemente grave, no día de hoxe, como para estar falando doutras cousas, e polo tanto vostede é o presidente desta institución e é o máximo responsable dela, e como máximo responsable dela tamén ten, evidentemente, algo que aclarar, supoño, non? Empezo por un rogo trasladado, dende logo, desde a miña Corporación,

da Corporación que eu presido. O rogo, ou quero que conste en acta, é agradecer dende logo o traballo do secretario desta Deputación ao respecto dun informe que nos fixo ao Concello de Ribadavia, que solicitamos, por unha cuestión dunha reclamación patrimonial que nos facía un *parking* privado. Nese sentido agradecer o seu traballo porque na primeira, digamos no primeiro xuízo que tivo o Concello contra a empresa, pois ao Concello se lle deu a razón, e polo tanto eu creo que é importantísimo aquel informe que se fixo por parte do Sr. secretario e é de xustiza recoñecelo. Despois tamén, nesa mesma liña de recoñecer o traballo dos funcionarios, pois hai que recoñecer o non traballo dos que teñen que pedirlle aos funcionarios desta casa que o fagan. Digo isto porque, home, faría un rogo, que sei que non se vai producir, que é que creo lembrar (lémbrolle á Sra. deputada que defendeu aquela cuestión) os 20.000 euros, creo lembrar que se gastaron neste informe, para ver se tiñamos que darlle cartos á Fundación que leva o balneario de Laias, neste caso, se se podía instalar alí o pantalán ou aquela piscina fluvial que iamos poñer. Home, a explicación do informe que deu o Sr. presidente a fixen eu aquí, e dígoo con humildade, e non fai falta pagar 20.000 euros. Digo que é mellor que mos dean a min, porque seguramente ían para beneficios sociais, porque eu os doaría. Xa o dixen naquela ocasión e o digo agora, é de agradecer dende logo que as cuestións che veñan dando a razón. Pero ademais de todo isto é que seguimos erre que erre, polo que dixo o presidente, polo tanto rogaría que non sigamos caendo na mesma cuestión, e non sigamos perseverando nun erro. Porque ás veces recoñecer os erros, aínda que sexa por parte desta Deputación, non estaría mal, e sobre todo cando son cartos dos contribuíntes, neste caso dos cidadáns, que bastante falta lle fan a esta provincia. Vostede mesma o dicía, bastante desastre temos nesta provincia, e trescentos e pico mil euros non virían nada mal, verdade? Iso por unha banda, e despois, falando de cartos, e de cómo se malgastan, porque a verdade que os termos de corrupción, se un vai aos dicionarios, están moi ligados a certas cousas, o malgasto dos cartos públicos tamén o é, e sobre todo a sabendas de que se está facendo mal, como é o caso anterior ou como pode ser o que relatamos a continuación. Aquí fálase dunha modificación orzamentaria que pasou así .. – Jácome si que lle dixo algunhas cuestións bastante graves desa modificación-. É algo que xa é moi reiterativo e vostedes non teñen ningunha vergoña en facelo unha vez tras outra. Pero é que hai outra cuestión que se produciu onte e que tamén é curiosa. Home, 350.000 euros que onte se repartiron tamén a dedo a concellos do Partido Popular,  que pasan así desapercibidos nesta casa ultimamente, e que eu

rogaría que se me faga chegar un informe doutra cuestión que tamén ía niso que aprobaron vostedes no día de onte, que son 200.000 euros para a segunda misión comercial. Eu pediría que se me fixeran chegar os informes de cal foi o beneficio para esta provincia da primeira misión comercial, esta que se apuntaba aquí, e agora co asesor e demais que imos ter. E que isto, de verdade, isto é un sen sentido un día tras outro. Pero como xa digo, onte fíxose iso e non pasa nada. Con respecto a, isto si que é unha pregunta, espero que conteste igual que contesta cando lle interesa falar, por exemplo do tema de Verín. Sr. presidente a vostede hai certos informes que si que non lle importa facelos extensivos e facelos chegar, porque ao mellor teñen moito que ver cos seus rivais ou inimigos políticos dentro do partido. Vostede falaba do plan de infraestruturas deportivas dos 500.000 euros que aprobamos desta Deputación para engadirlles a outros 500.000 euros que se van achegar por parte da Secretaría Xeral para o Deporte, e vostede falaba de que hai xa proxectos que están nas mans desa Secretaría Xeral do Deporte. Eu dígolle ¿cales son eses proxectos? ¿onde existe esa memoria se a ten a Deputación? ¿ou se vai facer a través de concorrencia competitiva? Porque dende logo se non é así ¿onde está ese convenio asinado? Ou se vostede nos pode facer chegar ese convenio. Porque de todas as formas que lle estou propoñendo, creo que non se lle deu moita publicidade a isto e me preocupa, porque o reparto pode ser ao mellor como se fai anteriormente. Non sei se vai contestar a iso, e se non pídolle que mo conteste coa máxima celeridade, porque hai moitos que xa reclamamos, moitos concellos, que xa reclamamos investimentos en infraestruturas deportivas desde hai tempo, e non vaia ser o demo que ao mellor vostede sexa o que reparta discrecionalmente esas axudas. Co tema dos asesores, isto é unha pregunta que non me vai responder tampouco, ben, tampouco é moi relevante, pero a verdade é que ás veces isto parécese máis a un *reality* que a outra cousa, dígoo polo dos asesores. Home, algúns foron un pouco máis brandos nesta situación, a min paréceme unha tomadura de pelo o tema dos asesores para emigración e asuntos internacionais, dende logo, cando menos, é un pouco curioso. Pero eu pregúntolle se se vai facer por concorrencia competitiva tamén ou se vostede, como bo *reality,* o vai facer a través dun *casting,* porque senón aquí o meu compañeiro Miguel, alcalde de Petín, tamén lle pode dicir o que é a emigración fóra, porque é un emigrante retornado. Nada máis e moitas grazas.

**Sr. presidente**: tomo nota dos rogos e responderánselle por escrito as preguntas.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**: con base na resposta, que aínda non a teño por escrito, parece que se deduce que a responsabilidade do incumprimento deste convenio é por parte do Concello de Verín ¿é así ou non?

**Sr. presidente**: vostede verá, cando lle remitamos o informe, exactamente o que di, no que non consideramos que a Deputación incumprira tal convenio, e incluso que non formamos parte do mesmo. ¿Algunha outra cuestión?.

**D. Francisco José Fraga Civera, portavoz do Grupo Socialista**: xa para rematar e á vista de que non lle vou formular as mesmas preguntas que lle formularon xa os que me antecederon. Á vista das noticias que imos coñecendo de aclaración, implicación, non sabemos moi ben, investigación de persoal desta Deputación, non sabemos moi ben se ten que ver con algunha cousa desta casa. Eu o que lle rogaría é que se abra unha investigación interna para, á parte do tema xudicial, dilucidar e para saber o alcance que hai. Agradeceríalle tamén que aos portavoces nos mantivera informados. Moitas grazas.

**Sr. presidente**: moi ben, pois tomo nota do rogo e se non hai ningunha pregunta ou rogo, levántase a sesión. Moitas grazas e bos días.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 17

E, ás 15.00 horas do día trinta e un de marzo do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,** **O SECRETARIO,**